A chamada de Cthulhu
e outros contos de terror cósmico

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA
Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece, recomendamos o Pocketbook reader.

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámosnos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuíto por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuíta no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCIÓN

Aínda que desde un primeiro momento en Urco editora nos propuxemos editar algo da extensísima narrativa de H.P. Lovecraft, nomeadamente *A chamada de Cthulhu* e *Nas montañas da loucura*, que son, do meu punto de vista, as súas obras máis logradas, multitude de atrancos que non veñen agora ao caso nos foron asaltando no día a día do traballo editorial. De deixarse suxestionar polo universo do *Cthulhu Mythos* un podería chegar a pensar cousas raras ou a entrever algún que outro tentáculo ao ollar de esguello para un recanto escuro da casa. Polo visto os primixenios non querían que a súa existencia fose revelada aos pobo galego. Finalmente conseguimos vencer os nosos medos atávicos ao descoñecido e, para compensar a tardanza en publicar algo do solitario de Providence, decidimos publicalo todo, así somos nós, dos de todo ou nada. E velaquí o primeiro de varios volumes que serán publicados ao longo de 2011, 2012 e 2013.

Nos primeiros cinco volumes desta colección, que se publicarán en 2011, queremos xuntar os textos máis fundamentais dos Mitos de Cthulhu, que se cadra son o conxunto de historias máis significativas do autor. Mais que é isto de Cthulhu, os primixenios, os tentáculos e demais cousas raras? E ben, o Ciclo de Cthulhu é un universo literario creado por Lovecraft ao que contribuíron tamén outros autores no que nada é o que parece. Segundo o autor, os humanos vivimos felizmente ignorantes das entidades que asexaron e aínda asexan o noso mundo con ollos cobizosos, entidades perversas alén do comprensíbel cuxa soa visión é quen de levar a persoa máis corda á loucura absoluta. Algúns son deuses procedentes doutras dimensións, outros razas alieníxenas que sementaron a vida na Terra, outros son criaturas que viven nas profundidades do océano e ansían dominar o noso mundo. Mais todos eles son reais e están aí, observándonos, agardando o momento para dar o seu golpe final, e se algún desgraciado humano sabe ou quere saber, o seu futuro máis probábel será o máis terríbel dos finais ou o confinamento de por vida nunha clínica psiquiátrica.

Neste primeiro volume quixemos presentar algúns dos primeiros contos nos que se comezan a perfilar os elementos da mitoloxía lovecraftiana, para culminar con dúas das historias longas máis significativas do ciclo: *A chamada de Cthulhu* e *Os soños na casa da bruxa*.

O fado que alcanzou Sarnath se cadra non debería estar neste volume, ou si. Normalmente considérase que fai parte do segundo gran grupo de historias de Lovecraft, chamado Ciclo do Soño. De calquera xeito, é xa unha tradición incluír este conto breve como comezo de múltiples antoloxías sobre os Mitos de Cthulhu, posto que na época en que foi escrito (decembro de 1919) ningún dos dous grandes bloques temáticos da narrativa lovecraftiana estaba definido, pois aínda que o espazo en que se desenvolve é máis do Ciclo do Soño, cunha permanente evocación dunsanyniana, moitos dos elementos da historia serán máis propios do Ciclo de Cthulhu (as criaturas extraterrestres, o ídolo de pedra estraña...).

A cidade sen nome, escrita en xaneiro de 1921, adopta xa o formato clásico dos contos deste ciclo, formato que en anos posteriores se repetirá numerosas veces (temos que pensar que estamos a falar de contos que se publicaban en *pulp magazines*). Elementos como a cidade perdida, o aventureiro que enlouquece e a pervivencia de horrores sen nome serán habituais a partir deste momento, até chegar ao seu punto álxido coa novela *Nas montañas da loucura*, que de certo punto de vista non deixa de ser unha reescritura de *A cidade sen nome*. Un dos aspectos máis interesantes que presenta este conto é que é o primeiro na obra do autor en que se cita o aborrecido *Necronomicon*, do árabe louco Abdul Alhazred, que será recorrente no futuro, un libro só existente na imaxinación do solitario de Providence, mais considerado real por moitos. De feito, este mito sobre o libro prohibido foi alimentado ao longo dos anos por múltiples autores e dise que mesmo Borges chegou a crear unha ficha del na biblioteca de Bos Aires.

O Sabuxo é case un conto macabro clásico, con cemiterios á media noite, saqueadores de tumbas e bandadas de morcegos, só que ao estilo de Lovecraft, evidentemente. Chama a atención a descrición do modo de vida dos protagonistas, decadentes aristócratas cun gusto polo prohibido que acada altos niveis de noxo. Tamén é de destacar a mención agora xa recorrente ao *Necronomicon* e á Meseta de Leng, ese lugar só accesíbel nos soños máis salvaxes do ser humano.

O Festival introdúcenos na Providence profunda (e o de 'profunda' acada un sentido especial ao falarmos de Lovecraft), e dalgún xeito bosquexa a novela *A sombra sobre Innsmouth*. Aquí pódese ver con claridade a hidrofobia que caracteriza moitas das historias do autor, e que se cadra está na orixe de que unha gran parte das criaturas malvadas e antigas do seu mundo literario procedan ou se escondan no mar.

A chamada de Cthulhu é unha historia que non precisa de moita presentación. Sen dúbida é o relato máis

universalmente coñecido de Lovecraft e, segundo a crítica, unha das súas obras mestras. Hai que mencionar, no entanto, que foi rexeitado por Farnsworth Wright, editor de *Weird Tales*, nun primeiro momento, aínda que logo da súa publicación choveron as críticas positivas encumbrando a obra. Se cadra esta é a obra na que o estilo documental do autor, presente en moitas outras, é máis patente. De feito, un case podería dicir que o magnífico encaixe das tres pezas documentais que a conforman está obtido de casualidade. Sexa o que for, o caso é que o precario equilibro das partes que constitúen o relato acada un nivel de perfección nunca visto até o momento na narrativa lovecraftiana. Debo advertir ao lector leigo na literatura *pulp* ianqui dos anos 20 e 30 do século XX que o racismo impregna case todas as obras do momento, e en *A chamada de Cthulhu* acada niveis bastante altos cando describe os adoradores do deus extraterreal. Non se trata de desculpar a Lovecraft, só de avisar de antemán, non sexa que pola presenza dese pouso rancio estadounidense se deixe de valorar a historia como o que é, unha das obras mestras do terror de todos os tempos.

Este primeiro volume remata con *Os soños na casa da bruxa*, que é quizais o conto máis interesante de todo o libro en varios aspectos. Neste relato longo lánzanse unha serie de cabos desde a mitoloxía cthulhiana á nosa realidade que axudan a explicar determinados feitos do pasado, e hai que recoñecer que a técnica coa que se realiza ese enlace é impecábel. Trátase dunha explicación da bruxaría, tan arraigada no pasado de Nova Inglaterra, como unha parte dos cultos aos deuses extramundanos, culto no que aparecen Azathoth, o deus sen mente que habita no centro do caos definitivo, e mais Nyarlathotep, o dos mil rostros, o home negro, o mensaxeiro. Na historia conviven elementos clásicos da bruxaría como os familiares (esas criaturas que sempre acompañan as bruxas e lles fan os recados), ou o sacrificio de nenos, habilmente mesturadas con elementos procedentes dos Mitos de Cthulhu, como as viaxes a outros planos da realidade habitados por entidades estarrecedoras, obxectos de pesadelo ou esforzados estudantes abocados á completa destrución a causa da súa sede de coñecementos.

En resumo, neste libro condénsanse case todos os elementos recorrentes da narrativa lovecraftiana. Unha ollada ao descoñecido, ao vacío que non está vacío, aos abismos transestelares inzados de entidades que levan eóns asexando o noso mundo con incontábeis ollos cobizosos, preparados para apertar a humanidade cos seus tentáculos ávidos de almas. Non estamos sós no universo, e mesmo no noso planeta, no máis profundo dos desertos de Arabia, nos peiraos podrecidos de Nova Inglaterra ou no fondo dos insondábeis océanos, aínda existen segredos que deberían seguir ocultos e sepultados para sempre. Porque non esquezas, caro lector, que na súa casa de R'lyeh o desaparecido Cthulhu espera soñando.

Tomás González Ahola

O FADO QUE ALCANZOU SARNATH

[*The Doom that Came to Sarnath* foi escrita o 3 de decembro de 1919 e publicada en xuño de 1920 na revista *The Scot*, número 44, pp. 90-98.]

Na terra de Mnar hai un lago quedo no que non desemboca nin nace regato ningún. Na súa ribeira erguíase hai dez mil anos a grandiosa cidade de Sarnath, mais Sarnath xa non está.

Cóntase que en tempos inmemoriais, cando o mundo era novo, antes de que os homes de Sarnath viñesen á terra de Mnar, erguíase outra cidade a carón do lago, Ib, a cidade de pedra gris, que era vella como o propio lago e estaba habitada por criaturas que non eran agradábeis de ver. Estes seres eran moi estraños e feos, como o son a maioría das criaturas dun mundo aínda comezado a facer e rudamente modelado. Está escrito nos cilindros de arxila de Kadatheron que as criaturas de Ib eran dunha cor tan verde como o lago e as néboas que se erguían sobre este. Din que tiñan ollos saltóns, beizos caídos e orellas estrañas, e que non tiñan voz. Tamén está escrito que tanto eles como o lago e a cidade de pedra gris de Ib descenderan da lúa unha noite rodeados dunha néboa. Sexa como for, o certo é que adoraban un ídolo de pedra verde-mar á que lle deran a forma de Bokrug, o gran lagarto mariño. Cando a lúa estaba crecente danzaban ante el dun xeito espantoso. E está escrito no papiro de Ilarnek que un día descubriron o lume e que a partir dese momento acendían chamas en moitas ocasións cerimoniais. Mais sobre estas criaturas pouco máis hai escrito, xa que viviron en tempos moi remotos e o home era novo e sabía ben pouco sobre os seres vivos máis antigos.

Despois de moitos eóns o ser humano chegou á terra de Mnar. Eran pastores de pel escura cos seus rabaños laudos, que construíron Thraa, Ilarnek e Kadatheron a carón do serpeante río Ai. E algunhas das tribos máis rexas chegaron até a ribeira do lago e construíron Sarnath nun lugar onde a terra era rica en metais preciosos.

As tribos nómades asentaron as primeiras pedras de Sarnath non lonxe da cidade gris de Ib e sentíronse marabilladas ante aquelas criaturas. Mais este sentimento de marabilla estaba mesturado co odio, xa que pensaban que non estaba ben que unhas criaturas de tal aspecto pisasen o mundo dos humanos na escuridade. Tampouco gustaban das estrañas esculturas que coroaban os monólitos grises de Ib. Por que estas esculturas sobreviviran durante tanto tempo até a chegada dos humanos, ninguén o pode dicir, a menos que fose porque a terra de Mnar é moi queda e está moi afastada da maioría das outras terras, tanto das da vixilia como das do soño.

A medida que os homes de Sarnath contemplaban máis e máis as criaturas de Ib, o seu odio ía medrando e un dos motivos non menos importantes era porque vían que estas criaturas eran febles e brandas como a xelatina cando lles atinaban con pedras e frechas. Logo, un día, os guerreiros novos, os tirafondeiros, os lanceiros e os arqueiros, marcharon contra Ib e asasinaron todos os seus habitantes, e despois guindaron os seus estraños corpos ao lago con longas pértegas, xa que non os querían tocar. Como tampouco gustaban dos monólitos grises de Ib, tamén os botaron ao lago, abraiados a un tempo polo traballo que debera supor traer aquelas pedras de moi lonxe, xa que non había pedras así na terra de Mnar nin nas outras terras próximas.

Logo, da moi antiga cidade de Ib non se salvou nada, agás o ídolo de pedra verde-mar que tiña a forma de Bokrug, o lagarto mariño. Os guerreiros novos levárano con eles ao seu regreso como símbolo da conquista sobre os vellos deuses e criaturas de Ib e como símbolo do seu poder sobre Mnar. Mais a noite despois de o colocaren no templo debeu de pasar algo terríbel, xa que unhas luces estrañas apareceron sobre o lago e pola mañá a xente descubriu que o ídolo desaparecera e que o sumo sacerdote Taran-Ish xacía morto, como se o matase un medo sen nome. E antes de morrer, Taran-Ish bosquexara sobre o altar de crisólito con trazos bastos e nerviosos o símbolo

do Fado.

Após Taran-Ish houbo moitos altos sumos-sacerdotes en Sarnath, mais nunca se achou o ídolo de pedra verde-mar. Moitos séculos viñeron e marcharon nos que Sarnath prosperou amplamente, até que chegou un punto en que só os sacerdotes e as vellas lembraban o que Taran-Ish debuxara sobre o altar de crisólito. Entre Sarnath e a cidade de Ilarnek creouse unha ruta comercial e os metais preciosos da terra cambiábanse por outros metais e por teas exóticas, xoias, libros e ferramentas para os artesáns, e toda clase de obxectos luxosos que coñece a xente que habita as ribeiras serpeantes do río Ai. Logo Sarnath medrou poderosa, sabia e bela, e enviou exércitos de conquista para subxugar as cidades veciñas, e co tempo sentaron sobre o trono de Sarnath os reis de toda a terra de Mnar e de moitas terras adxacentes.

A marabilla do mundo e o orgullo de toda a humanidade era Sarnath a magnífica. As súas murallas eran de mármore puído traído das canteiras do deserto, de trescentos cóbados de alto e setenta e cinco de grosor, de xeito que os carros podían atravesala á par mentres que os homes camiñaban por riba. Tiñan unha lonxitude de cincocentos estadios e só se abrían no lado que daba ao lago onde un dique de pedra verde contiña as ondas que se erguían de xeito estraño todos os anos durante a conmemoración da destrución de Ib. En Sarnath había cincuenta rúas que ían desde o lago até as portas das caravanas e cincuenta máis que se cruzaban con estas. Estaban pavimentadas con ónix, agás aquelas polas que transitaban os cabalos, os camelos e os elefantes, que estaban pavimentadas con granito. E había tantas portas en Sarnath como rúas que daban terra dentro, todas de bronce, flanqueadas por estatuas de leóns e elefantes talladas dalgunha pedra agora descoñecida para a humanidade. As casas de Sarnath estaban feitas de tixolo vidrado e calcedonia, e todas tiñan o seu xardín e unha pequena lagoa cristalina. Estaban construídas cunha estraña arte, xa que ningunha outra cidade tiña casas como aquelas, e os viaxeiros de Thraa, de Ilarnek e de Kadatheron marabillábanse das brillantes cúpulas coas que estaban coroadas.

Pero máis marabillosos aínda eran os palacios e os templos, e os xardíns que mandara construír o antigo rei Zokkar. Había moitos palacios, o máis pequeno de todos máis magnífico que calquera dos de Thraa, Ilarnek ou Kadatheron. Tan altos eran que cando un estaba dentro podíase sentir como debaixo do mesmo ceo, e cando se iluminaban con fachos enchoupados en aceite de Dother, as súas paredes amosaban enormes frescos de reis e exércitos, dun esplendor que a un tempo enchía a quen os vía de inspiración e abraio. Moitos eran os piares dos palacios, todos de mármore tinxido, tallados con motivos de excepcional beleza. E na maioría dos palacios os chans eran mosaicos de berilio, lapislázuli, ónix veado, carbúnculo e outros materiais, dispostos de tal xeito que quen os contemplaba podía sentirse como camiñando sobre un leito das máis exóticas flores. E había unha especie de fontes das que xurdía auga perfumada en agradábeis chorros dispostos con enxeñosa arte. Eclipsando a todos os outros estaba o palacio dos reis de Mnar e das terras adxacentes. O trono descansaba sobre un par de leóns de ouro deitados e estaba tallado dunha soa peza de marfil, e non vive ninguén que saiba de onde puido vir unha peza tan grande. Naquel palacio había tamén moitos corredores e moitos anfiteatros onde leóns, homes e elefantes loitaban para a diversión dos reis. Ás veces enchían os anfiteatros de auga que traían do lago a través de inmensos acuedutos, e daquela escenificaban impresionantes batallas navais ou combates entre nadadores e mortíferas criaturas mariñas.

Maxestosas e abraiantes eran as dezasete torres-templo de Sarnath, construídas cunha pedra brillante e multicolor descoñecida no resto do mundo. A máis grande delas erguíase até un milleiro de cóbados, e nela os sumos-sacerdotes vivían cun luxo apenas menor que o dos reis. Abaixo tiñan salas tan grandes e espléndidas como as dos palacios, onde se congregaban multitudes para adorar a Zo-Kalar, a Tamash e a Lobon, as principais deidades de Sarnath, cuxos santuarios inundados polo incenso eran como os tronos dos monarcas. E as iconas dos outros deuses non eran como as de Zo-Kalar, Tamash e Lobon, xa que estas semellaban tan vivas que un podería xurar que eran os mesmos deuses barbados e cheos de graza os que estaban sentados nos seus tronos de marfil. E subindo unhas interminábeis escaleiras de circonio estaba a cámara da torre, desde a que os sumos-sacerdotes ollaban a cidade, as chairas e o lago durante o día, e durante a noite a críptica lúa e as estrelas e os planetas cheos de significados, e o seu reflexo no lago. Aquí estaba gardado o auténtico segredo e o antigo rito de odio a Bokrug, o lagarto mariño, e aquí estaba gardado o altar de crisólito en que Taran-Ish debuxara o símbolo do Fado.

Igualmente marabillosos eran os xardíns que mandara facer Zokkar, o antigo rei. Estaban no medio de Sarnath e cubrían un grande espazo, rodeados por unha alta muralla. Estaban coroados por unha inmensa cúpula de cristal, a través da que brillaba o sol e a lúa e os planetas cando o ceo estaba claro, e da que estaban penduradas refulxentes imaxes do sol, da lúa, das estrelas e dos planetas cando estaba anubrado. No verán os xardíns refrescábanse cunhas airexas perfumadas que habilmente movían uns ventiladores, e no inverno quentábanse con lumes, de xeito que nestes xardíns sempre era primavera. Aló había pequenos regatos que corrían sobre brillantes coios, regatos que dividían os campos verdes e os xardíns de moitas cores e que estaban atravesados por multitude

de pontes. Moitas eran as fervenzas que había nos seus cursos, e moitas eran as coloridas lagoas que formaban. Sobre os regatos e as lagoas nadaban cisnes brancos, mentres que a música duns exóticos paxaros se mesturaba coa melodía das augas. As verdes ribeiras erguíanse en terrazas ordenadas, adornadas aquí e aló con viñas e fermosas flores, e asentos e bancos de mármore e pórfiro. E había moitos pequenos santuarios e templos onde un podía descansar ou pregarlle aos deuses menores.

Todos os anos se celebraba en Sarnath o banquete que conmemoraba a destrución de Ib, no que abondaba o viño, as cancións, os bailes e toda clase de diversións. Rendíanselle grandes honras a aqueles que unha vez aniquilaran as antigas e estrañas criaturas, e ridiculizaban a memoria daqueles seres e dos seus antigos deuses con bailaríns e xograres coroados con rosas dos xardíns de Zokkar. E os reis ollaban o lago e maldicían os osos dos mortos que xacían baixo as súas augas.

Ao principio os sumos-sacerdotes non gustaban destas celebracións, xa que entre eles aínda se lembraban os estraños relatos de como a icona verde-mar desaparecera e como Taran-Ish morrera de medo e deixara unha advertencia. Dicían que desde a súa alta torre ás veces vían luces baixo as augas do lago. Mais pasaran moitos anos sen que viñera calamidade ningunha e agora mesmo os sacerdotes rían e maldicían e se unían ás orxías dos que festexaban. Ou logo non realizaran a miúdo eles mesmos o moi antigo e secreto ritual de odio a Bokrug, o lagarto mariño? E mil anos de riquezas e gozo pasaran sobre Sarnath, a marabilla do mundo.

O banquete en que se conmemoraba un milenio desde destrución de Ib foi magnífico alén de calquera outra cousa. Estiveran a falar del durante unha década na terra de Mnar, e cando se foi aproximando viñeron a Sarnath montados en cabalos, camelos e elefantes homes de Thraa, Ilarnek e Kadetheron, e de todas as cidades de Mnar e doutras terras máis afastadas. Ante os muros de mármore na noite sinalada, levantaron os pavillóns dos príncipes e as tendas dos viaxeiros. No salón do banquete estaba sentado Nargis-Hek, o rei, bébedo do viño das bodegas da conquistada Pnoth, e rodeado polos nobres que se divertían e os escravos que traballaban apresurados. Coméronse moitas estrañas delicias no banquete; pavos reais dos distantes outeiros de Linplan, patas de camelo do deserto de Bnazic, noces e especias dos bosques de Sydathrian, e perlas de Mtal, a terra batida polas ondas, disoltas en vinagre de Thraa. Había un número incontábel de salsas, preparadas polos máis sobresaíntes cociñeiros de toda Mnar e adecuadas ao padal de cada quen. Pero a máis prezada de todas as viandas eran os peixes do lago, todos dun tamaño enorme, servidos sobre fontes de ouro adornadas con rubís e diamantes.

Mentres o rei e os seus nobres festexaban no palacio e ollaban os mellores pratos que os agardaban en fontes de ouro, outros festexaban noutros lugares. Na torre do gran templo, os sacerdotes gozaban, e nos pavillóns sen paredes, os príncipes das terras veciñas deleitábanse. E foi o sumo sacerdote Gnai-Kah o que viu por primeira vez as sombras que descendían da lúa crecente sobre o lago e as fatídicas néboas verdes que se erguían das augas para se atoparen coa lúa e envolver cunha bruma sinistra as torres e as cúpulas de Sarnath a condenada. Daquela, os que estaban nas torres e os que non se achaban recluídos entre paredes foron quen de ollar as estrañas luces da auga, e viron que a rocha gris de Akurion, que adoitaba erguerse alta preto da praia, estaba agora case somerxida. E o medo comezou a medrar axiña, de xeito que os príncipes de Ilarnek e da afastada Rokol tomaron nota, recolleron as súas tendas e pavillóns e partiron, malia que apenas comprendían o motivo da súa fuxida.

Despois, preto da media noite, todas as portas de Sarnath abríronse de pau a pau e vomitaron unha histérica multitude que escureceu a chaira, de xeito que todos os príncipes e viaxeiros que estaban de visita fuxiron co medo. Nos rostros da multitude estaba escrita unha loucura nacida dun horror insoportábel, e nas súas linguas había palabras tan terríbeis que ninguén que as ouvía se paraba para verificar. Uns homes cos ollos desorbitados polo medo comezaron a berrar ante o que ollaran no salón do banquete real, xa que polas xanelas non se vían xa a Nargis-Hei e os seus nobres e escravos, senón unha horda de criaturas verdes e indescritíbeis sen voz e cos ollos saltóns, de beizos carnosos e brandos e estrañas orellas; unhas criaturas que danzaban dun xeito terríbel e que suxeitaban bandexas de ouro decoradas con rubís e diamantes que contiñan chamas impías. E os príncipes e os viaxeiros, mentres fuxían da cidade condenada de Sarnath montados en cabalos, camelos e elefantes, volveron a cabeza para ollar máis unha vez o lago cuberto de néboas e viron que a rocha gris de Akurion estaba xa somerxida. Por toda Mnar e as terras veciñas estendéronse os relatos daqueles que fuxiran de Sarnath e as caravanas descubriron que aquela cidade maldita e os seus preciosos metais xa non existían. Pasou moito tempo até que algúns viaxeiros se dirixiron aló, e só o fixeron algúns mozos valentes e aventureiros de cabelo louro e ollos azuis que non son da caste dos homes de Mnar. De feito, estes homes dirixíronse ao lago para ollar Sarnath, mais malia que acharon o vasto lago de augas quedas e a rocha gris de Akurion que se ergue alta sobre a súa superficie preto da praia, non foron quen de contemplar a marabilla do mundo e o orgullo de toda a humanidade. Onde nun tempo se ergueran as murallas de trescentos cóbados e as torres máis altas aínda, agora só se estendía unha costa lamacenta, e onde nun tempo habitaran cincuenta millóns de persoas, agora arrastrábanse uns detestábeis lagartos

acuáticos. Nin sequera ficaban as minas de metais preciosos. O Fado caera sobre Sarnath.

Mais medio oculto entre as xunqueiras puideron ver un estraño ídolo verde, un ídolo extremadamente antigo moldeado coa forma de Bokrug, o grande lagarto acuático. Ese ídolo, que foi colocado no gran templo de Ilarnek foi a partir de entón venerado baixo a luz da lúa crecente en toda a terra de Mnar.



A CIDADE SEN NOME

[*The Nameless City* foi escrita en xaeiro de 1921 e publicada en novembro do mesmo ano, na revista *The Wolverine*, numero 11, pp. 3 a 15.]

Cando me acheguei á cidade sen nome souben que estaba maldita. Estaba viaxando a través dun val reseco e terríbel baixo a lúa, e puiden vela erguerse impiamente na distancia sobre a area, igual que as partes dun cadáver sobresaen dunha tumba mal cavada. O medo destilaba das pedras gastadas polo tempo daquel vetusto supervivente do diluvio, este bisavó da máis antiga das pirámides, e unha aura invisíbel repelíame e obrigábame a manterme lonxe dos antigos e sinistros segredos que ningún home debería ver e que ningún outro ser humano se atrevera a ollar.

A cidade sen nome áchase nun lugar remoto do deserto de Arabia. Ruinosas e quedas, as súas murallas baixas fican case ocultas pola area de incontábeis eras. Xa debeu ser así cando se colocaron as primeiras pedras de Memphis e cando os tixolos de Babilonia aínda non se coceran. Non hai lenda o suficientemente antiga que lle dea nome ou que lembre que nalgún tempo estivo habitada, mais nos campamentos de nómades fálase dela polo baixo e as vellas murmuran nas tendas dos xeques, de xeito que todas as tribos a evitan sen saber completamente porqué. Foi este o lugar co que soñou Abdul Alhazred, o poeta tolo, a noite anterior a cantar o seu inexplicábel dístico:

> Que non hai morto que poida eternamente xacer,
> e cos estraños eóns mesmo a morte pode morrer

Debín de dar por suposto que os árabes tiñan unha boa razón para evitar a cidade sen nome, a cidade da que se fala en estraños relatos, mais que nunca foi vista por ningún home vivo. Non obstante, desafieinos e dirixinme co meu camelo para aquel deserto nunca pisado. Só eu a vin, e por iso non hai outro rostro no mundo que amose as terríbeis liñas de terror que o meu ten, e por iso non hai outro home que trema dun xeito tan terríbel cando o vento da noite fai bater as xanelas. Cando a alcancei na espantosa quietude do soño interminábel ela olloume, fría, baixo os raios dunha lúa xélida no medio da calor do deserto. E cando lle devolvín a ollada esquecín o meu triunfo por achala e detiven o meu paso e o do meu camelo para agardar o amencer.

Esperei durante horas até que o ceo oriental se foi volvendo gris, as estrelas desapareceron e ese gris tornouse nunha luz rosada de bordes dourados. Ouvín un bruar e vin un remuíño de area que se levantaba entre as antigas pedras, malia que o ceo estaba claro e a vasta extensión do deserto estaba en calma. Despois, de súpeto, sobre o afastado horizonte do deserto ergueuse o brillante borde do sol, que se vía a través do pequeno remuíño que agora estaba a se afastar, e no meu estado febril crin ouvir un resoar musical e metálico que proviña dalgunha remota profundidade e que saudaba o disco de lume, igual que Memnon o saúda desde as ribeiras do Nilo. Os meus ouvidos zoaban e a miña imaxinación bulía mentres dirixía o meu camelo lentamente a través da area para aquel lugar mudo, aquel lugar que só eu ollara de entre todos os homes vivos.

Camiñei de aquí para aló entre os cimentos informes das casas, mais non achei inscrición ningunha que me dixese ren sobre aqueles homes -se é que o eran- que construíran esta cidade e a habitaran tanto tampo atrás. A antigüidade do lugar era completamente demencial, e eu desexei achar algún sinal ou obxecto que probase que a cidade fora construída en realidade polo ser humano. As ruínas tiñan certas proporcións e dimensións das que non gustaba. Eu levaba comigo varias ferramentas, así que cavei bastante entre os muros dos esquecidos edificios; mais o meu progreso era lento e non descubrín nada significativo. Cando volveron a noite e a lúa sentín un vento

frío que me trouxo un novo medo, de xeito que decidín non ficar na cidade. E cando estaba a saír das murallas para durmir formouse un pequeno e sonoro remuíño de area ás miñas costas, que sopraba sobre as pedras grises malia que a lúa brillaba e case todo o deserto estaba en calma.

Espertei xusto ao amencer após uns soños terríbeis, e nos meus ouvidos resoaba unha especie de repicar metálico. Vin o sol vermello atravesar os últimos refachos dunha pequena nube de area que se movía sobre a cidade sen nome, e vin que o resto da paisaxe estaba en calma. Unha vez máis, interneime entre aquelas ruínas melancólicas que sobresaían de debaixo da area igual que un ogro baixo un cobertor, e unha vez máis cavei en van na procura de algunha reliquia da raza esquecida. Ao medio día tomei un descanso e despois dediquei unha boa parte da tarde a debuxar o trazado dos muros e das rúas desaparecidas, os contornos dos edificios case esvaídos. Comprobei que a cidade fora verdadeiramente grande, e pregunteime pola fonte da súa opulencia. Imaxinei todo o esplendor dunha era tan distante que nin Caldea a podería lembrar, e pensei en Sarnath a Maldita, que se ergueu na terra de Mnar cando a humanidade era nova, e en Ib, que fora tallada en pedra gris antes de que a humanidade existise.

De súpeto cheguei a un lugar onde o leito de rocha se erguía de entre a area para formar un cantil de pouca altura, e aló vin con ledicia o que semellaba prometer máis trazas daquela xente antediluviana. Cavadas bastamente na cara do cantil achábanse as inequívocas fachadas dunhas casas ou templos, cuxo interior quizais preservaría moitos segredos de épocas demasiado remotas para seren calculadas, malia que as treboadas de area xa borraran había tempo calquera baixorrelevo que puidese haber no exterior.

Todas as escuras aperturas que había preto de min eran moi baixas e estaban tapadas pola area, mais abrinme paso coa pa e conseguín arrastrarme por unha delas, portando un facho que me axudaría a revelar os misterios que contivese. Cando xa estiven no interior, comprobei que en realidade a caverna era un templo, e ollei claros trazos da raza que vivira e pregara aló antes de que o deserto fose un deserto. Estaba chea de altares primitivos, piares e nichos, todos estrañamente baixos e, malia que non vin nin escultura nin fresco ningún, había varias pedras singulares claramente talladas en forma de símbolos por medios artificiais. A baixa altura da caverna escavada era moi sorprendente, xa que apenas podía estar de xeonllos, mais o seu tamaño era tan grande que o meu facho non a conseguía iluminar por completo. Estremecinme nalgún dos recantos mais afastados, xa que certos altares e pedras suxerían esquecidos rituais de natureza terríbel, noxenta e inexplicábel e pregunteime que clase de persoas puideran construír e frecuentar un templo coma aquel. Cando xa vira todo o que contiña aquel lugar, arrastreime outra vez ao exterior, ávido por descubrir o que contiñan os outros templos.

A noite xa se aproximara, mais as cousas que eu vira fixeron que a miña curiosidade fose máis forte que o meu medo, así que non fuxín das longas sombras do luar que me intimidaran a primeira vez que ollara a cidade sen nome. Á luz vacilante do serán despexei outra apertura e arrastreime ao interior cun facho novo para descubrir outras estrañas pedras e símbolos, mais nada do que contiña axudaba a esclarecer o que xa atopara no outro templo. A estancia era igual de baixa, aínda que menos ancha e rematada nun corredor moi estreito cheo de escuros e crípticos nichos. Estábaos a inspeccionar xusto cando o bruar do vento e do meu camelo que proviñan do exterior racharon a quietude e me empurraron fóra para comprobar o que asustara a besta.

A lúa brillaba con forza sobre as primitivas ruínas, iluminando unha densa nube de area arrastrada por un vento moi intenso aínda que xa estaba a amainar, e que viña dalgún lugar sobre o cantil erguido por riba de min. Deducín que fora este vento frío e cargado de area o que asustara o camelo, e estaba a piques de o levar para un lugar máis resgardado cando de casualidade ollei para arriba e vin que sobre o cantil non sopraba o vento. Iso deixoume abraiado e devolveume os meus anteriores medos, mais inmediatamente lembrei os refachos súbitos e locais de vento que vira e ouvira antes do amencer e do solpor, así que supuxen que se trataba dun fenómeno natural. Concluín que viña dalgunha fenda na rocha que daba a unha cova, e inspeccionei a area revolta para intentar descubrir a súa fonte, co que pronto descubrín que proviña do negro orificio dun templo que se atopaba no sur a bastante distancia de onde eu estaba, co que case estaba fóra do alcance da miña vista. Camiñei con dificultade para ese templo a través da asfixiante nube de area e, a medida que me fun aproximando, vin que era máis grande que o resto e que tiña a entrada moito menos atoada con area endurecida. Tería entrado de non ser pola terrorífica forza do vento xeado que case apaga o meu facho. Saía descontrolado da porta escura, bruando extraordinariamente ao alborotar a area e espallala entre as misteriosas ruínas. Pronto amainou en forza e a area foi ficando queda aos poucos, até que finalmente volveu estar en calma, mais semellaba que había unha presencia asexando entre as pedras espectrais da cidade, e cando ollei a lúa, vin que parecía tremer como se fose a súa imaxe reflectida sobre unhas augas axitadas. Estaba máis aterrorizado do que podo contar, mais non o suficiente como para extinguir a miña sede de prodixios, así que en canto o vento amainou penetrei na cámara escura de onde saíra o ar.

Este templo era máis grande que calquera dos outros nos que estivera antes, tal e como me imaxinara desde fóra, e tiña todo o aspecto de ser unha caverna natural, posto que atraía os ventos dalgunha rexión das profundidades. Aquí podía andar erguido, mais observei que as pedras eran tan baixas como as dos outros templos. Por primeira vez vin trazas da arte pictórica da antiga raza sobre as paredes e sobre o teito, curiosas e curvadas liñas de pintura que xa case se esvaeran ou escuncharan por completo; e en dous dos altaresesculquei con excitación crecente un labirinto de baixorrelevos curvilíneos e ben deseñados. Ao soster o facho no alto deume a sensación de que a forma do teito era demasiado regular para ser natural, e pregunteime que clase de canteiros prehistóricos terían traballado nel. A súa habilidade de enxeñaría debera de ser enorme.

Despois, un fulgor máis brillante da fantástica chama iluminou aquilo que eu estivera a procurar: a abertura aos abismos máis remotos desde os que sopraran os súbitos refachos de vento; e fiquei asustado ao ver que se trataba dunha pequena porta, claramente artificial, que estaba cicelada na rocha sólida. Metín o facho no interior e ollei un túnel negro cun teito abovedado baixo que cubría un basto tiro de escalas de chanzos pequenos, numerosos e que baixaban abruptamente. Lembrarei sempre aqueles chanzos nos meu soños, xa que cheguei a saber o que significaban. Nese intre apenas sabía se chamarlles chanzos ou simples puntos de apoio naquel descenso abrupto. A miña mente bulía de pensamentos desordenados, e as palabras de advertencia dos profetas árabes semellaban vir flotando sobre o deserto, desde a terra que os homes coñecen até a cidade sen nome que os homes non desexan coñecer. No entanto, dubidei só un intre antes de atravesar o limiar e comezar a descender con cautela por aquel corredor estreito, os pés por diante, igual que nunha escada de man.

Só durante as terríbeis alucinacións producidas polas drogas ou durante o delirio pode outro ser humano experimentar un descenso coma o meu. O corredor estreito conducía infinitamente face abaixo, a algunha clase de pozo terríbel e enmeigado, e o facho que levaba sobre a miña cabeza non era quen de iluminar as descoñecidas profundidades nas que me estaba a arrastrar. Perdín a conta das horas e esquecín consultar o reloxo, malia que estaba asustado ao pensar na distancia que estaba a percorrer. Había cambios de dirección e de inclinación, e unha vez cheguei até un corredor longo, baixo e liso, polo que me tiven que arrastrar cos pés por diante sobre o chan rochoso, levando o facho nunha man sobre a cabeza, xa que o lugar non era alto dabondo para pórse de xeonllos. Após isto, volveron máis e máis chanzos, e aínda me achaba arrastrándome interminabelmente para abaixo cando o meu moribundo facho se apagou por completo. Acho que non me din de conta no momento, xa que cando fun consciente do que ocorrera aínda o estaba a soster sobre min como se seguise a arder. Estaba completamente cheo desa ansia polo estraño e o descoñecido que me fixera buscar sobre a terra e perseguir lugares afastados, antigos e prohibidos.

Na escuridade viñeron á miña mente imaxes do meu prezado coñecemento demonolóxico; máximas de Alhazred, o árabe tolo, os parágrafos dos pesadelos apócrifos de Damasco e as infames liñas do delirante *Image du Monde* de Gauthier de Metz. Repetín estrañas pasaxes e murmurei cousas sobre Afrasiab e os diaños que flotaban con el no Oxo, e despois vinme recitando unha e outra vez unha frase dun dos relatos de Lord Dunsany: «A queda negrura do abismo». Despois, cando o descenso se volveuabrupto até o límite do abraio, recitei entre dentes algo de Thomas Moore até que o medo fixo que parase:

> Un niño de escuridade, negro
> como son os caldeiros das bruxas, cando están cheos
> de filtros da lúa destilados baixo a eclipse
> inclinándose para ver se o pé poderá pasar
> máis abaixo, por esa sima, vin, debaixo
> até onde a miña vista mo permitía,
> os lados negros-acibeche, tan lisos coma o vidro,
> que semellaban coma acabados de untar
> con esa brea escura que o Mar da Morte
> arroxa das súas costas lamosas.

O tempo xa deixara de existir cando os meus pés sentiron outra vez o chan nivelado, e acheime nun lugar un pouco máis alto cás estancias dos outros dous templos máis pequenos, que agora estaban tan incalculabelmente lonxe sobre min. Non me podía manter en pé, mais podía andar erguido de xeonllos, e na escuridade revolvinme e arrastreime de acó para aló sen rumbo fixo. Pronto descubrín que me atopaba nun corredor estreito ante cuxas paredes había aliñadas unhas caixas de madeira co frontal de cristal. Naquel lugar Paleozoico e abismal, souben que aquelas cousas estaban feitas de madeira e vidro pulido, e estremecinme ante as posíbeis implicacións daquilo. Aparentemente as caixas estaban colocadas en ringleiras ao longo de cada lado do corredor, separadas por

intervalos regulares, e eran oblongas e planas, terribelmente semellantes a cadaleitos en forma e tamaño. Cando intentei mover dúas ou tres para examinalas máis polo miúdo, descubrín que se achaban firmemente suxeitas.

Vin que o corredor era ben longo, así que me abrín paso para adiante arrastrándome nunha rápida carreira que lle debeu semellar terríbel a calquera que me ollase na escuridade, e fun facendo zigzag de cando en vez para apalpar o contorno e asegurarme de que as paredes e as ringleiras de caixas seguían no seu sitio. O ser humano está tan afeito a pensar de xeito visual que case esquecín completamente a escuridade e me formei a imaxe do interminábel corredor de madeira e vidro na súa regular monotonía igual que se o estivese a ver. E entón, nun momento de indescritíbel emoción, fun quen de velo.

Non podo dicir se se trataba da miña imaxinación que se transformara en auténtica visión, mais aos poucos foi medrando un brillo máis adiante, e de súpeto souben que estaba a ollar as difusas formas do corredor e das caixas, que me eran reveladas grazas a algunha clase de descoñecida fosforescencia subterránea. Durante un breve intre todo foi exactamente como o imaxinara, aínda que o brillo era moi feble, mais proseguín arrastrándome mecanicamente de face a onde a luz brillaba con maior intensidade para descubrir que a miña imaxinación ficara curta. Esta sala non era un conxunto de restos bastos coma os templos da cidade da superficie, senón un monumento da arte exótica máis magnífica. Os deseños e pinturas ricas, vívidas e atrevidamente fantásticas formaban unha estrutura continua de frescos cuxas liñas e cores estaban alén de toda descrición. As caixas estaban fabricadas cunha estraña madeira dourada, coa parte frontal dun vidro exquisito, e contiñan os corpos momificados dunhas criaturas máis grotescas que calquera soño caótico do ser humano.

Resulta imposíbel expresar con palabras calquera idea sobre estas monstruosidades. Semellaban réptiles, con trazos que ás veces lembraban aos crocodilos, ás veces ás focas, mais sobre todo a nada do que teñan ouvido os naturalistas nin os paleontólogos. Tiñan aproximadamente o tamaño dun home pequeno, e as súas poutas dianteiras remataban nuns delicados e claros apéndices semellantes a mans e dedos humanos. Non obstante, o máis estraño de todo eran as súas cabezas, que amosaban un deseño que contradicía todos os principios biolóxicos. Esas cousas non se poden comparar a nada, e a un tempo pensei que tiñan semellanzas cos gatos, coas ras-touro, cos míticos Sátiros e cos seres humanos. Nin o propio Xúpiter tería unha fronte tan colosal e protuberante, e alén diso os cornos, a ausencia de nariz e a mandíbula de caimán colocaban esas criaturas fóra de todas as categorías zoolóxicas establecidas. Dubidei durante un intre sobre a realidade das momias, coa lixeira sospeita de que, se callar, eran ídolos artificiais, mais axiña concluín que en verdade debería de tratarse dalgunha especie de épocas pretéritas que vivira cando a cidade sen nome aínda estaba en pé. Para coroar o grotesco do seu aspecto, case todos estaban ricamente ataviados coas teas máis ricas e magnificamente adornados con xoias de ouro, xemas e brillantes metais descoñecidos.

A importancia destas criaturas que se arrastraban debera de ser grande, posto que ocupaban o primeiro lugar entre os imposíbeis deseños que formaban os frescos das paredes e o teito. O artista pintáraos cunha habilidade sen igual habitando un mundo que lles pertencía, onde tiñan cidades e xardíns axeitados ao seu tamaño, e non puiden evitar pensar en que a súa historia pictórica era alegórica, e quizá estivese a amosar a evolución da raza que os adorara a eles. Estas criaturas, díxenme a min mesmo, serían para os homes da cidade sen nome igual cá loba para os romanos, ou coma algunha besta-tótem para os indios.

Baixo este punto de vista, puiden deducir a grandes trazos a marabillosa épica da cidade sen nome, o relato dunha impoñente metrópole costeira que gobernara o mundo antes de que África se erguese das ondas. Puiden saber dos seus problemas cando o mar desapareceu e o deserto se estendeu no fértil val no que se alzaba a urbe. Vin as súas guerras e vitorias, os seus problemas e derrotas, e despois a súa terríbel loita contra o deserto cando milleiros da súa raza (aquí representados alegoricamente polos grotescos réptiles) se viran empurrados a cavar o seu camiño a través das rochas dalgún xeito fantástico para outro mundo sobre o que lle falaran os seus profetas. Todo era vividamente estraño e real, e a súa relación co abraiante descenso que eu fixera era indiscutíbel. Mesmo recoñecín os pasadizos.

A medida que me arrastraba polo corredor para o lugar no que a luz era máis intensa puiden ver as etapas posteriores do relato épico pictórico. A despedida da raza que habitara a cidade sen nome e o val que a arrodeaba durante dez millóns de anos, a raza cuxas almas se sentían remisas a abandonar os lugares onde os seus corpos habitaran durante tanto tempo e onde se estableceran coma nómades cando a terra era nova, e que labraran na rocha aqueles primeiros altares ante os que nunca deixaran de pregar. Agora que a luz era mellor, estudei as pinturas máis de preto e, ao lembrar que os estraños réptiles debían de representar os homes descoñecidos, reflexionei sobre os hábitos da cidade sen nome. Moitas cousas eran peculiares e inexplicábeis. A civilización, que incluía alfabeto escrito, evoluíra polo visto até un punto inconmensurabelmente superior ao de civilizacións posteriores como Exipto e Caldea, mais había certas omisións estrañas. Por exemplo, non fun quen de achar

pinturas que representasen a morte ou os hábitos funerarios, agás aquelas que tiñan a ver coas guerras, a violencia e as pragas; e pregunteime porqué aquela reticencia a amosar a morte natural. Era como se convertesen un ideal de inmortalidade nunha ilusión esperanzadora.

Máis preto aínda do final do corredor había pintadas unhas escenas do máis pintoresco e extravagante: imaxes comparadas da cidade sen nome tras o seu abandono e incipiente ruína e do estraño novo reino paradisíaco ao que a raza se dirixira atravesando a rocha. Nestas imaxes a cidade e o val deserto sempre aparecían iluminadas pola luz da lúa, cunha nube dourada sobre as murallas caídas, e revelando a medias a espléndida perfección de tempos anteriores, que o artista amosaba dun xeito espectral e esquivo. As escenas paradisíacas eran demasiado extravagantes para ser certas, xa que mostraban un mundo oculto no que sempre era de día, cheo de gloriosas cidades e etéreos outeiros e vales. Ao final de todo crin ver algúns signos de anticlímax artístico. As pinturas estaban feitas con peor técnica, e as escenas eran moito máis estrañas que as anteriores, xa de por si incríbeis. Semellaban amosar unha lenta decadencia da antiga estirpe, coroada cunha crecente ferocidade contra o mundo exterior varrido polo deserto. As imaxes das persoas, sempre representadas polos réptiles sagrados, semellaban estar a se consumir aos poucos, malia que o seu espírito, tal e como aparecía sobre as ruínas á luz do luar, gañara en proporción. Sacerdotes escuálidos, pintados coma réptiles vestidos con traxes ornamentados, maldicían o ar do exterior e todos os que o respiraban, e unha terríbel escena final amosaba un home de aspecto primitivo, quizá un dos primeiros da antiga Irem, a Cidade dos Piares, cortado en anacos a mans dos membros da antiga raza. Lembrei como os árabes temían a cidade sen nome, e sentín alivio ao ver que alén daquel lugar os muros grises e o teito estaban carentes de frescos.

Ao contemplar aquel desfile de historia mural, aproximárame moito ao final da sala de teito baixo, e vin que aló había unha porta a través da que se filtraba toda aquela fosforescencia. Arrastreime para ela e peguei un forte berro de abraio ante o que había do outro lado, xa que ante min, no canto de haber outra serie de salas máis iluminadas, só había un ilimitado baleiro de uniforme resplandor, igual que o que un se pode imaxinar que é a vista desde o máis alto do Monte Everest sobre un mar de brétema iluminada polo sol. Tras de min había un corredor tan baixo que non me podía manter en posición vertical, e ante min unha infinidade de refulxencia subterránea.

Ao chegar ao abismo o corredor remataba nun tiro de escaleiras semellantes a aquelas dos corredores escuros que eu atravesara, mais após uns poucos metros todo estaba anubrado polos vapores brillantes. Pendurada contra a parede da esquerda do corredor había unha inmensa porta de bronce, incribelmente grosa e decorada con fantásticos baixorrelevos, que se se fechaba separaba completamente aquel mundo interior de luz das cámaras e corredores de rocha. Ollei para as escaleiras e no momento non quixen ir por elas, así que toquei a porta de bronce mais non fun quen de movela. Despois caín de face contra o chan de pedra, coa mente rebulindo de prodixiosas imaxes que nin sequera o cansazo mortal que sentía podía borrar.

Mentres xacía quedo cos ollos fechados, libre para reflexionar, volvéronme á mente moitas cousas das que vira nos frescos, traéndome agora novos e terríbeis significados: as escenas que representaban a cidade sen nome no seu apoxeo, a vexetación do val que a arrodeaba e as distantes terras coas que comerciaban os seus mercadores. A alegoría das criaturas que se arrastraban deixoume abraiado pola súa universal importancia, e pregunteime por que a seguiran tan fielmente nunha historia pictórica de tal importancia. Nos frescos, a cidade sen nome estaba pintada cunhas proporcións que se axustaban ao tamaño dos réptiles. Pregunteime cales terían sido as súas proporcións e magnificencia reais, e reflexionei durante un intre sobre certas cousas estrañas que vira nas ruínas. Pensei no baixos que eran os primeiros templos e o corredor subterráneo, que sen dúbida foran construídos así por respecto ás deidades reptilescas ás que adoraban, malia que iso obrigase aos seus fieis a se arrastraren. Se callar, os propios ritos que celebraban implicaban arrastrarse para imitar as criaturas. Porén, a teoría relixiosa non podía explicar facilmente por que os corredores chans daquel impresionante descenso eran tan baixos coma os templos, ou mesmo máis, xa que un non podía nin andar de xeonllos por eles. Cando pensei nas criaturas que se arrastraban, cuxos terríbeis corpos momificados tiña tan preto, sentín una nova ondada de medo. As asociacións mentais son ben curiosas, e volvín á idea de que agás por aquel pobre home primitivo que aparecía esnaquizado no último debuxo, a miña era a única forma humana entre todas aquelas reliquias e símbolos da vida primixenia.

Mais como sempre na miña estraña e errante vida, o abraio pronto apartou o medo, xa que o abismo luminoso e o que puidese conter presentaba un desafío digno do maior dos exploradores. Non podía dubidar de que lonxe, ao final daquelas escaleiras de chanzos curiosamente pequenos había un mundo estraño de misterio, e desexei achar aló o testemuño humano que o corredor pintado non me dera. Os frescos representaban cidades incríbeis e vales neste reino inferior, e o meu maxín rebulía pensando nas ricas e colosais ruínas que me agardaban.

De feito, os meus medos referíanse máis ben ao pasado que ao futuro. Nin aquela situación de terror dentro

do corredor estreito cheo de réptiles mortos e frescos antediluvianos, a quilómetros por baixo do mundo que coñecía e enfronte doutro mundo de luz fantasmal e neboenta, podía competir co terror letal que sentía ante a abismal antigüidade da escena e ante o seu espírito. Unha antigüidade tan vasta que toda medida humana resultaba ridícula e semellaba ollarme con malicia desde as rochas primixenias e os templos cicelados da cidade sen nome, mentres que até o máis recente dos incríbeis mapas dos frescos representaba océanos e continentes que o home xa esqueceu, con só algún vago trazo familiar aquí e aló. Sobre o que ocorrera nas eras xeolóxicas que pasaran desde que se realizaran as pinturas e sucumbira aquela raza temorosa da morte, ningún home podería falar. Nun tempo a vida rebordara nestas cavernas e no luminoso reino de máis aló, e agora estaba só eu xunto cos restos tanxíbeis, e comecei a tremer ao pensar nas idades incontábeis nas que estes restos gardaran a súa silenciosa e solitaria vixilia.

De súpeto asaltoume outra ondada daquel medo agudo que me atacara sempre desde que vira o terríbel val e a cidade sen nome baixo a lúa fría, e malia o meu esgotamento intentei erguerme até ficar sentado e ollando para atrás polo negro corredor que conducía aos túneles que levaban ao mundo exterior. Sentía o mesmo que me fixera evitar a cidade sen nome pola noite, e era un sentimento igualmente inexplicábel e doloroso. Porén, de aí a un intre, sentín un sobresalto moito maior aínda, era un son definido, o primeiro que rompera o completo silencio destas profundidades sepulcrais. Era un xemido fondo e grave, como se viñese dunha afastada multitude de espíritos condenados, e viña da dirección de onde eu estaba a ollar. Axiña fíxose máis forte, até que pronto acabou resoando xusto polo corredor baixo e, ao mesmo tempo, sentín unha corrente en aumento de ar vello, como se viñese dos túneles e da cidade superior. O sopro deste ar semellou facerme recobrar o equilibrio e, ao momento, lembrei os súbitos refachos que nacían na boca do abismo cada solpor e cada amencer, un dos cales, de feito, me axudara a descubrir os túneles ocultos. Ollei o meu reloxo e descubrín que o amencer estaba próximo, así que me preparei para resistir o vento que estaba a soprar para abaixo, en dirección á caverna de onde nacía, do mesmo xeito que soprara para fóra pola tarde. O meu medo foi desaparecendo, xa que un fenómeno natural tende a facer que un deixe de rumiar sobre o descoñecido.

Aquel vento nocturno e queixoso abatíase con máis e máis forza sobre a cavidade do interior da terra. Caín de face outra vez e agarreime en van ao chan, medorento de verme varrido a través da porta aberta para o abismo fosforescente. Non agardara unha furia coma aquela, e cando fun tomando consciencia de que o meu corpo estaba a ser arrastrado contra o abismo, vinme asaltado por miles de novos horrores, medos e imaxinacións. A malignidade daquel sopro espertara en min incríbeis fantasías e, unha vez máis, cun calafrío compareime coa única figura humana daquel pasadizo estarrecedor, o home que estaba a ser esnaquizado pola raza sen nome, porque naquelas endiañadas poutas do vento arremuiñado semellaba habitar unha xenreira vingativa máis forte aínda porque resultaba impotente. Acho que berrei entolecido preto da fin dos ouveantes espectros do vento. Intentei arrastrarme contra aquel torrente invisíbel e asasino, mais non era quen nin de aguantar na miña posición a medida que ía sendo empurrado lenta e inexorabelmente para o mundo descoñecido. Finalmente debín de perder completamente a razón, xa que fiquei balbucindo unha e outra vez o inexplicábel dístico do árabe tolo Alhazred, que soñara coa cidade sen nome:

> Que non hai morto que poida eternamente xacer,
> e cos estraños eóns mesmo a morte pode morrer

Só os sombríos e pensativos deuses do deserto saben o que realmente ocorreu, as indescritíbeis loitas e combates que sostiven na escuridade ou se foi Abaddon o que me guiou de volta á vida, onde sempre lembrarei e me estremecerei ante o vento nocturno, até que o esquecemento ou algo peor me reclame. Aquilo era monstruoso, antinatural, colosal; estaba demasiado alén de todas as ideas que pode crer o ser humano, agás nas silenciosas e condenadas horas da madrugada nas que un non é quen de durmir.

Dixen que a furia daquel golpe furioso de vento era infernal, cacodemoníaca, e que as súas voces eran terríbeis con toda a saña contida de eternidades solitarias. De súpeto esas voces, malia que aínda me resultaban caóticas, semellaron tomar forma articulada na miña mente confundida, detrás e debaixo de min. E aló, na tumba de innumerábeis antigüidades mortas de eras atrás, quilómetros por baixo do mundo iluminado polo sol dos homes, ouvín maldicir e rosmar diaños de estrañas linguas. Vireime e puiden ver recortado contra o ar luminoso do abismo aquilo que non podía ver na escuridade do corredor, unha horda de pesadelo de rebulintes diaños, distorsionados polo odio, grotescamente ataviados, e semitransparentes; diaños dunha raza imposíbel de confundir coa humana: os réptiles reptantes da cidade sen nome.

E cando o vento aminoraba vinme sumido na escuridade poboada de diaños das entrañas da terra; xa que detrás da última das criaturas a gran porta de bronce fechouse cun estrondo enxordecedor de metal vibrante cuxos

ecos se propagaron até o distante mundo exterior para saudar o sol nacente, igual que Memnon o saúda desde as ribeiras do Nilo.



O SABUXO

[*The Hound* foi escrita en setembro de 1922 e publicada no número de febreiro de 1924 da revista *Weird Tales*.]

Nos meus torturados ouvidos non para de soar un pesadelo que zoa e bate as ás, e un ouveo distante como o dun sabuxo xigante. Non é un soño, moito me temo que tampouco é loucura, xa que ocorreron demasiadas cousas como para ter esas misericordiosas dúbidas.

St. John é agora un cadáver esnaquizado e só eu sei por que. Tal é o meu coñecemento que estou a piques de pegarme un tiro na cabeza por medo a acabar esnaquizado igual ca el. Aló, nos escuros e ilimitados corredores da estarrecedora fantasía, anda a negra e informe Némese, que me conduce á autodestrución.

Que o ceo perdoe a tolemia e a morbosidade que nos levou aos dous a un destino tan monstruoso! Cansos das banalidades deste mundo prosaico, onde mesmo os gozos do amor e a aventura axiña murchan, St. John e mais eu adoitabamos seguir de xeito entusiasta cada movemento estético e intelectual que nos prometese un descanso do noso insoportábel aburrimento. Os enigmas dos simbolistas e a éxtase dos prerrafaelistas foron nosos no seu momento, mais cada nova moda baleirábase pronto da súa entretida novidade e atracción.

Só a sombriza filosofía dos decadentes nos podía axudar e así foi como encontramos forzas, só aumentando cada vez máis a profundidade e a impiedade das nosas prospeccións. Baudelaire e Huysmans axiña ficaron baleiros dos seus desafíos, até que finalmente para nós non ficaron máis estímulos directos que as experiencias e aventuras persoais máis antinaturais. Foi esta espantosa necesidade emocional a que nos levou ás veces a percorrer o detestábel vieiro que mesmo co medo que sinto hoxe só podo mencionar con vergoña e timidez, ese maligno extremo da atrocidade humana que é a aborrecida práctica do saqueo de tumbas.

Non podo revelar os detalles da nosa arrepiante expedición e tampouco podo detallar nin en parte os peores trofeos que adornaban o innomeábel museo en que os dous viviamos, sós e sen serventes. O noso museo era un lugar blasfemo e impensábel, onde xunto cun sabor satánico de virtuosos neuróticos montaramos un universo de terror e un cuarto secreto, moi lonxe baixo a terra. Nel, enormes diaños alados tallados en basalto e ónix vomitaban desde as súas amplas e sorrintes bocas unhas luces verdes e alaranxadas, e uns tubos neumáticos ocultos facían moverse en danzas calidoscópicas a liña de vermellos obxectos de osario que estaban colgados por todas as partes de voluminosos ganchos negros. A través destes tubos chegábannos os cheiros que nos apetecían segundo o noso estado de ánimo: ás veces o aroma dos pálidos lirios funerarios, ás veces o narcótico incenso dun imaxinario templo oriental da morte suprema e ás veces, (aínda me estremezo ao lembralo!) os estarrecedores e espantosos cheiros dunha tumba aberta.

Arredor das paredes desta repelente estancia había sartegos de antigas momias alternando con fermosos corpos que semellaban vivos, perfectamente preparados e conservados pola arte da taxidermia, e con lápidas roubadas dos máis antigos cemiterios do mundo. Os nichos, aquí e aló, contiñan caveiras de todas as formas, e cabezas preservadas en diferentes estados de descomposición. Un podía achar as cabezas calvas e putrefactas de famosos nobres e as douradas e radiantes cabezas de nenos acabados de enterrar.

Había tamén estatuas e pinturas de toda clase de temas impíos, algunhas realizadas por St. John e por min mesmo. Un cartafol fechado e encadernado con pel humana contiña uns descoñecidos e innomeábeis debuxos que se murmuraba que fixera Goya, mais que non se atrevera a ensinalos ao público. Había instrumentos musicais noxentos, de corda, de vento, de madeira, cos que St. John e mais eu ás veces producíamos disonancias de exquisita morbosidade e cacodemoníaco espanto. Nunha multitude de armarios de ébano con incrustacións

gardábase a máis incríbel e inimaxinábel variedade de botíns de tumbas nunca reunidos pola loucura e a perversidade humanas. Foi este botín en particular o que xa destruín tempo antes de pensar en destruírme a min mesmo.

As excursións de saqueo nas que conseguíamos os nosos inmencionábeis tesouros eran sempre eventos artisticamente memorábeis. Non eramos vulgares necrófagos, senón que só traballabamos baixo certas condicións de atmosfera, paisaxe, contorna, clima, estación, e luz da lúa. Estes pasatempos eran para nós a máis exquisita forma de expresión estética e aos seus detalles adicabámoslle o maior coidado técnico. Unha hora pouco apropiada, un efecto lumínico discordante ou unha torpe manipulación da terra húmida poderían destruír case por completo a extática excitación que seguía sempre á exhumación dalgún ominoso e terríbel segredo da terra. A nosa procura de novos escenarios e estimulantes condicións era febril e insaciábel. St. John era sempre o líder, e foi el quen nos guiou a aquel lugar maldito que nos trouxo o noso terríbel e inevitábel destino.

Por que maligna fatalidade nos vimos atraídos até aquel terríbel cemiterio de Holanda? Acho que foi un escuro rumor, unha lenda dun que fora enterrado cinco séculos atrás e que fora el mesmo un saqueador de tumbas no seu tempo e que roubara un artefacto moi poderoso dun grande sepulcro. Podo lembrar a escena daqueles momentos finais. A pálida lúa de outono sobre as tumbas que proxectaban sombras longas e horríbeis. As grotescas árbores de pólas caídas que se ían xuntar coa herba descoidada e as lápidas feitas anacos. As vastas lexións de morcegos de inmenso tamaño que voaban ante a lúa. A antiga igrexa cuberta de hedra cuxo campanario apuntaba ao ceo lívido como un enorme dedo espectral. Os insectos fosforescentes que danzaban como lumes fatuos baixo os teixos dun recanto distante. O cheiro ao balor, á vexetación e a cousas máis difíciles de explicar que se mesturaban feblemente coa brisa nocturna que viña de afastadas brañas e mares. E o peor de todo, o esvaído e grave ouveo dalgún sabuxo xigantesco que non podiamos nin ver nin dicir de onde viña. Ao ouvir esta especie de ouveo arreguizámonos, lembrando as historias que contaban os paisanos, xa que aquel que estabamos a buscar fora achado séculos antes nese mesmo lugar esnaquizado polas gadoupas e os cabeiros dalgunha clase de besta sen nome.

Lembro como cavamos na tumba daquel saqueador coas nosas pas e a emoción que sentimos ao pensarmos na escena: nós, a tumba, a pálida lúa vixiante, as horrorosas sombras, as árbores grotescas, os morcegos titánicos, a antiga igrexa, os lumes fatuos danzantes, os cheiros enfermizos, o suave laio do vento nocturno e o estraño, medio audíbel e ilocalizábel ouveo de cuxa existencia real apenas podiamos estar seguros.

Daquela foi cando golpeamos unha substancia máis dura que o balor húmido e ollamos unha caixa oblonga de madeira medio podre cuberta dunha costra de minerais que fora depositando aquela terra que non fora molestada en moito tempo. Era incribelmente dura e grosa, mais tan vella que ao final conseguimos que se abrise, así que nos preparamos para ollar o que gardaba.

Ficaba moito do seu contido orixinal, unha cantidade abraiante, malia que pasaran cinco séculos. O esqueleto, aínda que roto nalgunhas zonas polas mandíbulas da criatura que o matara, mantíñase unido cunha firmeza sorprendente, e gozamos da vitoria ante a súa caveira branca, os seus longos e firmes dentes e as súas concas sen ollos que nun tempo brillaran cun lume febril como as nosas propias. No cadaleito había tamén un amuleto de deseño curioso e exótico e que polo visto o durminte levara arredor do pescozo. Representaba a estraña figura dun sabuxo alado deitado, ou ben dunha esfinxe cun rostro medio canino. Estaba exquisitamente tallada ao antigo estilo oriental nunha pequena peza de xade verde. Os seus trazos eran repulsivos até o extremo, compartindo ao mesmo tempo a morte, a bestialidade e a malignidade. Arredor da súa base tiña unha inscrición escrita cuns caracteres que nin St John nin eu fomos quen de identificar. Na parte traseira, como se fose o selo do seu creador, había gravada unha grotesca e espantosa caveira.

No intre en que ollamos ese amuleto soubemos que debiamos posuílo, que aquel era o noso botín lóxico daquela tumba centenaria. Malia que o seu deseño nos parecese estraño, queriámolo igual, e agora que o ollabamos máis de preto descubrimos que non nos resultaba estraño de todo. Por suposto que era alleo a toda arte e literatura que os lectores cordos e equilibrados len, mais nós recoñecémolo como algo que se mencionaba no *Necronomicon*, do árabe tolo Abdul Alhazred: o terríbel símbolo espiritual dun culto de comedores de cadáveres da inaccesíbel Leng, na Asia Central. Con demasiada facilidade descubrimos os sinistros trazos que describía o antigo demonólogo árabe, trazos que el describira como extraídos dalgunha escura manifestación sobrenatural das almas daqueles que foran vexados e devorados despois de mortos.

Apoderámonos do obxecto verde e botamos unha última ollada ao rostro de ollos cavernosos do seu propietario. Logo deixamos a tumba tal e como a atopáramos. Mentres nos afastabamos ás presas daquel lugar aborrecíbel co amuleto no peto de St John, cremos ver que os morcegos descendían todos xuntos sobre a terra que acababamos de remexer, como se fosen na procura dalgún maldito e impío alimento. Mais a lúa de outono brillaba

feble e pálida e non podiamos estar certos.

Así e todo, cando saímos de Holanda en barco ao día seguinte, cremos ouvir un esvaído e distante ouveo dalgún sabuxo xigante que se perdía ás nosas costas. Mais o vento do outono xemía triste e lánguido e non podiamos estar certos.

Menos dunha semana após o noso regreso a Inglaterra comezaron a ocorrer sucesos estraños. Vivíamos como reclusos, receosos dos amigos, sós e sen serventes nuns poucos cuartos dunha antiga mansión que se erguía nun páramo inhóspito e pouco frecuentado, polo que as nosas portas case nunca eran molestadas polo petar de ningún visitante.

Agora, porén, estabamos preocupados polo que semellaba ser un frecuente fozar na noite, que se ouvía non só canda as portas senón tamén canda as xanelas, tanto nas altas como nas baixas. Unha vez mesmo imaxinamos que había un corpo grande e opaco que ensombrecía a fiestra da biblioteca cando a lúa a iluminaba, e noutro momento tamén pensamos que ouviramos unha especie de zunido ou bater de ás a non moita distancia. Mais ningunha destas veces descubrimos ren após investigalo, así que comezamos a atribuírlle aqueles feitos á nosa imaxinación, que aínda repetía nos nosos ouvidos o esvaído ouveo que pensamos ouvir no camposanto de Holanda. O amuleto de xade agora repousaba nun nicho do noso museo, e ás veces acendiamos unha candea de estraño perfume ante el. Lemos moito sobre as súas propiedades no *Necronomicon* de Alhazred e tamén sobre a relación dos espíritos dos fantasmas cos obxectos que simbolizaba, e sentímonos turbados cando lemos aquelas liñas.

Entón chegou o terror.

A noite do 24 de setembro de 19.. ouvín que alguén petaba na porta do meu cuarto. Imaxinei que se trataba de St John, así que lle dixen que entrase, mais só me respondeu unha estarrecedora risada. Non había ninguén no corredor cando fun espertar o meu compañeiro do seu soño. El descoñecía por completo o asunto e preocupouse tanto coma min. Esa mesma noite o esvaído e distante ouveo do páramo converteuse nunha realidade palpábel e espantosa.

Catro días despois, mentres ambos os dous nos achabamos no noso museo oculto, ouvimos un leve e cauteloso rabuñar na única porta que levaba ás escaleiras da biblioteca secreta. Agora o noso sentimento de alarma estaba dividido entre o noso medo polo descoñecido e o noso temor constante a que alguén descubrise a nosa estraña colección. Apagamos todas as luces, dirixímonos á porta e abrímola de golpe. Entón produciuse unha inexplicábel corrente de ar e ouvimos como se se afastase precipitadamente unha estraña combinación de murmurios, risadas e balbucidos articulados. Se estabamos tolos, soñando ou cordos, non o intentamos decidir. O único que soubemos con certeza, coa máis escura das nosas aprehensións, era que aquel balbucir aparentemente incorpóreo estaba articulado sen ningunha dúbida en holandés.

Logo daquilo vivimos no medio dun crecente terror mesturado con fascinación. Case sempre sostiñamos a teoría de que nos estabamos a volver tolos a causa da nosa vida de excitacións antinaturais, mais ás veces pracíanos máis dramatizar con que eramos vítimas dalgún destino silandeiro e esmagador. As manifestacións sobrenaturais eran agora demasiado frecuentes para as contar. A nosa casa solitaria semellara cobrar vida coa presenza dalgún ente maligno cuxa natureza non podiamos adiviñar e noite tras noite aquel ouveo endiañado atravesaba o páramo varrido polo vento, sempre máis e máis forte. O 29 de outubro atopamos terra remexida baixo a xanela da biblioteca e unha serie de pegadas que resultarían case imposíbeis de describir. Semellaban tan desconcertantes como as hordas de enormes morcegos que se congregaban arredor da vella mansión sempre aumentando máis e máis en número.

O horror chegou á súa culminación o 18 de novembro, cando St John volvía á casa da lúgubre estación de tren pasado o anoitecer e foi atacado por algunha clase de estarrecedora criatura carnívora que só deixou os ósos. Os seus berros ouvíranse mesmo desde a casa, e eu dirixírame ás présas até a terríbel escena con tempo abondo para ouvir un bater de ás e ver unha cousa esborranchada e negra recortada contra a lúa que saía.

O meu amigo xa estaba a piques de morrer cando lle falei e non foi quen de contestar con coherencia. Todo o que puido facer foi murmurar: «O amuleto... Esa cousa maldita...»

Despois morreu e converteuse nunha inerte masa de vísceras mesturadas.

Soterreino o día seguinte á media noite nun dos nosos descoidados xardíns e pronunciei sobre o seu corpo un dos diabólicos ritos que el amara en vida. Mentres pronunciaba a última frase endiañada ouvín lonxe no páramo o esvaído ouveo dalgún sabuxo xigantesco. A lúa xa estaba alta, mais non me atrevín a ollar para ela. Cando vin no páramo en penumbra unha sombra grande e difusa que se movía de outeiro en outeiro, fechei os ollos e guindeime de face ao chan. Cando me erguín, tremendo, non sei canto tempo despois, dirixinme á casa e me prostrei ante o amuleto de xade verde que xacía no seu altar.

Medorento agora de vivir só naquela antiga casa do páramo, partín ao día seguinte para Londres levando

comigo o amuleto, logo de incendiar o resto da nosa impía colección do museo. Mais após tres noites volvín ouvir o ouveo e antes dunha semana puiden sentir uns ollos estraños que me fitaban sempre que estaba escuro. Unha tardiña, mentres paseaba polo dique Vitoria na procura de ar fresco, ollei unha silueta escura sobre a luz dunha das lámpadas que se reflectía na auga. Seguiulle un vento máis forte que a airexa nocturna e souben que axiña tería o mesmo destino que alcanzara a St John.

O día seguinte envolvín coidadosamente o amuleto de xade verde e embarquei rumbo a Holanda. A graza que conseguiría ao retornar aquel obxecto ao seu silencioso e durminte propietario non a podía saber, mais sentín que debía intentar calquera cousa que fose medianamente lóxica. O que era o sabuxo e o motivo polo que me perseguía eran cuestións aínda demasiado difíciles de entender, mais a primeira vez que ouvira aquel ouveo fora no antigo camposanto e todo o que ocorrera despois, incluído o último murmurio de St John no momento da súa morte, servíranme para conectar aquela maldición co roubo do amuleto. Daquela, caín no máis fondo dos abismos do desespero cando nunha pousada de Rotterdam uns ladróns me despoxaron da miña única vía de salvación.

O ouveo era forte aquel serán, e á mañá seguinte lin no xornal sobre un suceso espantoso que ocorrera na zona máis pobre da cidade. A xentalla estaba aterrorizada, xa que sobre un barrio caera unha morte máis sanguenta que o máis horríbel crime que puidera acontecer antes entre a veciñanza. Nunha minúscula vivenda de ladróns, unha familia enteira fora esnaquizada por unha cousa descoñecida que non deixara rastro ningún e os veciños dixeran que ouviran toda a noite unha esvaída, fonda e insistente nota, como o ouveo dun xigantesco sabuxo.

Así que finalmente volvín a aquel impío camposanto onde a pálida lúa invernal proxectaba sombras horrendas e as árbores sen follas tendían as súas pólas para abaixo para se atopar coa herba murcha e conxelada e as lápidas escachadas, onde a igrexa cuberta de edra apuntaba cun dedo burlón o ceo inimigo e o vento nocturno ouveaba con monotonía desde xeadas brañas e mares fríos. O ouveo era moi leve agora e parou completamente cando me aproximei á antiga tumba que unha vez profanara e escorrentei unha bandada estrañamente grande de morcegos que se congregaran ao seu redor.

Non sei por que fun até aló, se era para pregar ou para murmurar dementes explicacións e desculpas á tranquila e branca cousa que xacía debaixo. Mais fosen os que fosen os meus motivos, ataquei o terreo medio conxelado cunha desesperación que era en parte miña e en parte producida por unha forza que me dominaba desde fóra. A escavación foi moito máis sinxela do que eu agardara, malia que nun punto atopeime cunha estraña interrupción, cando un escuálido voitre baixou en picado do ceo e comezou a picar freneticamente na terra do sepulcro até que o matei cun golpe da eixada. Á fin cheguei até a caixa oblonga e podrecida e retirei a balorenta tapa. Ese foi o último acto racional que realicei.

Xa que, deitada no interior do centenario cadaleito, abrazada por un séquito de pesadelo de enormes, rexos e durmintes morcegos, estaba aquela criatura osuda á que roubaramos o meu amigo e mais eu. Mais non estaba limpa e plácida como a encontraramos daquela, senón cuberta de sangue seco e de anacos de carne e cabelo estraños, ollándome fixamente coas súas concas fosforescentes e cos seus cabeiros ensanguentados que formaban un xesto burlesco, como se se estivese a mofar do meu inevitábel destino. E cando a súa mandíbula exhalou un fondo e sardónico ouveo como o dun xigantesco sabuxo, vin que na súa gadoupa noxenta e ensanguentada suxeitaba o amuleto perdido e maldito de xade verde, polo que só puiden berrar e fuxir como un idiota e os meus berros pronto se converteron en gargalladas de risa histérica.

A loucura cabalga ao lombo do vento... Poutas e cabeiros afiados en séculos de cadáveres... A morte que monta sobre unha bacanal de morcegos desde as ruínas negras dos templos soterrados de Belial... Agora, a medida que o ouveo daquela monstruosidade descarnada se fai máis e máis forte, e a medida que ese furtivo bater de ás malditas se aproxima máis e máis, debo buscar co meu revólver o esquecemento que é o meu único refuxio contra o que non ten nome e non se pode mencionar.



O FESTIVAL

[*The Festival* escribiuse en outubro de 1923 e publicouse en xaneiro de 1925 na revista *Weird Tales*.]

Efficiut Daemones, ut quae non sunt, sic tamen quasi sint, conspicienda hominibus exhibeant.
Os Diaños fan que os humanos non vexan a realidade como tal

—LACTANCIO

Eu estaba lonxe da casa e o feitizo do mar oriental caera sobre min. Entre lusco e fusco ouvín como batía sobre as rochas e souben que se achaba xusto do outro lado do outeiro sobre o que os retortos salgueiros se dobraban agónicos contra o ceo claro coas primeiras estrelas do serán. Como os meus pais me pediran que fose á vella aldea de máis aló, apresureime a través da neve superficial acabada de caer, polo camiño que se elevaba solitario cara ao lugar en que Aldebarán escintilaba entre as árbores, para me dirixir á antiga aldea que eu nunca vira, mais coa que a miúdo soñara.

Era o Solsticio de Inverno, ao que os homes chaman Nadal, aínda que no fondo dos seus corazóns saben que é máis antigo que Belén e Babilonia, máis vello que Memphis e que a humanidade mesma. Era o Solsticio de Inverno e á fin chegara até a vella vila de beiramar na que os meus viviran e celebraran aquel mesmo cerimonial antano, cando se prohibira, e onde tamén lles ordenaran aos seus fillos que o celebrasen unha vez cada século, para que a memoria dos segredos primixenios non caese no esquecemento. A miña familia pertencía a unha antiga liñaxe e era antiga xa cando este país fora colonizado hai trescentos anos. Era xente estraña e esquiva de rostro moreno que viñera do sur, dos embriagadores xardíns de orquídeas, e falaban outra lingua antes de aprenderen o idioma dos pescadores de ollos azuis. Agora estaban esparexidos e só compartían os rituais mistéricos que ninguén vivo era quen de comprender xa. Eu fun o único que regresou aquela noite á vella aldea de pescadores, tal e como a lenda o mandaba, xa que só os pobres e os solitarios se lembraban dela.

Do outro lado do cumio do outeiro contemplei Kingsport estenderse xeado entre lusco e fusco, un Kingsport nevado cos seus vellos viraventos e campanarios, bufardas e chemineas, peiraos e pequenas pontes, salgueiros e cemiterios. Labirintos interminábeis de sinuosas rúas estreitas e empinadas, e o difuso outeiro do centro, coroado pola igrexa que o tempo non se atrevera a tocar. Labirintos interminábeis de casas coloniais, unha enriba da outra, esparexidas en todos os ángulos e alturas, como as desordenadas construcións dun cativo. A antigüidade planeaba con ás grises sobre os tellados abufardados cubertos de neve. Claraboias e xanelas de moitos entrepanos que escintilaban unha por unha no xélido crepúsculo e unían a súa luz coa de Orión e a das estrelas arcanas. E o mar seguía a romper contra os peiraos medio podrecidos, o silencioso mar dos tempos inmemoriais, o mar de onde xurdira a xente de antano.

Canda o camiño, na parte máis alta da costa, erguíase un outeiro ermo e varrido polo vento. Aló decateime de que se trataba dun cemiterio onde as negras lápidas xurdían fantasmais da neve como se fosen as uñas esnaquizadas dun xigantesco cadáver. O camiño sen pisar estaba moi solitario e ás veces crin ouvir o distante e horríbel renxer dunha forca no vento. Aló colgaran a catro familiares meus por bruxaría en 1692, mais non sabía exactamente onde.

A medida que a estrada comezaba a descender cara ao mar prestei atención para escoitar os alegres sons da vila á tardiña, mais non os ouvín. Despois pensei na estación na que estabamos e que se cadra aquela vella xente puritana conservaba aínda uns costumes de Nadal que me resultaban estraños, caracterizados pola oración silenciosa. Daquela deixei de escoitar na procura de ledicia festiva ou de viaxeiros, e seguín o meu camiño, deixando atrás as silenciosas e iluminadas casas de campo e os sombríos muros de pedra onde os rótulos de antigas

tendas e tabernas costeiras renxían mexidos polo ar nitroso, e as grotescas aldrabas de portóns con soportais que brillaban ao longo das calexas desertas á luz das pequenas xanelas tapadas por cortinas.

Xa vira mapas da vila e sabía onde acharía a morada da miña xente. Contáranme que me recoñecerían e me darían a benvida, xa que a lenda da vila perdura durante moito tempo, así que apurei o paso a través de Back Street até Circle Court e crucei a neve acabada de caer até Green Lane, a única rúa completamente lastrada da cidade, que vai dar á parte de atrás da praza de abastos. Os antigos mapas aínda servían, polo que non tiven problema ningún, aínda que en Arkham me deberan de mentir cando me dixeron que había tranvías na vila, xa que non fun quen de ver ningunha liña de cable por ningures. A neve podería ocultar os raís, de calquera xeito. Sentinme feliz por escoller ir a pé, xa que aquela vila branca me parecera moi fermosa desde o outeiro e agora estaba ansioso por petar na porta da miña xente, a sétima casa do lado esquerdo de Green Lane, que tiña un tellado abufardado e dous pisos, todo construído antes de 1650.

Cando cheguei á casa, había luces no seu interior e a través da vidreira de rombos da xanela observei que todo debía de conservarse bastante próximo ao seu estado orixinal. O andar superior colgaba sobre a ruela estreita e pavimentada de herba e case tocaba o saínte da casa de enfronte, polo que eu case me achaba nun túnel, cos chanzos do limiar completamente limpos de neve. Non había beirarrúa, mais moitas das casas tiñan as portas por riba do nivel da rúa, con duplos tiros de escalas e varandas de ferro. Era unha escena estraña, aínda que poida que fose porque eu non era de Nova Inglaterra e non a coñecera antes. Aínda que me agradaba, tería resultado máis agradábel se houbese pegadas na neve e xente nas rúas, ou unhas poucas xanelas sen as cortinas botadas.

Cando fixen soar a antiga aldraba de ferro sentinme algo temoroso. Había algunha clase de medo que medraba no meu interior, se cadra pola rareza da miña liñaxe e a frialdade da tardiña e o estraño do silencio naquela vila antiga de pintorescos costumes. E cando responderon á miña chamada o medo acabou de me dominar, xa que non ouvira pisada ningunha antes de que a porta se abrise cun renxido. Mais deixei de temer aos poucos, xa que o ancián que apareceu no limiar, vestido con bata e pantuflas, tiña un rostro afábel que me fixo recuperar a seguridade, e malia que me fixo entender con acenos que era mudo, escribiu unha curiosa e antiga frase de benvida cun punzón nunha tabela de cera que traía.

Indicoume que entrase nunha sala baixa e iluminada por candeas cunhas grosas trabes de madeira e un escuro, sólido e escaso mobiliario do século XVII. O pasado vivía no lugar, xa que non faltaba detalle ningún. Había unha enorme cheminea e unha roca ante a que estaba sentada unha vella muller corcovada, vestida con roupas amplas e un bonete de pano, de costas a min, fiando en silencio a pesar da festividade do día. No lugar semellaba reinar unha humidade indefinida e estrañeime ao ver que non había lume ningún aceso. Á esquerda había unha bancada de respaldo alto colocada contra as xanelas cubertas con cortinas e pareceume que estaba ocupada, mais non estaba certo. Non me gustaba todo o que estaba a ver e volvín sentir o medo que me dominara antes. Este temor foise volvendo máis forte do que sentira antes, xa que canto máis ollaba para o rostro afábel daquel ancián, máis me aterrorizaba a súa mudez. Os seus ollos nunca se movían e a súa pel parecíase demasiado á cera. Finalmente, cheguei á conclusión de que aquilo non podía ser o seu rostro, senón unha máscara construída cunha endiañada habilidade. Mais as súas frouxas mans curiosamente enfundadas en luvas escribiron con xenialidade sobre a tabela e contoume que debía agardar un intre antes de que me puidesen conducir ao lugar do cerimonial.

Sinalou unha cadeira, unha mesa e unha morea de libros, e despois deixou o cuarto. Cando sentei a ler descubrín que os libros eran moi antigos e estaban balorentos, e entre eles estaba o estrañísimo *Marvels of Science,* de Morryster, o terríbel *Saducismus Triumphatus* de Joseph Glanvil, publicado en 1681, o espantoso *Daemonolatreja* de Remigius, impreso en 1595 en Lyon, e o peor de todos, o innomeábel *Necronomicon*, do árabe tolo Abdul Alhazred, na tradución latina prohibida de Olaus Wormius, un libro que eu nunca vira, mais do que ouvira murmurar feitos monstruosos. Ninguén me falou, mais podía sentiu o ouvear do vento no exterior e o xirar da roca, mentres a anciá do bonete fiaba e fiaba en silencio. Sentía que aquel lugar, aquela xente e aqueles libros eran demasiado morbosos e inquietantes, mais como fora unha antiga tradición dos meus devanceiros a que me conducira até aquela estraña celebración, pensei que había ver cousas estrañas. Daquela intentei ler e axiña comecei a tremer absorto en algo que atopara no maldito *Necronomicon*, unha idea e unha lenda tan terríbeis para a cordura e a consciencia, que me sobresaltei cando crin ouvir fecharse unha xanela do lado da bancada, como se alguén a abrise antes furtivamente. Pareceume que a iso lle seguía un rumor que non proviña da roca da anciá. Non era moi audíbel, aínda así, xa que a muller estaba a fiar a moita velocidade, e de súpeto o vello reloxo comezou a soar. Logo disto deixei de sentir que había persoas na bancada e mergulleime na lectura até que o ancián chegou de volta cunhas botas calzadas e vestido cun manto frouxo e anticuado. Dirixiuse ao banco e sentou, de xeito que eu non o podía ver. Abofé que foi unha tensa espera, e aquel libro blasfemo nas miñas mans axudou a que o fose.

No entanto, cando soaron as once, o ancián ergueuse, dirixiuse a un enorme cofre tallado que había nunha esquina e tirou dous mantos con carapucha: un púxoo el e co outro envolveu a anciá que estaba rematando co seu monótono fiar. Despois ambos os dous dirixíronse á porta de saída. A muller case se arrastraba e o home, despois de coller o mesmo libro que eu estivera a ler, fíxome un aceno e cubriu o seu rostro inmóbil ou máscara coa carapucha.

Saímos a aquela escura e tortuosa madeixa de rúas da incribelmente antiga vila. A medida que avanzabamos as luces das xanelas fóronse apagando unha por unha e Sirio observou como unha multitude de figuras cubertas e encarapuchadas saían en silencio de cada limiar para formaren monstruosas procesións por unha e outra rúa, alén dos letreiros renxentes, dos gabletes antediluvianos, dos tellados de palla e das xanelas con vidreiras de rombos; atravesando estreitas calexas nas que as casas ruinosas se inclinaban as unhas contra as outras, cruzando prazas e adros de igrexas, onde os farois da multitude compuñan constelacións estrañas e oníricas.

Entre aquelas multitudes silenciosas eu seguía os meus guías mudos, empurrado por uns cóbados que semellaban preternaturalmente brandos e presionado por peitos e ventres que semellaban anormalmente polposos, mais sen ver nunca un rostro nin ouvir unha palabra. As columnas espectrais ascendían máis e máis arriba e eu observei que os viaxeiros estaban a converxer a medida que seguían as lóbregas calexas que levaban ao curuto do outeiro que se erguía no centro da vila, onde se destacaba unha grande igrexa branca. Xa a vira antes desde o alto da estrada, cando ollara Kingsport ao solpor, e sentín un arreguizo cando vin que Aldebarán semellaba tremer durante un intre enriba daquela torre fantasmal.

Había un lugar despexado arredor da igrexa, que en parte era un camposanto do que sobresaían lápidas espectrais, e en parte unha praza a medio pavimentar da que o vento varrera parcialmente a neve e contra a que se aliñaban unhas casas tremendamente vellas de tellados abufardados e gabletes colgantes. Os lumes fatuos danzaban sobre as tumbas e creaban un grotesco espectáculo de sombras. Alén do camposanto, nun lugar onde non había máis casas, puiden ollar alén do curuto do outeiro as estrelas reflectidas na baía, malia que a vila era invisíbel na escuridade. Só de cando en vez algún farol oscilaba dun xeito ominoso nas rúas serpeantes, abríndose camiño para alcanzar a multitude que agora estaba entrando silenciosa na igrexa. Agardei até que o xentío cruzou o pórtico negro e até que acabaron de entrar os que ían máis atrás. O ancián estaba a me tirar da manga, mais eu decidira ser o último en entrar. Crucei o limiar do templo ateigado de escuridade descoñecida e virei a cabeza máis unha vez para ollar o mundo exterior, onde a fosforescencia do camposanto se derramaba sobre o pavimento do curuto do outeiro. Arreguiceime ante aquela visión. Aínda que o vento non deixara moita neve aínda ficaban algunhas zonas cubertas preto da porta, e á miña mente alterada pareceulle que non tiñan pegadas, nin sequera as miñas.

A igrexa estaba escasamente iluminada a pesar de que moitos entraran con farois, xa que a meirande parte da multitude desaparecera. Todos avanzaban polas naves laterais, entre os bancos e o muro, de cara a unha trapela que había ao pé do púlpito, e perdíanse silenciosamente no interior. Seguinos, demudado, baixando polos gastados chanzos e internándome na escuridade da sufocante cripta. A cola daquela sinuosa liña de procesionarios nocturnos semellaba horrenda, e cando os vin rebulir naquela venerábel tumba pareceume máis horríbel aínda. Daquela descubrín que no chan da cripta había unha apertura pola que se estaba a escoar a multitude, e nun intre todos estabamos a descender por un ominoso tiro de escalas construído cunha técnica basta: unha escaleira de caracol estreita, húmida e cun cheiro peculiar, que se enroscaba interminabelmente nas entrañas do outeiro encaixada entre muros de bloques de pedra e morteiro enchoupados e medio esnaquizados. Foi un descenso silencioso e terríbel, e após un horrendo intervalo de tempo observei que a natureza das paredes e os chanzos estaba a cambiar, xa que agora semellaban estar cicelados directamente na rocha sólida. O que máis me horrorizaba era que aqueles milleiros de pasos non producisen ruído ningún nin levantasen ecos. Após un tempo de descenso interminábel ollei que uns pasadizos laterais ou túneles desembocaban neste misterioso acceso vertical desde descoñecidos nichos de escuridade. Axiña comezaron a ser demasiado numerosos, como impías catacumbas de ameazas sen nome, e o seu cheiro acre a descomposición acabou por se tornar case insoportábel. Sabía que seguramente xa atravesaramos toda a montaña, por baixo do nivel da propia Kingsport, e estremecinme ao pensar que unha vila puidese ser tan vella e estar tan socavada por aquela maldade subterránea.

Despois ollei o arrepiante brillo dunha luz pálida e ouvín o insidioso burbullar dunha auga que nunca vira a luz. Arreguiceime outra vez, pois non gustaba dos acontecementos que me estaba a traer aquela noite e desexaba con todas as miñas forzas que ningún antepasado me esixise asistir a un rito como aquel. A medida que os chanzos do pasadizo se volvían máis largos, ouvín outro son, agora era o agudo e queixoso son dunha frauta burlona, e de súpeto abriuse ante min a visión da paisaxe ilimitada dun mundo interior, unha vasta e fungosa costa iluminada por unha columna de lume verde bañada por un largo e untuoso río que fluía desde abismos estarrecedores e

descoñecidos para unirse aos negros golfos dun océano inmemorial.

A piques de me desmaiar e entre arquexos ollei para aquel Erebo impío de fungos titánicos, lume leproso e auga lamacenta, e vin que as multitudes encarapuchadas estaban a formar un semicírculo arredor do piar incandescente. Era o rito de Yule, máis antigo que o ser humano e destinado a lle sobrevivir. O rito primixenio do solsticio e da promesa dunha primavera após as neves. O rito do lume e do perenne, da luz e da música. E naquela gruta estixia vinos realizar o rito e adorar aquel enfermizo piar de chama, e guindar á auga feixes da vexetación viscosa que brillaba cunha fosforescencia verdosa e pálida. Vin isto, e vin tamén algo amorfo e afastado da luz que tocaba unha frauta dun xeito arrepiante, e cada vez que a cousa tocaba, a min parecíame ouvir tamén unhas notas apagadas na fétida escuridade na que nada podía ver. Mais o que máis me asustou foi a columna de chamas, que saía como un volcán das profundidades máis inconcibíbeis e que non proxectaba ningunha sombra, como deberían facelo as chamas terreais, e que tinxía a rocha salitrosa dun ton verde agrisado sucio e velenoso. E aquela fervente combustión non producía ningunha calor, só a viscosidade da morte e a corrupción.

O home que me guiara deslizouse agora até se colocar canda a horrenda chama e executou uns ríxidos xestos rituais de cara ao semicírculo que ollaba para el. En determinados momentos do cerimonial, os asistentes renderon homenaxe de acatamento, especialmente cando levantou por riba da súa cabeza aquel detestábel *Necronomicon* que levaba con el. Eu tamén tomei parte en todas as reverencias, posto que fora convocado a esta cerimonia de acordo ao escrito polos meus antecesores. Despois, o vello fixo un aceno ao que tocaba a frauta na escuridade e este cambiou o seu débil zunido por un ton máis audíbel, causándome con iso un horror inimaxinábel e inesperado. Faltou pouco para que me esborrallase sobre a lama, atravesado por un espanto que non proviña deste mundo nin de ningún outro, senón dos espazos de loucura que se abren entre as estrelas.

Na negrura inconcibíbel, alén do resplandor gangrenoso da fría chama, nas tartáreas rexións a través das que se retorcía aquel río oleaxinoso, estraño e insospeitado, apareceu danzando ritmicamente unha horda de mansos e híbridos seres alados que ningún ollo nin cerebro san podería nunca contemplar. Non eran corvos, nin toupas, nin bufarros, nin formigas, nin vampiros, nin seres humanos en descomposición. Eran cousas que non consigo e tampouco debo lembrar. Daban saltos brandos e torpes, impulsándose en parte cos seus pés palmeados e en parte coas súas ás membranosas. E cando chegaron até o xentío de cultistas, as figuras encarapuchadas agarráronse a eles, montaron sobre o seu lombo e afastáronse cabalgando, un tras un, seguindo o curso daquel río tenebroso, cara a uns pozos e galerías onde velenosos mananciais alimentaban o caudal tumultuoso e horríbel das fervenzas negras. A vella fiandeira marchou cos demais e o vello ficou, porque eu negueime a cabalgar sobre unha daquelas bestas como o fixeran os demais. O frautista amorfo desaparecera, mais dúas daquelas bestas permanecían alí pacientemente. Ao me resistir a cabalgar, o vello sacou o seu punzón e a súa tabela e comunicoume por escrito que el era o verdadeiro delegado daqueles antepasados meus que fundaran o culto ao Inverno neste mesmo lugar venerábel, que fora decretado que eu volvese alí, e que faltaban por celebrarse os misterios máis recónditos. Escribiu todo isto nun estilo moi antigo e aínda dubidaba eu cando sacou das súas amplas roupaxes un selo e un reloxo coas armas da miña familia, para probar que todo o que me dixera era certo.

Mais a proba era espantosa, porque eu sabía por certos documentos de enorme antigüidade que aquel reloxo fora enterrado co tataravó do meu tataravó en 1698.

Após un intre, o vello botou para atrás a súa carapucha e amosoume o parecido familiar do seu rostro, mais aquilo arrepioume porque eu estaba convencido de que só era unha endiañada máscara de cera. As dúas bestas voadoras agardaban e rabuñaban inquietas os liques do chan e decateime de que o vello estaba a piques de perder a paciencia. Cando un daqueles animais comezou a se mover, afastándose do lugar, o vello volveuse rapidamente e detívoo, de xeito que, coa rapidez do movemento, desprendéuselle a máscara que levaba no lugar correspondente á cabeza. E entón, ao ver que aquel pesadelo se interpuña entre a escaleira de pedra e eu, guindeime ao fondo oleaxinoso do río coa idea de que sen dúbida desembocaría, por algunha cavidade, no fondo do océano. Lanceime naquel mollo pútrido das entrañas da terra antes que os meus chíos enlouquecidos puidesen facer caer sobre min as lexións de cadáveres que aqueles abismos pestilentes ocultaban.

No hospital dixéronme que me atoparan no porto de Kingsport, medio xeado, ao amencer, agarrado a un providencial toro de madeira. Dixéronme que a noite anterior extraviárame polos cantís de Orange Port, cousa que deduciran polas pegadas que atoparon na neve. Non fixen ningún comentario. A miña cabeza era un caos. Nada encaixaba coa miña experiencia da noite anterior. As xanelas do hospital abríanse a un panorama de tellados dos que apenas un de cada cinco podía considerarse antigo. As rúas vibraban co estrépito de tranvías e automóbiles. Insistíronme en que aquilo era Kingsport, cousa que eu non puiden negar. Ao verme caer nun estado de delirio, cando me decatei de que o hospital se atopaba preto do cemiterio parroquial de Central Hill, trasladáronme ao Hospital St. Mary, de Arkham, onde me atenderían mellor. Abofé que gustei del, porque os

médicos eran de mentalidade máis aberta e aínda me axudaron, xa que grazas á súa influencia puiden conseguir un exemplar do censurábel *Necronomicon* de Alhazred, celosamente gardado na Biblioteca da Universidade de Miskatonic. Dixeron que sufría unha especie de «psicose» e conviñeron en que o mellor sistema de afastar as obsesións do meu cerebro era provocar o meu cansazo a base de permitirme profundar no tema. Dese xeito cheguei ler o espantoso capítulo aquel e arreguiceime por partida dobre, posto que non era novo para min: o que contaba vírao eu mesmo, dixesen o que dixesen as pegadas dos meus pés, e era mellor esquecer o sitio onde o presenciara. Ninguén durante o día mo lembraba, mais os meus soños son estarrecedores por mor de certas frases que non me atrevo a transcribir. Citarei unicamente un parágrafo. Traducireino o mellor que poida dese contrafeito latín vulgar no que está escrito:

«As cavernas inferiores» escribiu o árabe louco «son insondábeis para os ollos que ven, porque os seus prodixios son estraños e terríbeis. Maldita a terra onde os pensamentos mortos viven reencarnados nunha existencia nova e singular, e maldita a alma que non habita ningún cerebro. Sabiamente dixo Ibn Shacabad: bendita a tumba onde ningún feiticeiro foi enterrado e felices as noites das aldeas onde acabaron con eles e os reduciron a cinzas. Pois desde antigo dise que o espírito que se vendeu ao diaño non se apresura a abandonar a envoltura da carne, senón que ceba e instrúe o mesmo verme que roe, até que da corrupción xorde unha vida espantosa, e as criaturas que se alimentan da prea da terra aumentan para ameazala, e fanse monstruosas para facerse con ela. Secretamente escavadas hai inmensas galerías onde debían de estar os poros da terra e onde aprenderon a camiñar unhas criaturas que só deberían arrastrarse».



A CHAMADA DE CTHULHU

[*The Call of Cthulhu* escribiuse no verán de 1926 e publicouse en febreiro de 1928 na revista *Weird Tales*.]

I. O BAIXORRELEVO DE ARXILA

Non hai no mundo fortuna maior, acho, que a incapacidade da mente humana para relacionar entre si todo o que hai nela. Vivimos nunha illa de plácida ignorancia, rodeados polos negros mares infinitos, e non é o noso destino emprender longas viaxes. As ciencias, que seguen camiños de seu, non causaron moito dano até agora, mais algún día a unión deses disociados coñecementos abriranos á realidade e á fráxil posición que nela ocupamos, perspectivas tan terríbeis que tolearemos ante a revelación, ou fuxiremos desa funesta luz, refuxiándonos na seguranza e a paz dunha nova idade de tebras.

Algúns teósofos sospeitaron da maxestosa grandeza do ciclo cósmico do que o noso mundo e a nosa raza non son máis que fugaces incidentes. Sinalaron estrañas supervivencias en termos que nos xearían o sangue se non estivesen disfrazados por un optimismo mol. Mais non son eles os que me deron a fugaz visión deses dons prohibidos que me estremecen cando penso neles e me enlouquecen cando soño con eles. Esa visión, como toda estarrecedora visión da verdade, xurdiu dunha unión casual de elementos diversos. Neste caso foi o artigo dun vello xornal e as notas dun profesor xa falecido. Agardo que ningún outro consiga levar a termo esta unión. Eu, por certo, se vivo, non engadirei voluntariamente un só elo a tan horrorosa cadea. Acho, por outra banda, que o profesor decidira tamén non revelar o que sabía e que se non morrese, destruiría as súas notas.

Tiven coñecemento deste asunto por primeira vez no inverno de 1926-1927, á morte do meu tío avó, George Gammel Angell, profesor honorario de linguas semíticas da Universidade de Brown, Providence, Rhode Island. O profesor Angell era unha autoridade inmensamente coñecida en materia de inscricións antigas e a el recorreran con frecuencia os conservadores dos máis importantes museos. Moitos deben de lembrar entón a súa desaparición, á idade de noventa e dous anos. As escuras razóns da súa morte aumentaron aínda máis o interese local. O profesor morrera mentres volvía do barco de Newport e, segundo afirman as testemuñas, após recibir o empurrón dun mariñeiro negro. Este xurdira dunha das curiosas e avesías pasaxes situadas na faldra abrupta da cuíña que une os peiraos coa casa do finado, en Williams Street. Os médicos, incapaces de descubrir ningunha desorde orgánica, concluíron, logo dun perplexo troco de opinións, que a morte había que lla atribuír a unha escura lesión do corazón, que se producira polo rápido ascenso dunha costa excesivamente empinada para un home de tantos anos. Daquela non vin ningún motivo para disentir dese diagnóstico, mais hoxe teño a miñas dúbidas... e algo máis que dúbidas.

Como herdeiro e executor do testamento do meu tío avó, que era viúvo e non tiña fillos, era de agardar que eu examinase os seus papeis con certa atención. Trasladei con ese propósito todos os seus arquivos e caixas á miña casa de Boston. O material, que eu mesmo ordenei, será publicado na súa meirande parte pola Sociedade Americana de Arqueoloxía. Mais había unha caixa que me semellou sumamente enigmática e sentín sempre repugnancia de amosarlla a outros. Estaba fechada e non achei a chave até que se me ocorreu examinar o chaveiro que o profesor levaba sempre con el. Conseguín abrila entón, mais encontreime con outro obstáculo maior e aínda máis difícil de sortear. Que significado podían ter ese curioso baixorrelevo de arxila e esas notas, fragmentos e recortes de xornais vellos? Convertérase o meu tío, nos seus últimos anos, nun devoto das máis superficiais imposturas? Resolvín ir na procura do excéntrico escultor que alterara a paz mental do ancián.

O baixorrelevo era un rectángulo basto de dous centímetros de grosor e duns trinta ou corenta centímetros cadrados de superficie e orixe indubidabelmente moderna. Os debuxos, porén, non eran nada modernos, nin pola

súa atmosfera nin por aquilo que suxerían, pois aínda que as rarezas do baldismo e o futurismo sexan numerosas e extravagantes, non adoitan reproducir esa críptica regularidade da escrita prehistórica. E a maior parte dos debuxos semellaban ser algunha especie de escritura, abofé. A pesar da miña familiaridade cos papeis e coleccións do meu tío, non conseguín identificala, nin albiscar sequera algunha remota relación.

Sobre eses supostos xeroglíficos había unha figura de carácter evidentemente representativo, aínda que a execución impresionista impedía comprender a súa natureza. Semellaba unha especie de monstro ou o símbolo dun mostro, ou unha forma que só unha fantasía enfermiza podería concibir. Se digo que na miña algo extravagante imaxinación se representou á vez como un polbo, un dragón e a caricatura dun ser humano, non traizoarei o espírito do debuxo. Sobre un corpo escamudo e grotesco, dotado de ás rudimentarias, erguíase unha cabeza polposa e coroada de tentáculos, mais era o contorno xeral o que a facía particularmente horríbel. Atrás da figura embozábase unha arquitectura ciclópea.

As notas que acompañaban este curioso obxecto, ademais duns recortes de xornais, foran escritas polo profesor mesmo e non tiñan pretensións literarias. O documento que semellaba máis importante estaba encabezado polas palabras *O CULTO DE CTHULHU*, escritas coidadosamente en caracteres de prelo para evitar todo erro na lectura dun nome tan descoñecido. O manuscrito dividíase en dúas seccións: a primeira tiña o seguinte título: «*1925, Soño e obra onírica de H. A. Wilcox, Thomas Street 7, Providence, R.I.*», e a segunda: «*Informe do inspector John R. Legrasse. Bienville Street 121, Nova Orleáns, á Sociedade Americana de Arqueoloxía, 1928. Notas do mesmo e do profesor Webb*». As outras notas manuscritas eran todas moi breves: relatos de soños curiosos de diferentes persoas ou citas de libros e revistas teosóficos (principalmente d'*A Atlántida e a Lemuria perdida* de W. Scott-Elliot), e o resto comentarios sobre a supervivencia das sociedades e cultos secretos, con referencia a pasaxes de tratados mitolóxicos e antropolóxicos como a *A póla dourada* de Frazer, e *O culto das meigas na Europa Occidental* da señorita Murray. Os recortes de xornais aludían principalmente a casos de alienación mental e á crise de demencia colectiva na primavera de 1925.

A primeira parte do manuscrito principal relataba unha historia moi curiosa. Semella que o primeiro de marzo de 1925, un mozo delgado, moreno, de xeito neurótico, e nun estado de grande excitación, visitara o profesor Angell co singular baixorrelevo de arxila, daquela aínda fresco e húmido. Nun lateral líase o nome de Henry Anthony Wilcox, e o meu tío recoñecera nel o fillo menor dunha excelente familia coa que estaba lixeiramente relacionado. Wilcox, que desde había un tempo estudaba debuxo na Escola de Belas Artes de Rhode Island e que vivía no hotel Fleur de Lys, moi preto desta institución, era un mozo precoz de xenio indubidábel, mais moi excéntrico. Desde a súa infancia chamara a atención polas historias e soños estraños que se compracía en relatar. Autodenominábase «hipersensitivo», mais a xente seria da vella cidade comercial considerábao simplemente «raro». Non frecuentara nunca a xente da súa propia clase e pouco a pouco fora retirándose de toda actividade social. De feito agora só o coñecían algúns estetas doutras cidades. A *Asociación artística de Providence*, desexosa de preservar o seu conservadorismo, desafiuzárao.

Naquela visita, dicía o manuscrito, o escultor pedira a axuda dos coñecementos arqueolóxicos do seu hóspede para identificar os xeroglíficos. O mozo falaba dun xeito pomposo e descoidado que impedía simpatizar con el. O meu tío respondeulle con sequidade, pois a evidente idade da tabela excluía toda posíbel relación coas ciencias arqueolóxicas. A réplica de Wilcox, que impresionou abondo ao meu tío como para que a reproducise palabra por palabra, tivo esa énfase poética que caracterizaba sen dúbida a súa conversa habitual.

—É nova, abofé —díxolle—, xa que a fixen onte á noite mentres soñaba con estrañas cidades, e os soños son máis vellos que a cavilosa Tiro, a contemplativa Esfinxe, ou a Babilonia inzada de xardíns.

E comezou a narrar unha historia desordenada que, de súpeto, acordou no meu tío unha lembranza. O ancián amosouse febrilmente interesado. A noite anterior houbera un leve tremor de terra —o máis violento dos que abanara Nova Inglaterra neses últimos anos— que afectara á imaxinación de Wilcox dun xeito terríbel. Xa na cama, e por primeira vez na súa vida, vira en soños unhas cidades ciclópeas de enormes bloques de pedra e xigantescos e sinistros monólitos dun horror latexante, que exsudaban un limo esverdeado. Os muros e piares estaban cubertos de xeroglíficos e das profundidades da terra, dalgún punto indeterminado, viña unha voz que non era unha voz, se non máis ben unha sensación confusa que só a fantasía podía traducir nesta unión de letras case imposíbeis: *Cthulhu fhtagn*.

Esta mistura de letras foi a chave da lembranza que excitou e perturbou o profesor Angell. Interrogou o escultor cunha minuciosidade científica e estudou cunha intensidade case frenética o baixorrelevo que o mozo estivera esculpindo en soños, vestido só coa súa roupa de durmir e tremendo co frío. O meu tío culpou a súa avanzada idade —dixo Wilcox máis tarde— por non recoñecer decontado os xeroglíficos e o debuxo. Moitas das súas preguntas semelláronlle un pouco fóra de lugar ao seu visitante, especialmente aquelas que trataban de

relacionar a este último con sociedades e cultos estraños. E Wilcox non puido entender por que o meu tío lle prometeu repetidamente gardar silencio se admitía ser membro dunha das tan innumerábeis seitas pagás ou místicas. Cando o profesor ficou á fin convencido de que Wilcox ignoraba de verdade toda doutrina ou cultos segredos, suplicoulle que non deixase de o informar acerca dos seus soños. Este pedido deu os seus froitos, pois, a partir desa primeira entrevista, o manuscrito menciona as visitas diarias do mozo e a descrición de espantosas visións nocturnas cuxo tema principal eran sempre unhas construcións ciclópeas de pedra, húmidas e mouras, e unha voz ou intelixencia subterránea que berraba unha e outra vez, en enigmáticos e sensíbeis impactos, algo indescritíbel. Os dous sons que se repetían con mais frecuencia eran os representados polas palabras «Cthulhu» e «R'lyeh».

O 23 de marzo —continuaba o manuscrito— Wilcox faltou á cita. Unha investigación realizada no hotel revelou que fora atacado por unha febre de orixe descoñecida e que o levaran á casa dos seus pais, en Waterman Street. Puxérase a berrar en medio da noite, acordando a varios artistas que vivían no mesmo hotel, e desde entón pasara da inconsciencia ao delirio. O meu tío telefonou deseguido á familia e desde ese momento seguiu de preto o caso, indo a miúdo á secretaria do doutor Tobey, en Thayer Street, médico de cabeceira do mozo. A mente febril de Wilcox alimentaba, aparentemente, estrañas imaxes. O doutor estremeceuse ao lembralas. Non só incluían unha repetición dos soños anteriores, senón que tamén unha criatura xigantesca «de varios quilómetros de altura» que camiñaba ou se movía pesadamente.

Wilcox nunca lle facía descricións detalladas, mais as poucas e incoherentes palabras que lembraba o doutor Tobey convenceron o profesor de que aquel era o monstro que o mozo tentara representar. Cando Wilcox se refería á súa obra, engadiu o doutor, caía deseguido, invariabelmente, nunha especie de letargo. Cousa rara, a súa temperatura non estaba nunca por riba do normal, pero o seu estado semellaba máis o dunha febre violenta que o dunha desorde do cerebro.

O 2 de abril ás tres da tarde, a enfermidade cesou de súpeto. Wilcox sentou na cama, abraiado de se atopar na casa de seus pais e ignorando por completo o que ocorrera nos seus soños ou na realidade desde o 22 de marzo. Como o médico declarara que estaba curado, aos tres días volveu ao seu hotel. Mais xa non lle foi de ningunha utilidade ao profesor Angell: xunto coa súa enfermidade esvaecéranse todos aqueles soños e, despois de ouvir durante unha semana os relatos inútiles e irrelevantes dunhas moi comúns visións, o meu tío deixou de anotar os pensamentos nocturnos do artista.

⁂

Aquí acababa a primeira parte do manuscrito, mais as abundantes notas convidaban realmente á reflexión. Só o escepticismo inveterado que informaba entón a miña filosofía pode explicar a miña persistente desconfianza. As notas describían o que soñaran diversas persoas no mesmo período en que o mozo Wilcox tivera as súas estrañas revelacións. O meu tío, polo visto, organizara unha vasta enquisa entre case todos aqueles a quen podía interrogar sen semellar impertinente, pedindo que lle contasen os seus soños e lle comunicasen as datas de todas as súas visións notábeis. As reaccións foran variadas pero o profesor recibiu máis respostas que as que obtería calquera outro home sen a axuda dun secretario. Aínda que non conservou a correspondencia orixinal, as notas formaban un completo e moi significativo resumo. A aristocracia e os homes de negocios —a tradicional «sal da terra» de Nova Inglaterra— deron un resultado case completamente negativo, aínda que houbo algúns poucos casos de informes de impresións nocturnas, sempre entre o 13 de marzo e o 2 de abril, período de delirio do mozo escultor. Os homes de ciencia tampouco foron moi afectados, aínda que cando menos catro loubás descricións suxerían a visión fugaz de estrañas paisaxes e unha delas falaba do temor a algo anormal.

As respostas máis pertinentes procedían de artistas e poetas e, cando se comparaban as súas notas, víase que foran presas do pánico. Ante a falta das cartas orixinais, cheguei a sospeitar que o compilador estivera a facer preguntas insidiosas ou deformara o texto da correspondencia para corroborar o que resolvera ver. Por iso persistín na crenza de que Wilcox, coñecendo dalgún modo os vellos documentos axuntados polo meu tío, estivera enganándoo. Estas respostas dos artistas narraban unha perturbadora historia. Entre o 28 de febreiro e o 2 de abril gran parte deles tiveran soños moi curiosos, acadando a súa máxima intensidade no tempo do delirio do escultor.

Unha cuarta parte falaba de escenas e sons semellantes aos descritos por Wilcox e algúns confesaban o seu terror perante unha criatura xigantesca e sen nome. Un caso, que as notas describían con énfase era particularmente triste: o suxeito, un arquitecto moi coñecido, algo inclinado ao ocultismo e á teosofía, tornouse completamente tolo a noite que levaron o mozo Wilcox á casa dos seus pais e morreu meses despois berrando que o salvasen dalgún fuxido habitante do inferno. Se o meu tío conservase os nomes destes casos, en vez de reducilos

a números, eu podería facer algunha investigación persoal. Mais, como estaban as cousas, só puiden atopar uns poucos.

Porén, todos confirmaron as notas. Pregunteime a miúdo se aqueles a quen interrogara o profesor Angell se sentiran tan intrigados como este grupo. Nunca lles dei explicacións e é mellor así.

Os recortes de prensa, como xa dixen, trataban de casos de pánico, teima e excentricidade, sempre no mesmo período. O profesor Angell debera de empregar unha axenda de recortes, pois o número destes extractos era prodixioso e ademais procedían de todos os recunchos do mundo. Un describía un suicidio nocturno en Londres: un home saltara por unha xanela despois de lanzar un berro horríbel. Nunha confusa carta ao editor dun xornal suramericano, un fanático anunciaba, apoiando-se nas súas visións, un futuro sinistro. Un despacho de California relataba que unha colonia teosófica comezara a usar vestiduras brancas ante a proximidade dun «glorioso acontecemento», que non chegaba nunca, mentres as novas da India se referían cautelosamente a unha seria axitación dos nativos, producida a finais de marzo. As orxías vudús multiplicáranse en Haití e en África falárase duns cantos misteriosos. Os oficiais americanos radicados en Filipinas tiveran certas dificultades con algunhas tribos e na noite de 22 de marzo os policías de Nova York foran amolados por levantinos histéricos. Confusos rumores percorreron tamén o oeste de Irlanda, e un pintor chamado Ardois-Bonnot exhibiu en 1926, no salón de primavera de París, unha blasfema «Paisaxe de Soño». Nos asilos de alienados as desordes foron tan numerosas que só un milagre logrou impedir que o corpo médico advertise curiosas semellanzas e sacase apresuradas conclusións. Unha rara colección de recortes, de verdade. Apenas concibo hoxe o cru racionalismo con que os fixen a un lado.

Mais fiquei convencido de que o mozo Wilcox tivera novas duns sucesos anteriores mencionados polo profesor.

2. O INFORME DO INSPECTOR LEGRASSE

Os sucesos anteriores polos que o meu tío dera tanta importancia ao soño do escultor e ao baixorrelevo eran o tema da segunda metade do longo manuscrito. Xa unha vez, semellaba, o profesor Angell vira os odiosos contornos do monstro anónimo, meditara sobre os descoñecidos xeroglíficos e ouvira as sílabas que só a palabra «Cthulhu» podían traducir... Todo isto en circunstancias tan arrepiantes que non é raro que perseguise o mozo Wilcox con preguntas e rogos.

Esta experiencia anterior ocorrera dezasete anos antes, en 1908, mentres a Sociedade Americana de Arqueoloxía celebraba o seu congreso anual, en Saint-Louis. O profesor Angell, pola súa autoridade e os seus méritos, desempeñara un papel importante en todas as deliberacións, e a el achegáronse varios profanos que aproveitaban a oportunidade da convocatoria para facer preguntas e presentar problemas.

O xefe dese grupo non tardou en se converter no centro de atracción de todo o congreso. Era un home de xeito moi común, mediana idade, e que fixera a viaxe de Nova Orleáns a Saint-Louis na procura de certa información que non puidera obter no seu distrito. Chamábase John Raymond Legrasse e era inspector de policía. Traía consigo o obxecto da súa viaxe: unha estatuiña de pedra, repugnante e grotesca, moi antiga aparentemente, cuxa orixe non lograra determinar.

Non se debe crer que o inspector Legrasse se interesase pola arqueoloxía. Todo o contrario: o seu desexo de se instruír tiña como única orixe razóns enxebremente profesionais.

A estatuiña, ídolo, fetiche ou o que fose, fora capturada meses antes nos illós boscosos do sur de Nova Orleáns, no decurso dunha expedición contra unha presunta cerimonia vudú. Tan singulares e odiosos eran os ritos que a policía comprendeu que se achaba ante un culto totalmente ignorado e infinitamente máis diabólico que os do vudú.

Os confusos e incríbeis relatos arrincados pola forza aos prisioneiros nada informaron sobre a súa posíbel orixe. De aí o desexo da policía de consultar algunha autoridade para identificar así o horríbel símbolo, e seguir as pegadas do culto até as súas fontes. O inspector Legrasse non esperara que o seu pedido convocase unha impresión semellante.

A aparición da curiosa estatuiña abondou para excitar os homes de ciencia, e pronto todos rodearon o inspector para contemplar de preto a diminuta figura cuxa rareza e xeito de xenuína e abismal antigüidade abrían perspectivas tan misteriosas e arcaicas. Ninguén recoñeceu a escola escultórica da que nacera a estatua e, non obstante, centenares e mesmo máis anos semellaban terse pousado na moura e esverdeada superficie daquela pedra descoñecida.

A figura, que os membros do congreso pasaron de man en man para a estudar con máis minuciosidade, medía

entre uns vinte a vinte e cinco centímetros de altura e estaba finamente labrada. Representaba un monstro de contornos levemente antropoides, mais cunha cabeza de polbo cuxo rostro era unha masa de tentáculos, un corpo escamudo que suxería certa elasticidade, catro extremidades dotadas de poutas enormes e un par de ás longas e estreitas no lombo. Esta criatura, que exhalaba unha malignidade antinatural, semellaba ser dunha pesada corpulencia e estaba sentada nun pedestal ou bloque rectangular, cuberto de indescritíbeis caracteres. As puntas das ás cofaban o borde posterior do bloque, o asento ocupaba o centro, mentres que as poutas longas e cambas das pregadas extremidades asían o borde anterior e descendían até un cuarto da altura do pedestal.

A cabeza de cefalópodo inclinábase cara ao dorso das poutas enormes que apertaban os elevados xeonllos. O conxunto daba unha impresión de vida anormal, máis terrorífico a causa da imposibilidade de estabelecer a súa orixe. A súa vasta, pavorosa e incalculábel idade non se podía negar. Non obstante, nada permitía relacionalo con algún tipo de arte dos comezos da civilización.

O material da estatua implicaba outro misterio: non había nada semellante na xeoloxía ou na mineraloxía, a aquela peza xabonosa, verdinegra, de estrías douradas ou iridescentes. Os caracteres da base eran igualmente desconcertantes, e ningún dos membros do congreso, a pesar de que representaban a metade das autoridades mundiais nesta esfera, puido descubrir o máis remoto parentesco lingüístico. Tanto a figura como o material pertencían a algo incribelmente afastado, totalmente distinto da humanidade que coñecemos: algo suxería, dun modo terríbel, antigos e profanos ciclos nos que o noso mundo e as nosas concepcións non participaran.

E, porén, mentres os membros do congreso abanaban a cabeza e se confesaban incapaces de resolver o misterio, un deles creu descubrir algo raramente familiar na efixie e os xeroglíficos e, á fin, non sen reticencia, confesou o que sabía. Este home era o hoxe desaparecido William Channing Webb, profesor de antropoloxía na Universidade de Princeton e explorador dabondo prestixioso.

Corenta anos antes o profesor Webb percorrera Grenlandia e Islandia na procura de certas inscricións rúnicas que até aquela non puidera descubrir. Na costa de Grenlandia atopárase cunha tribo dexenerada de esquimós, cuxa relixión, forma singular dos cultos demoníacos, impresionárao intensamente pola súa face sanguinaria e repulsiva. Era aquela unha fe que os outros esquimós ignoraban case do todo, e á que se referían estremecéndose. Databa, dicían, de épocas moi antigas, anteriores ao nacemento do mundo. Xunto a ritos anónimos e sacrificios humanos había invocacións de orixe tradicional dirixidas a un demo supremo ou *tornasuk*. O profesor Webb ouvira esa invocación na boca dun vello *angekok*, ou meigo sacerdote, e transcribíraa, até onde era posíbel, en caracteres romanos. Mais o que agora semellaba importante era o fetiche adorado nese culto e arredor do cal bailaban os esquimós cando a aurora boreal brillaba moi por riba dos acantilados de xeo. Era, declarou o profesor, un rudo baixorrelevo de pedra cunha figura horríbel e algúns caracteres misteriosos. Coidaba lembrar que se semellaba, polo menos en todos os trazos esenciais, á criatura bestial que agora estaban a examinar.

Este relato, recibido con asombro e sorpresa polos membros do congreso, semellou excitar o inspector Legrasse, que abafou o profesor con preguntas. Logo de copiar unha invocación recitada por un dos oficiantes do illó, rogou ao profesor Webb que tratase de lembrar as sílabas recollidas en Grenlandia. Seguiu unha comparación exhaustiva de todos os detalles e un intre de avesío silencio cando o profesor e o detective conviñeron na virtual identidade das frases. Velaquí, en substancia (a división das palabras foi estabelecida de acordo coas pausas tradicionais observadas polos oficiantes), o que o meigo esquimó e os sacerdotes de Louisiana cantaran aos seus ídolos:

Ph'nglui mglw'nafh «Cthulhu»
R'lyeh wgah'nagl fhtagn

Legrasse tivera máis sorte que o profesor Webb, pois varios prisioneiros lle revelaran o sentido desas palabras. Era algo así:

Na súa casa de R'lyeh o desaparecido Cthulhu espera soñando.

E entón, respondendo a un rogo xeral, o inspector relatou minuciosamente a súa experiencia cos fieis do illó. Vexo agora que o meu tío deu grande importancia a esa historia. Tiña certa semellanza coas fantasías máis extravagantes dos teósofos e os creadores de mitos, e revelaba unha asombrosa imaxinación de carácter cósmico que ninguén esperaría entre parias e vagabundos.

O 1 de novembro de 1907 a policía de Nova Orleáns recibira unha mensaxe de alarma da rexión pantanosa do sur. Os colonos, xente primitiva, mais boa por natureza, descendente na súa maior parte de Laffite, eran presa do pánico a causa de algo descoñecido que invadira a rexión durante a noite. Tratábase en aparencia dun culto vudú,

pero dunha especie máis terríbel que todo o que eles coñecían. Desde que o malévolo *tam-tam* comezara a soar naquelas fragas negras onde ninguén se ousaba aventurar, desapareceran varias mulleres e nenos. Ouvíranse berros irracionais, choros arrepiantes e cantos lúgubres, e unhas lapas diabólicas bailaran na espesura. Os veciños, engadía o aterrorizado mensaxeiro, non o podían soportar.

Nas primeiras horas da tarde vinte policías partiron en dous carros e un automóbil, guiados polo temoroso colono. Cando o camiño se fixo intransitábel, abandonaron os vehículos e durante varios quilómetros batuxaron en silencio a través dos espesos bosques de cipreses onde nunca penetraba a luz do día. Raíces tortuosas e nós malignos de mofo español atrasaban a marcha, e de vez en cando unha pía de pedras húmidas ou os fragmentos dunha parede en ruínas facían máis depresiva aquela atmosfera que as árbores deformadas e as colonias de fungos contribuían a crear. Á fin apareceu un miserábel conxunto de chozas e os histéricos colonos correron a se agrupar ao redor das vacilantes lanternas. O apagado petar dos *tam-tams* ouvíase ao lonxe, a brisa traía moi de cando en cando un berro que xeaba o sangue. Un resplandor vermello semellaba filtrarse por entre a follaxe esbrancuxada, alén das interminábeis avenidas da noite selvática. A pesar da súa repugnancia a ficaren novamente sós, todos os habitantes do lugar negáronse a avanzar un só paso cara á escena do culto maldito, de modo que o inspector Legrasse e os seus dezanove colegas tiveron que aventurarse sen guías por aquelas negras arcadas de horror onde ningún deles puxera o pé.

A rexión na que agora entraba a policía tiña tradicionalmente moi mala sona e na súa maior parte non fora explorada por homes brancos. Algunhas lendas referíanse a un lago secreto en que vivía unha colosal e informe criatura, algo semellante a un pólipo de ollos fosforescentes e, segundo os colonos, uns demos con ás de morcego saían a media noite das súas cavernas para adorar o monstro. Afirmaban que este estaba alá desde antes de que chegasen La Salle, os indios, e mesmo as bestas e paxaros do bosque. Era un verdadeiro pesadelo e velo significaba a morte. Mais aparecíase en soños á xente, e iso abondaba para que estes se mantivesen afastados. A orxía vudú desenvolvíase nos límites extremos da área aborrecida, pero aínda así o emprazamento era abondo malo, e iso quizais aterrara os colonos máis que os berros ou incidentes.

Só a poesía ou a tolemia poderían reproducir os ruídos que ouviron os homes de Legrasse mentres atravesaban lentamente o avesío illó, achegándose á luz vermella e aos apagados *tam-tams*. Hai unha calidade vogal propia das bestas e nada máis terríbel que ouvir unha delas cando o órgano de onde provén debería ser o doutra. Unha furia animal e unha licenza orxiástica exacerbábanse alá até atinxir alturas demoníacas con berros e ouleos extáticos que reverberaban nos bosques tenebrosos como lufadas pestilentes xurdidas dos abismos do inferno. De cando en cando cesaban os berros e o que semellaba un coro de voces roucas entoaba a odiosa melopea:

Ph'nglui mglw'nafh «Cthulhu»
R'lyeh wgah'nagl fhtagn.

Por fin os homes chegaron a un sitio onde a fraga era menos mesta e atopáronse de pronto no lugar mesmo da escena. Catro tropezaron, un quinto perdeu o coñecemento e outros dous lanzaron un berro de horror que, por sorte, foi apagado polo tumulto salvaxe da orxía. Legrasse pulverizou con auga pantanosa o rostro do home esvaecido e entón todos contemplaron o espectáculo fascinados polo horror. Nun claro natural do illó alzábase unha illa verde dunhas corenta áreas de extensión, desprovista de árbores, e abondo seca. Alá saltaba e se retorcía unha horda de anormalidades humanas máis indescritíbeis que calquera das que puidese pintar un Sime ou un Angarola. Sen roupas, esta híbrida caterva bramaba, ruxía e contorsionábase arredor dunha fogueira circular. De cando en cando abríanse as cortinas de lume e podíase distinguir no centro un bloque de granito duns dous metros e medio de alto, en cuxo cumio, incongruente pola súa cativeza, se alzaba a funesta estatuiña. En dez pelouriños instalados a intervalos regulares nun ancho círculo que rodeaba a fogueira, co monólito como centro, colgaban cabeza abaixo os corpos estrañamente mutilados dos desaparecidos colonos. Dentro deste círculo saltaba e ruxía o anel de fieis, movéndose de esquerda a dereita nunha bacanal interminábel entre o círculo de cadáveres e o círculo de lume.

Puido ser só a imaxinación ou puido ser un simple eco, mais un dos homes, un impresionábel español, coidou ouvir que as invocacións eran seguidas por unhas respostas antifonais que procedían dun afastado e avesío lugar, situado no máis profundo daquel bosque de lenda. Este home, Joseph D. Gálvez, a quen máis tarde atopei e interroguei, tiña unha imaxinación desbordante. Chegou a dicir que ouvira o petar feble dunhas grandes ás e que entreviu uns ollos luminosos e unha enorme masa branca atrás das árbores máis afastada. Pero coido que estaba demasiado influído polas supersticións locais.

A inactividade dos homes paralizados foi comparativamente de pouca duración. O deber venceu pronto todas as dúbidas e, aínda que os celebrantes debían de chegar ao centenar, a policía, confiada nas súas armas de

fogo, irrompeu en medio da horda. Durante cinco minutos o caos e o tumulto foron indescritíbeis. Houbo furiosos golpes, disparos e fuxidas. Mais finalmente Legrasse puido contar corenta e sete prisioneiros aos que obrigou a vestirse e rodeou de policías. Cinco dos celebrantes morreran e outros dous, moi malferidos, foron transportados polos seus cómplices en improvisadas padiolas. A imaxe do monólito foi tirada con todo coidado e levada por Legrasse.

Examinados no cuartel da policía, despois dunha viaxe esgotadora, os prisioneiros resultaron ser mestizos de moi baixa ralea e mentalmente febles. Eran na súa maior parte mariñeiros e había algúns negros e mulatos, procedentes case todos das illas de Cabo Verde, que daban un certo matiz vudú a aquel culto heteroxéneo. Mais non se necesitaron moitas preguntas para comprobar que se trataba de algo máis antigo e profundo que un fetichismo africano. Aínda que degradados e ignorantes, os prisioneiros mantivéronse fieis, con espantosa consistencia, á idea central do seu aborrecíbel culto.

Adoraban, dixeron, os Grandes Antigos, que eran moi anteriores ao home e que chegaran ao novo mundo desde o ceo. Eses Antigos retiráranse agora ao interior da Terra e ao fondo do mar, mais os seus cadáveres comunicáranse en soños co primeiro humano, quen inventara un culto que nunca morrera. Este era ese culto e os prisioneiros dixeron que existira sempre e que sempre existiría, ocultándose en sitios afastados, desertos e lugares retirados até que o grande sacerdote Cthulhu saíse da súa sombriza morada na cidade submarina de R'lyeh para reinar outra vez sobre a Terra.

Algún día viría, cando os astros ocupasen unha determinada posición, e o culto secreto estaría alá, agardando por el.

Entrementres non podían dicir máis nada. Tratábase dun segredo que nin a tortura lles podería arrincar. A humanidade non era o único consciente na Terra, pois había unhas formas que emerxían da sombra para visitar os seus escasos fieis. Mais estas non eran os Grandes Antigos. Ningún ser humano vira os Antigos. O ídolo de pedra representaba o gran Cthulhu, pero ninguén podía dicir se os outros eran ou non coma el. Ninguén era capaz de descifrar agora a antiga escrita. Moitas cousas transmitíanse oralmente. A invocación ritual non era o segredo. Este non se comunicaba nunca en voz alta. O canto significaba: «na súa casa de R'lyeh o desaparecido Cthulhu espera soñando».

Só dous dos prisioneiros foron xulgados cordos abondo e foron aforcados. O resto foi enviado a diversas institucións. Todos negaron ter participado nos crimes rituais e afirmaron que as culpábeis daquelas mortes eran as Ás Negras que viñeran até eles desde o seu refuxio inmemorial no bosque encantado. Mais nada coherente se puido saber daqueles aliados misteriosos. O que a policía logrou obter saíu na súa maior parte dun vellísimo mestizo chamado Castro, que contaba que arribara en portos arredados e falara cos xefes inmortais do culto nas montañas da China.

O vello Castro lembraba fragmentos de odiosas lendas que empequenecían as especulacións dos teósofos e facían do noso mundo algo recente e fugaz. En ciclos moi afastados outros seres gobernaran a Terra. Viviran en grandes cidades e os seus vestixios aínda podían atoparse —dixéranlle a Castro os inmortais de China— nunhas pedras ciclópeas dalgunhas illas do Pacífico. Morreran moitísimo antes da aparición da humanidade, mais había artes que poderían revivilos cando os astros volvesen ocupar a súa xusta posición nos ceos da eternidade. Estes seres, indubidabelmente, procedían das estrelas e trouxeran as súas imaxes con eles.

Estes Grandes Antigos, continuou Castro, non eran de carne e óso. Tiñan forma —acaso non o probaba esta imaxe estelar?—, mais esa forma non era material. Cando as estrelas eran propicias, ían de mundo en mundo a través do ceo, pero cando eran desfavorábeis, non podían vivir. Mais aínda que xa non vivisen, en realidade non morreran: xacían todos en casas de pedra na grande cidade de R'lyeh, preservada polos sortilexios do grande Cthulhu para o día en que as estrelas e a Terra puidesen recibir a súa gloriosa resurrección. Mais nesa época algunha forza exterior debía axudar á liberación dos seus corpos. Os esconxuros que impedían que se descompuxesen impedían tamén que se movesen e os Antigos tiñan que se contentaren con xacer e pensar na escuridade mentres transcorrían millóns de anos.

Coñecían todo o que ocorría no mundo, pois a súa linguaxe consistía na transmisión do pensamento. Nese mesmo intre falaban nas súas tumbas. Cando, despois dun caos infinito, apareceron os primeiros humanos, os grandes antigos falaron aos mais sensíbeis moldeándolles os soños.

Aqueles primeiros humanos, bisbilloteou Castro, estabeleceron o culto con que se adoraba aos ídolos dos Grandes Antigos, ídolos traídos de estrelas escuras nunha época infinitamente afastada. Ese culto non morrería até que as estrelas volvesen ser favorábeis.

Os sacerdotes quitarían entón o gran Cthulhu da súa tumba para que revivise os seus vasalos e puidese asumir o seu reinado na Terra. Ese tempo sería doado de coñecer, pois entón a humanidade se parecería aos

Grandes Antigos: salvaxe e libre, alén do ben e do mal, sen moral e sen lei. E toda a humanidade berraría e mataría e gozaría ledamente. Os Antigos, liberados, aprenderían novos modos de berrar e matar e gozar, e o mundo enteiro ardería nun holocausto de liberdade e éxtase. Entrementres, o culto, con apropiados ritos, debía conservar a lembranza daqueles días antigos e presaxiar o seu retorno.

Nos primeiros tempos algúns homes escollidos falaran en soños con aqueles seres, mais entón algo pasara. A gran cidade de pedra de R'lyeh, cos seus monólitos e sepulcros, afundírase baixo as ondas e as augas dos abismos. Con ese misterio primixenio en que ninguén pensara nin sequera en penetrar interromperan esas citas espectrais. Pero as lembranzas non morrían e os altos sacerdotes afirmaban que cando os astros fosen favorábeis a cidade volvería á superficie. Entón os vellos espíritos da Terra, mofentos e sombríos, sairían dos seus subterráneos e propagarían os rumores recollidos alá, en esquecidos fondos do océano. Mais deles o vello Castro non se atrevía a falar. De pronto interrompeuse e nin a persuasión nin as sutilezas puideron arrincarlle outras informacións. Tampouco quixo mencionar, curiosamente, o tamaño dos Antigos. En canto ao culto, afirmou que o seu centro debía de atoparse nos desertos intransitados de Arabia, onde Irem, a Cidade dos Piares, soña aínda intacta e secreta. Non tiña relación ningunha coa bruxaría europea e só era coñecido polos seus membros. Ningún libro aludía a el, aínda que os chineses inmortais dicían que no *Necronomicón* do árabe tolo Abdul Alhazred había un sentido agochado que o iniciado podía interpretar de moi diversas maneiras, especialmente no tan discutido dístico:

> «Que non está morto o que eternamente pode xacer
> e cos eóns estraños mesmo a morte pode morrer.»

Legrasse, profundamente impresionado e non pouco intrigado, procurara sen éxito as filiacións históricas do culto. Castro, aparentemente, dixera a verdade ao afirmar que era un segredo. As autoridades da Universidade de Tulane non puideron botar luz ningunha sobre o culto ou a imaxe e agora recorría ás maiores autoridades e se encontraba nada menos que co episodio de Grenlandia do profesor Webb.

O fervente interese que acordou o relato de Legrasse, corroborado pola presenza da estatuiña, tivo algún eco nas cartas que trocaron entón os membros do congreso, mais apenas hai algunha mención no informe oficial. A prudencia é preocupación primordial daqueles que se enfrontan a miúdo á charlatanería e a impostura.

Legrasse emprestou durante un tempo a estatua ao profesor Webb mais, á morte deste último foille devolta, e está desde entón na súa casa. Vina alá non hai moito tempo. É de verdade algo estarrecedor e indiscutibelmente semellante á escultura labrada en soños polo mozo Wilcox.

Non me asombrou que o meu tío se excitase co relato dese mozo. O que puido pensar ao saber, xa coñecedor da información recollida por Legrasse, que un rapaz sensíbel non só soñara a figura e os xeroglíficos das imaxes do illó e de Grenlandia, senón que tamén ouvira en soños tres das palabras da fórmula repetida polos mestres de Louisiana e os diabólicos esquimós? Era natural que o profesor Angell iniciase unha minuciosa investigación, aínda que eu no meu foro interno sospeitaba que o mozo Wilcox ouvira falar do culto e inventara unha serie de soños para acrecentar o misterio ante os ollos do meu tío. O relato dos outros soños e os recortes coleccionados polo profesor semellaban corroborar a historia do rapaz, mais o meu ben fundado racionalismo e a total extravagancia do asunto leváronme a adoptar as conclusións que estimei máis razoábeis. Daquela, despois de estudar outra vez o manuscrito e comparar as notas teosóficas e antropolóxicas coa descrición do culto que fixera Legrasse, viaxei a Providence para ver o escultor e increpalo por se burlar de tal modo dun sabio ancián.

Wilcox vivía aínda, só, no «Fleur de Lys» de Thomas Street, desagradábel imitación vitoriana da arquitectura bretoa do século XVII. A fachada de estuco do hotel lucía ostentosamente entre as encantadoras casas coloniais e á sombra do máis fermoso campanario xeorxiano que se puidese ver en América. Atopei a Wilcox nos seus apousentos, sumido no seu labor, e comprendín deseguida, polas pezas que o rodeaban, que o seu xenio era profundo e auténtico.

Coido que durante un tempo Wilcox figurará entre os grandes decadentes pois cristalizou en arxila e reflectirá un día na mármore eses pesadelos e fantasías evocados en prosa por Arthur Machen e que Clark Ashton Smith fixo visíbeis en versos e pinturas.

Moreno, fráxil e dun xeito un pouco descoidado, Wilcox volveuse e, sen deixar a súa cadeira, preguntoume o que desexaba. Cando lle dixen quen era, manifestou certo interese, pois o meu tío excitara a súa curiosidade ao examinar os seus raros soños, aínda que sen expresar as razóns dese exame. Sen sacalo da súa ignorancia, tratei prudentemente de lle facer falar.

Pouco tempo precisei para me convencer de que era sincero: falaba dos seus soños dun modo inequívoco. Eses soños e o seu residuo subconsciente influíran profundamente na súa arte e mostroume unha estatua mórbida

cuxo modelado me estremeceu pola forza da súa escura suxestión. Non lembraba ver o orixinal agás no baixorrelevo creado durante un soño, mais os contornos formáranse insensibelmente baixo as súas mans. Era, sen dúbida, a forma xigantesca da que falara no seu delirio. Comprobei moi pronto que non sabía nada do culto, agás o que o constante interrogatorio do meu tío deixara escapar, e tratei outra vez de concibir de que xeito puidera recibir esas impresións sobrenaturais.

Falaba dos seus soños dun xeito estrañamente poético, facéndome ver con terríbel claridade a cidade ciclópea de pedra verde e mofenta —cuxa xeometría, engadiu curiosamente, era totalmente errónea—, e ouvín outra vez cun temor expectante o subterráneo chamado mental: «Cthulhu fhtagn, Cthulhu fhtagn.»

Esas palabras figuraban na temíbel invocación que evocaba o soño-vixilia de Cthulhu na súa bóveda de pedra de R'lyeh e a pesar das miñas racionais ideas sentinme profundamente perturbado. Wilcox, era indubidábel, ouvira falar casualmente do culto e esquecérao deseguido na masa das lecturas e concepcións igualmente fantásticas. Máis tarde, en virtude do seu impresionábel carácter, o culto atopara un modo de expresión subconsciente nos soños, o baixorrelevo de arxila e a estatua que eu estaba agora a contemplar. De xeito que a superstición fora involuntaria. O mozo tiña uns modais un pouco afectados e un pouco vulgares que me desagradaban de veras. Mais eu xa estaba disposto a admitir todo o seu xenio como a súa honestidade. Despedinme amabelmente e desexeille todo o éxito que o seu talento prometía.

O asunto do culto continuou fascinándome e ás veces imaxinaba poder adquirir un gran renome investigando a súa orixe e relacións. Visitei Nova Orleáns, falei con Legrasse e outros dos que participaran naquela vella expedición, examinei a estatuiña e mesmo interroguei os prisioneiros que aínda vivían. O vello Castro, por desgraza, morrera había varios anos. O que escoitei entón de viva voz, aínda que non foi máis que unha confirmación detallada dos escritos do meu tío, acrecentou o meu interese e tiven a seguranza de estar sobre a pista dunha relixión moi antiga e secreta cuxa descuberta me convertería nun antropólogo de nota. A miña actitude era aínda entón materialista, como aínda querería que o fose, e por unha inexplicábel perversidade mental rexeitei a correspondencia dos soños e os recortes coleccionados polo profesor Angell.

Houbo algo, porén, que comecei a sospeitar e que agora coido saber: a morte do meu tío non fora nada natural. Caera ao chan na cuíña, nunha das estreitas ruelas que partían duns peiraos onde abundaban os mestizos estranxeiros, após do descoidado empurrón dun mariñeiro de face moura. Eu non esquecera que os oficiais de Louisiana se distinguían pola mestura de sangues e os seus intereses mariños, e non me sorprendera coñecer a existencia de agullas velenosas e métodos criminais secretos tan faltos de piedade como aquelas crenzas e ritos misteriosos. Legrasse e os seus homes, é certo, non foran amolados; mais en Noruega acaba de morrer un mariño que vía cousas. Non puideran chegar a ouvidos sinistros as investigacións realizadas polo meu tío despois de se atopar co escultor? Coido hoxe que o profesor Angell morreu porque sabía ou quería saber demasiado. É posíbel que me espere unha fin semellante, pois eu tamén aprendín moito.

3. A TOLEMIA DO MAR

Se o ceo decidise algún día lembrarme un insigne favor, riscaría totalmente da miña memoria a descuberta que fixen, por simples casualidades, ao botar unha ollada a unha folla de xornal que recubría un andel. Era un vello número do *Sidney Bulletin* do 18 de abril de 1925, co cal non podería dar na miña vida cotiá. Pasara inadvertido até para a axencia de recortes que estivera a coleccionar materiais para o meu tío durante esa época.

Case abandonara as miñas investigacións sobre o que o profesor chamaba o «culto de Cthulhu» e atopábame de visita na casa dun douto amigo de Patterson, Nova Jersey, conservador do museo local e mineraloxista de renome. Examinando un día os exemplares de reserva, amoreados en desorde nos andeis dunha das salas do fondo do museo, a miña ollada detívose na rara ilustración dun dos xornais estendido baixo as pedras. Era o *Sidney Bulletin* que mencionei. O meu amigo tiña correspondentes en todos os países estranxeiros imaxinábeis. A imaxe era unha fotografía en sepia dunha odiosa estatuiña de pedra case igual á que Legrasse atopara no illó.

Despoxei vivamente á folla do seu precioso contido, lin o artigo con coidado e lamentei a súa brevidade. O que suxería, porén, era de suma importancia para a miña xa vacilante procura. Arrinquei coidadosamente a nova co propósito de me pór deseguido en acción. Velaquí o contido:

> O VIGILANT ARRIBOU REMOLCANDO UN IATE NEOZELANDÉS ARMADO. UN MORTO E UN SOBREVIVINTE A BORDO. RELATAN COMBATES FURIOSOS E MORTES EN ALTA MAR. MARIÑEIRO RESCATADO NÉGASE A DAR DETALLES DA MISTERIOSA

EXPERIENCIA. ÍDOLO ESTRAÑO ATOPADO NO SEU PODER. INICIARASE UNHA INVESTIGACIÓN.

O cargueiro Vigilant, da compañía Morrison, procedente de Valparaíso, arribou esta mañá ao seu posto de amarre en Darling Harbour remolcando ao iate Alert de Dunedin N.2 con serias avarías, mais dotado aínda dun poderoso armamento. O iate foi avistado o 12 de abril aos 34º 21' de latitude sur, e aos 152º 17' lonxitude oeste, cun morto e un sobrevivente a bordo.

O Vigilant deixou Valparaíso o 25 de marzo, e o 2 de abril foi afastado considerabelmente do seu curso, en dirección sur, por excepcionais treboadas e enormes ondas. O 12 de abril o buque foi avistado á deriva. En aparencia fora abandonado, mais despois descubriu que levaba un sobrevivente en estado de delirio e un home morto cando menos desde había unha semana.

O sobrevivente apertaba entre as súas mans unha pedra horríbel de orixe descoñecida, duns trinta centímetros de altura, cuxa orixe os profesores da Universidade de Sidney, a Royal Society e o museo de College Street non puideron determinar, e que o home afirmaba ter descuberto na cabina do iate, nun altarciño rudimentario.

Este home, xa recobrado, relatou unha historia de pirataría e violencia sumamente estraña. Trátase dun noruegués chamado Gustaf Johansen, de certa cultura, segundo oficial na goleta Emma de Auckland, que partiu para o Callao o 20 de febreiro, cunha tripulación de 20 homes.

O Emma, dixo, foi demorado e afastado considerabelmente da súa ruta pola treboada do 1º de marzo, e o 22 do mesmo mes aos 49° 51' de latitude sur e aos 128º 54' de lonxitude este atopou ao Alert conducido por unha tripulación de canacos e mestizos de aspecto patibulario. O capitán Collins non obedeceu a orde de virar, e a tripulación do iate abriu fogo sen aviso cunha batería de canóns de bronce particularmente pesada.

Os mariñeiros do Emma, dixo o sobrevivente, resistíronse con valentía, e aínda que a goleta comezou a afundirse, pois varios proxectís atinxiran a liña de flotación, lograron achegarse ao inimigo e abordárono poñéndose a loitar en cuberta. Como os tripulantes do iate combatían dun modo torpe e cruel, tiveron que matalos a todos.

Tres dos homes do Emma, mesmo o capitán Collins e o primeiro oficial Gree, morreron. Os oito restantes, baixo o mando do segundo oficial, Johansen, puxéronse a navegar na dirección seguida orixinalmente polo iate, a fin de descubrir por que motivo se lles ordenara mudar de rumbo.

Ao día seguinte desembarcaron nunha illiña que non figuraba en ningún mapa. Seis dos homes morreron alá, aínda que Johansen se mostrou particularmente reticente a este respecto e dixo que caeran nunha fenda entre as penas.

Máis tarde, polo visto, Johansen e os seus parceiros volveron ao iate e trataron de o facer navegar, mais foron vencidos pola treboada do 2 de abril.

Desde ese día até o 12 de abril, data en que foi recollido polo Vigilant, Johansen non lembra nada, nin sequera cando morreu o seu parceiro William Briden. A morte non se debeu aparentemente a outra causa que ás privacións.

Cables procedentes de Dunedin informan de que o Alert era moi coñecido como barco de carga e tiña moi mala reputación. Pertencía a un curioso grupo de mestizos cuxas frecuentes incursións nocturnas aos bosques atraían non pouca curiosidade. Despois da treboada e os tremores de terra do 1º de marzo fixérase á vela.

O noso correspondente en Auckland afirma que o Emma e os seus tripulantes gozaban dunha excelente reputación e que Johansen é un home digno de toda confianza.

O almirantado vai iniciar unha investigación sobre este asunto, durante a cal se tratará de convencer a Johansen para que fale máis libremente.

Isto era todo, ademais da diabólica imaxe, mais que pensamentos acordou na miña mente! Estas novas preciosas do culto de Cthulhu probaban que este tiña fieis seguidores tanto no mar como en terra. Que motivo impulsara a híbrida tripulación a ordenar o regreso do *Emma* mentres navegaban co seu ídolo? Que illa descoñecida era aquela en que morreran seis dos tripulantes, cousa da que o contramestre Johansen se mostraba tan reticente a falar? Que

resultado tivera a investigación do almirantado e o que se sabía do odioso culto en Dunedin? E o máis extraordinario, que profunda e natural relación de feitos era esta que daba unha significación maligna e innegábel aos sucesos tan coidadosamente anotados polo meu tío?

O 1º de marzo —o 28 de febreiro de acordo ao fuso horario internacional— producírase unha treboada e un terremoto. O *Alert* e a súa malencarada tripulación deixaran Dunedin como obedecendo un imperioso chamado e no outro extremo da Terra poetas e artistas comezaran a soñar con unha ciclópea cidade submarina mentres un mozo escultor modelaba, en soños, a forma do terríbel Cthulhu.

O 23 de marzo a tripulación do *Emma* desembarcaba nunha illa descoñecida, perdendo alá seis homes, e nesa mesma data os soños dalgunhas persoas atinxiron a súa maior intensidade e escurecéronse co terror dun monstro maligno e xigantesco, mentres un arquitecto toleaba e un escultor caía présa do delirio. E o que pensar desa treboada do 2 de abril, data en que cesaron todos os soños da cidade mergullada e Wilcox saíu indemne daquela febre estraña? O que pensar igualmente daquelas alusións do vello Castro aos Antigos chegados das estrelas e ao seu reino próximo, e ao seu culto, e ao seu goberno dos soños? Estaba a me bambear no bordo dun abismo de horrores cósmicos, insoportábeis para un ser humano? En todo caso, non afectaron máis que á mente, pois o 2 de abril puxo termo dalgún modo á monstruosa ameaza que cercara a alma dos homes.

Aquela tarde, despois de pasar o día enviando telegramas e facendo urxentes preparativos, despedinme do meu hóspede e tomei un tren para San Francisco. En menos dun mes cheguei a Dunedin, onde, non obstante, descubrín que se sabía moi pouco dos estraños membros do culto que viviran nas pousadas mariñeiras. O vagabundeo nos peiraos era asunto demasiado común, e non pagaba a pena mencionalo; mais algo ouvín a propósito dunha expedición terrestre realizada por estes mestizos durante a cal se escoitou o débil petar duns tambores e se viu un lume vermello nas cuíñas afastadas.

En Auckland souben que Johansen volvera a Sidney, onde acababan de sometelo a un inútil interrogatorio, co pelo totalmente cano, e que despois de vender a súa casiña de West Street retornara coa súa muller ao seu vello lar, en Oslo. Da súa aventura non dixo aos seus amigos máis do que xa sabían os oficiais do almirantado e todo o que puideron facer foi darme o seu novo enderezo.

Volvín entón a Sidney e falei sen éxito con xente do mar e membros da corte. Vin o *Alert* en Circular Quay, na baía de Sidney, mais nada me revelou o seu casco. A imaxe en crequenas, de cabeza de polbo, corpo de dragón, ás escamudas e pedestal con xeroglíficos, conservábase no museo de Hyde Park. Examineina con coidado e descubrín que estaba exquisitamente labrada e tiña o mesmo profundo misterio, terríbel antigüidade e sobrenatural rareza de material que o exemplar máis pequeno de Legrasse. Para os xeólogos, díxome o conservador do museo, a estatua era un enigma monstruoso e xuraban que non había no mundo unha rocha semellante. Lembrei, estremecéndome, o que dixera o vello Castro a Legrasse a propósito dos primeiros Grandes Antigos:

«Viñeron das estrelas, e trouxeron con eles as súas imaxes.»

Profundamente perturbado, resolvín visitar o oficial Johansen en Oslo. Cheguei a Londres, volvín embarcar deseguido para a capital de Noruega e un día de outono botei pé a terra nun limpo desembarcadoiro, á sombra do Egeberg.

A casa de Johansen, descubrín, estaba situada na Cidade Vella do rei Harold Haardrada, que conservara o nome de Oslo durante os séculos en que a cidade principal adoptara o nome de Cristianía. Fixen a curta viaxe nun taxi e petei co corazón temoroso a porta dunha casa vella e limpa de fachada enfoscada. Saíu recibirme unha muller de cara triste, vestida de negro, que me comunicou nun inglés vacilante que Gustav Johansen non era xa deste mundo.

Non sobrevivira moito ao seu regreso, pois a súa aventura mariña de 1925 lle estragara a saúde. A muller non sabía máis que o público, pero Johansen deixara un longo manuscrito, que trataba «asuntos técnicos», escrito en inglés coa intención manifesta de que a súa esposa non o entendese. Mentres paseaba por unha rúa, preto do peirao de Goteborg, un atado de vellos xornais, saído da xanela dun rocho, bateu con el e fíxoo caer. Dous mariñeiros indios axudárono deseguido a erguerse, mais o home morreu antes de chegar a ambulancia. Os médicos, incapaces de precisar a causa do deceso, atribuírano a un malestar do corazón e a un enfeblecemento xeral.

Sentín entón que un escuro terror, que non me abandonaría até que a min tamén me fose lembrado o eterno repouso, «accidentalmente» ou por outro motivo, me traspasaba os ósos. Logo de persuadir a viúva de que o meu coñecemento deses «asuntos técnicos» me autorizaba a posuír o manuscrito, levei o documento e comecei a lelo no barco que me conducía a Londres.

Era un relato simple, desordenado. Un diario de mar redactado de memoria no que se tentaba recoller día a

día aquela última e terríbel viaxe. Non o transcribirei literalmente por mor das súas escuridades e redundancias, mais o meu resumo abondará para explicar por que o rumor das augas contra os costados do buque se me fixo tan intolerábel que tiven que atoar os ouvidos.

Johansen, grazas a Deus, non o sabía todo, aínda que viu a cidade e o monstro. Eu, en troques, xa non poderei durmir en paz mentres lembre o horror que espera emboscado do outro lado da vida, no tempo e o espazo, e aquelas malditas criaturas que viñeron dos astros máis antigos e que soñan nas profundidades do mar, coñecidas e favorecidas por un culto de pesadelo decidido a lanzalas sobre o noso planeta cada vez que algún terremoto volva elevar a monstruosa cidade de pedra ao ar e á luz do sol.

A viaxe de Johansen comezara tal como o declarara el mesmo ante o almirantado. O *Emma* deixara Auckland en lastre o 20 de febreiro e sentiu todo o impacto desa tempestade consecutiva ao terremoto que arrincou aos abismos mariños o horror que provocou os soños humanos. Recobrado o goberno, o buque navegou favorabelmente até se atopar co *Alert* o 22 de marzo (e sentín a mágoa do oficial ao describir o bombardeo e o afundimento da súa nave). Dos mestizos do iate, Johansen falaba cun horror significativo. Había algo abominábel neles que facía que a súa destrución semellase case un deber, e Johansen sorpréndese ante a acusación de crueldade que contra el e os seus parceiros fixo a corte. Xa no iate capturado, Johansen e os seus homes, impulsados pola curiosidade, proseguen a viaxe até avistar unha alta columna de pedra que emerxe do océano, e aos 49° 9' de latitude oeste, e 126° 43' de lonxitude sur, atópanse ante unha costa lamacenta e unha cantaría ciclópea cuberta de algas que non pode ser senón a substancia tanxíbel do terror supremo do universo: a cidade morta de R'lyeh, construída hai millóns de anos, antes dos comezos da nosa historia, polas enormes e horrorosas criaturas que descenderon desde uns astros descoñecidos. Alá xacen o gran Cthulhu e os seus parceiros, agochados nunhas bóvedas verdes e húmidas desde onde envían, despois de incalculábeis ciclos, pensamentos que aterrorizan as persoas sensíbeis e reclaman imperiosamente aos fieis do culto que inicien a peregrinación da liberación e a restauración. O oficial Johansen ignoraba todo isto, mais Deus sabe ben que vira abondo!

Coido que emerxeu das augas só o cumio da cidadela, coroada por un enorme monólito, onde xace o gran Cthulhu. Cando imaxino o tamaño de todo o que pode agochar o fondo do océano, sinto desexos de morrer sen esperar xa máis. Johansen e os seus homes sentíronse estarrecidos ante a maxestade cósmica desta húmida Babilonia habitada por demos e deberon sospeitar, instintivamente, que non pertencía nin a este nin a ningún outro planeta similar. En todas as liñas da estremecida descrición de Johansen advírtese o mesmo pavor ante o tamaño indescritíbel dos bloques de pedra verde, ante a altura vertixinosa do monólito labrado, ante a asombrosa identidade desas colosais estatuas e baixorrelevos coa rara imaxe atopada na sentina do *Alert*.

Sen coñecer o futurismo, Johansen describe, ao falar da cidade, algo moi semellante a unha obra deste estilo. En lugar de se referir a unha estrutura definida, algún edificio, redúcese a falar de vastos ángulos e superficies pétreas... superficies demasiado grandes para ser deste mundo e cubertas por xeroglíficos e imaxes horríbeis. Menciono estes ángulos pois me lembran aos soños que me relatou Wilcox. O mozo escultor afirmou que a xeometría da cidade dos seus soños era anormal, non euclidiana, e que suxería esferas e dimensións distintas das nosas. Agora un mariño ilustrado tiña ante a terríbel realidade a mesma impresión.

Johansen e os seus homes desembarcaron na praia desta monstruosa acrópole e rubiron, esvarando, polos titánicos e mofentos chanzos que ningún ser humano puidera edificar. O sol mesmo semellaba deformado ao ollalo a través das miasmas polarizadas que emanaban desta perversión submarina. Unha ameaza tortuosa asexaba neses ángulos desconcertantes onde unha segunda ollada descubría unha concavidade onde se crera ver a convexidade.

Todos os exploradores, aínda antes de ver algo definido —agás as penas, os mofos e as algas— sentíronse presos dun indefiníbel terror. Todos escaparían se non temesen a burla dos outros, e só de mala vontade se decidiron a buscar —en balde, como comprenderon máis tarde— algo que servise de lembranza.

Rodrigues, o portugués, foi o primeiro en chegar á base do monólito e berroulles aos outros o que acababa de descubrir. Pouco máis tarde os homes contemplaron curiosamente unha enorme porta de pedra labrada co xa familiar baixorrelevo do polbo-dragón. Semellaba, di Johansen, a enorme porta dun celeiro. Todos viron alá unha porta, xa que estaba encadrada nun limiar, un lintel e dous montantes, mais ninguén puido decidir se estaba situada horizontalmente, como a porta dunha trapela, ou algo inclinada, como a porta exterior dun soto. Como o dixera Wilcox, a xeometría do lugar era errónea. Un non podía estar seguro de que o mar e o chan fosen horizontais, de modo que a posición relativa de todo o resto semellaba variar.

Briden calcou sobre a pedra en diversos sitios sen resultado. Entón Donovan apalpou con delicadeza os bordos, apertando separadamente cada punto. Subiu con lentitude ao longo da grotesca moldura de pedra —pode dicirse que subiu se se admite que a porta non era á fin e ao cabo horizontal—, e os homes preguntáronse como

unha porta podía ser tan enorme. Á fin, moi suavemente, moi lentamente, a parte superior do panel comezou a inclinarse cara a dentro e todos viron que a pedra se bambeaba.

Donovan baixou esvarando ou subiu dalgún xeito ao longo dun dos montantes e os homes puxéronse a observar o curioso retroceso da porta monstruosa. Neste fantástico mundo de deformacións prismáticas, a pedra desprazábase anormalmente en diagonal, desprezando todas as leis da materia e a perspectiva.

A abertura mostraba unha escuridade case material. Estas tebras tiñan realmente unha calidade positiva, pois ocultaban algunhas partes das paredes interiores que debían de ser visíbeis. Á fin xurdiu daquel cárcere milenario algo así como unha fumarada que escureceu a luz do sol mentres se elevaba cara ao ceo, empequenecido e arrogado, coa axuda das súas ás membranosas. O cheiro que saía daqueles abismos acabados de abrir era insoportábel e Hawkins, que tiña o ouvido fino, coidou ouvir alá abaixo un son choupeante e inmundo. Escoitárono todos e escoitábano todos aínda cando o monstro se fixo visíbel, babuxando e apertando a súa inmensidade verde e xelatinosa a través da tebrosa abertura até se elevar pesadamente no ar corrompido daquela cidade de pesadelo.

A letra do pobre Johansen é apenas intelixíbel nesta parte. Dos seis homes que nunca chegaron ao barco, cre que dous morreron simplemente de medo naquel intre maldito. O monstro está alén de toda posíbel descrición. Non hai linguaxe aplicábel a ese abismo de horror inmemorial, a esa pavorosa contradición de todas as leis da materia, a forza e a orde cósmicas. Unha montaña que camiñaba. Deus! Pode estrañar que no outro lado da Terra tolease un grande arquitecto e que naquel telepático intre a febre devorase ao pobre Wilcox? O monstro dos ídolos, o verde e viscoso demo vido doutros astros, acordara para reclamar os seus dereitos. As estrelas eran outra vez favorábeis, e o que un vello culto non puidera lograr pola súa vontade, un puñado de inocentes mariñeiros facíao por accidente. Despois de millóns e millóns de anos, o gran Cthulhu era libre outra vez.

Tres homes foron varridos por aquelas poutas membranosas antes de que ningún tivese tempo de se virar. Que descansen en paz, se hai algún descanso no universo. Eran Donovan, Guerrera e Angstrom. Parker esvarou mentres os outros tres sobreviventes se precipitaban nun escenario infinito de laxes esverdeadas. Johansen xura que foi absorbido cara a arriba por un ángulo que non debía estar alá, un ángulo agudo que se comportara como se fose obtuso. De modo que só Briden e Johansen chegaron ao bote e se dirixiron até o *Alert* mentres a montañosa monstruosidade descendía polos chanzos de pedra esvaradía e se detiña, dubitativo, á beira da auga.

As caldeiras ficaran funcionando a pesar de que todos baixaran a terra e abondaron uns poucos segundos de frenéticas carreiras entre rodas e motores para pór en marcha o *Alert*. Lentamente, entre os horrores distorsionados desa escena indescritíbel, a hélice comezou a petar as augas. Entrementres, na costa mortal, sobre aquelas construcións que non eran deste mundo, o monstro xigantesco vido das estrelas emitía uns berros inarticulados, como Polifemo ao maldicir o veloz navío de Ulises. Deseguido, con máis audacia que os ciclopes da lenda, o gran Cthulhu penetrou nas augas e iniciou a persecución cuns golpes que ergueron unhas enormes ondas. Briden volveu a vista e toleou. Desde entón riu a intervalos até que a morte o atinxiu na súa cabina mentres Johansen vagaba delirando dun lado a outro.

Mais Johansen non abandonara a partida. Comprendendo que o monstro atinxiría seguramente o *Alert* antes de que a presión chegase ao máximo, resolveu tentar algo desesperado e, acelerando os motores, subiu á cuberta e fixo xirar o leme. Na superficie das augas houbo un remuíño espumoso e mentres medraba a presión do vapor, o valente noruegués dirixiu o navío contra aquela montaña xelatinosa que se alzaba sobre as sucias espumas como a popa dun galeón demoníaco. A horríbel cabeza de polbo, envolta en tentáculos, chegaba case até a punta do bauprés, mais Johansen non recuou.

Houbo un estalo como o dun globo que se desincha, un líquido inmundo como o que xorde dun fendido peixe-lúa, unha fetidez que o cronista non se atreveu a describir.

Durante un intre unha nube verde, acre e cegadora envolveu o buque, e un fervor maligno ficou na popa, onde —Deus do ceo— a esparexida plasticidade daquela entidade celeste estaba a se recombinar e recobrando a súa forma primitiva, mentres o *Alert* se afastaba máis e máis e gañaba velocidade.

Iso foi todo. Desde ese momento Johansen contentouse con meditar sobre o ídolo da cabina e preparar unhas poucas comidas para el e o seu compañeiro enlouquecido. Non tratou de dirixir o navío. Despois daquel incidente perdera algún dos resortes da súa alma. Entón sobreveu a treboada do 2 de abril, que acabou de anubrar a súa conciencia.

Lembraba confusamente infinitos abismos líquidos de espectrais paredes xiratorias, vertixinosos desprazamentos por mundos fuxidíos no rabo dun papaventos e saltos convulsivos das profundidades do mar até a lúa e entón outra vez até o mar, todo envolvido no coro de gargalladas das antigas divindades e dos verdes demos do Tártaro, de ás de morcego.

Despois deses pesadelos veu o rescate, o *Vigilant*, o tribunal do almirantado, as rúas de Dunedin e a longa viaxe de retorno á casa natal, xunto ao Egeberg. Nada podía contar. Pasaría por tolo. Escribiríao toda antes de morrer, mais a súa muller non debería sospeitar ren. A morte sería para el beneficiosa só se borraba os recordos.

Tal era o documento que lin. Gardeino na caixa de lata xunto co baixorrelevo de arxila e os papeis do profesor Angell. Incluirei este relato, esta proba da miña propia cordura onde se uniu o que espero nunca se volva unir. Contemplei todo o que no universo pode haber de horroroso e aínda os ceos da primavera e as flores do verán semellaranme desde agora impregnados de veleno. Mais non coido que viva moito. Como desapareceron o meu tío e o pobre Johansen, así desaparecerei eu. Coñezo demasiado e o culto aínda existe.

Cthulhu existe tamén, supoño, nese refuxio de pedra que lle serve de abrigo desde que o sol era novo. A súa cidade maldita afundiuse outra vez, pois o *Vigilant* navegou por aquel lugar despois da treboada de abril. Mais os seus ministros na Terra bailan aínda e cantan e matan en lugares illados, arredor de monólitos de pedra coroados de imaxes. Cthulhu tivo que ser atrapado polos abismos submarinos pois se non o mundo berraría agora de horror. Quen coñece a fin? O que xurdiu agora pode afundirse e o que se afundiu pode xurdir. A abominación espera e soña nas profundidades do mar e sobre as vacilantes cidades humanas aboia a destrución.

Chegará o día... mais non debo nin podo pensalo! Rogo que se non sobrevivo a este manuscrito, os meus executores testamentarios coiden de que a prudencia sexa maior que a audacia e impidan que caia baixo outros ollos.



OS SOÑOS NA CASA DA BRUXA

[*The Dreams in the Witch-House* foi escrita entre xaneiro e febreiro de 1932 e publicada en xullo de 1933 na revista *Weird Tales*.]

Se os soños lle trouxeran a febre ou fora a febre a que lle trouxera os soños, era algo que Walter Gilman non sabía. Detrás de todo acazapábase aquel terror punxente e fedorento da vetusta vila e do balorento e insán ático en que escribía, estudaba e loitaba con símbolos e fórmulas cando non estaba tusindo na súa basta cama de ferro. Os seus ouvidos volvéranse sensíbeis até un nivel preternatural e intolerábel, polo que había tempo que parara o reloxo barato da repisa, cuxo tic-tac se tornara como o tronar da artillaría. Polas noites, o sutil rumor da negra cidade que se estendía fóra, o sinistro camiñar das ratas entre os tabiques cheos de vermes e o renxer de madeiras ocultas dentro da casa centenaria, eran abondo para que a el lle parecese estar sumido nun estridente pandemonio. A escuridade sempre estaba inzada de sons inexplicábeis e aínda así ás veces sentíase sacudido polo medo de que ao apagarse eses ruídos, puidese ouvir outros máis febles aínda, que sospeitaba que espreitaban ocultos tras dos primeiros.

Vivía na inmutábel cidade de Arkham, ateigada de misterios, cos seus tellados abufardados e moi xuntos que se sucedían uns tras outros sobre os áticos nos que as bruxas se ocultaran dos homes do Rei naqueles escuros e antigos tempos coloniais. Non había lugar ningún naquela cidade máis enchoupado en recordos macabros que o cuarto abufardado que o acollía a el, xa que naquela casa e naquel mesmo cuarto se ocultara tamén a vella Keziah Mason, cuxa fuxida do presidio de Salem ninguén conseguira explicar aínda. Aquilo ocorrera en 1692. O garda volvérase tolo e esbardallara algo sobre unha criatura peluda e de cabeiros brancos que saíra da cela de Keziah e nin sequera Cotton Mather puidera explicar as curvas e os ángulos trazados sobre as paredes de rocha gris con algunha clase de fluído vermello e pegañento.

Probabelmente Gilman non debera estudar tanto. O cálculo non euclidiano e a física cuántica son abondo para pór en apuros o cerebro de calquera e cando un os mistura co folclore e intenta trazar un estraño fondo de realidade multidimensional detrás das referencias sanguentas dos contos góticos e daquilo que se murmura polo baixo a carón da cheminea, un dificilmente pode agardar estar completamente libre de sufrir problemas mentais. Gilman viñera de Haverhill, mais foi só logo de entrar a estudar na universidade de Arkham cando comezou a realizar conexións entre as súas matemáticas e as lendas fantásticas de antiga feitizaría. Algo no ar daquela antiga vila facía que a súa imaxinación traballase no escuro. Os profesores da Miskatonic urxírono a que baixase un pouco o ritmo, e mesmo de bo grao recortaron o seu temario do curso en varios puntos. Alén diso, prohibíranlle consultar aqueles dubidosos e vetustos libros de secretos prohibidos que se gardaban baixo chave nunha sala abovedada da biblioteca universitaria. Mais todas estas precaucións chegaran tarde, así que Gilman lera algunhas terríbeis pasaxes do aborrecido *Necronomicon* de Abdul Alhazred, o fragmentario *Libro de Eibon* e o prohibido *Unaussprechlicken Kulten* de von Junzt, para cotexar con eles as súas fórmulas abstractas relativas ás propiedades do espazo e unir as dimensións do coñecido e o descoñecido.

Ben sabía que o seu cuarto estaba na vella Casa da Bruxa, de feito aquel era o motivo polo que o alugara. No Condado de Essex había bastantes documentos sobre o xuízo contra Keziah Mason e o que admitira baixo presión ante o tribunal de Oyer e Terminer fascinara a Gilman alén de todo o razoábel. Faláralle ao xuíz Hawthorne sobre as liñas e as curvas que se podían realizar para crear vínculos que nos levasen a través dos muros do espazo a outros espazos que hai alén e que devanditas curvas se empregaban moi frecuentemente en certos encontros a media

noite que se celebraban no val de pedra branca que hai alén de Meadow Hill, e na illa deshabitada do río. Tamén lle falara do Home Negro, do xuramento que ela fixera e do seu novo nome secreto, Nahab. Despois debuxara aqueles borranchos sobre as paredes da cela e desaparecera.

Gilman cría nos estraños sucesos que rodeaban o caso de Keziah e sentira un estraño calafrío ao descubrir que a que fora a súa morada aínda se achaba en pé após máis de douscentos trinta e cinco anos. Cando ouviu os calados murmurios da xente de Arkham sobre a persistente presenza de Keziah na vella casa e nos estreitos canellóns, sobre as irregulares marcas de trabadas humanas que apareceran nalgúns durmintes daquela e outras casas, sobre os choros dos bebés que se ouvían pola véspera de maio e por Todos os Santos, sobre o fedor que a miúdo proviña do ático daquela vella casa xusto despois deses días malditos, e sobre aquela cousa pequena, peluda e de cabeiros afiados que asexaba no balorecido predio e pola vila e que fregaba o fociño contra a xente dun xeito ben estraño nas horas escuras que preceden o amañecer, decidiu ir vivir a aquel lugar a calquera custo. Era ben sinxelo conseguir un cuarto aló, xa que a casa era impopular, difícil de alugar e desde había tempo estaba dedicada a ofrecer aloxamentos baratos. Gilman non podía dicir o que agardaba achar aló, mais sabía que quería vivir no edificio en que por algunha circunstancia máis ou menos casual unha muller vella e mediocre do século dezasete chegara a profundar nun nivel da matemática se cadra alén das máis importantes elucubracións modernas de Planck, Heisenberg, Einstein e de Sitter.

Estudou as paredes de madeira e xeso na procura de trazos de deseños crípticos en cada lugar accesíbel onde o papel de parede se despegaba, e nunha semana conseguiu mudarse ao cuarto do ático que daba ao leste, onde se cría que Keziah practicaba os seus esconxuros. O cuarto xa levaba un tempo libre, pois ninguén quería ficar nel durante moito tempo, mais o caseiro polaco non estaba moi polo labor de o alugar. Así e todo, a Gilman non lle ocorreu nada até que chegaron as febres. Nin o fantasma de Keziah vagara polos corredores e cuartos escuros nin ningunha pequena criatura peluda entrara no seu tétrico cuarto para refregar o fociño contra el, nin apareceron trazas dos esconxuros da bruxa que satisfixesen a súa procura. Ás veces saía pasear polas calexas escuras, balorentas e sen pavimentar, onde as decrépitas casas pardas de idade descoñecida se inclinaban, se cambaleaban e ollaban burlonas a través das súas xanelas de vidros pequenos. Sabía que aló tiveran lugar sucesos estraños no pasado e detrás da superficie había unha lixeira suxestión, cando menos nas ruelas máis escuras, estreitas e retortas, de que non todo o que acontecera naquel pasado monstruoso perecera completamente. Mesmo chegou a ir en bote até a mal sonada illa do río e fixera un bosquexo dos singulares ángulos que describían as ringleiras de rochas grises e cubertas de brión, cuxa orixe era escura e ficaba alén da memoria da xente.

O cuarto de Gilman tiña un bo tamaño, mais a súa forma era estrañamente irregular, coa parede setentrional perceptibelmente afundida para dentro desde o lado máis exterior até o interior, onde o teito baixo se afundía tamén bastante na mesma dirección. Alén dun obvio furado de rato e dos trazos doutros que xa estaban tapados, non había ningún acceso, nin tiña pinta de que o houbese no pasado, ao espazo que debía de existir entre a parede inclinada e o muro exterior do lado norte da casa, a pesar de que desde o exterior se podía observar que aló houbera unha xanela que se tapiara nalgunha época distante. O oco que había sobre o teito, que debía de ter o chan inclinado, tamén era inaccesíbel. Cando Gilman subiu a unha escada para acceder ao faiado cheo de arañeiras que había sobre o resto do ático, achou trazas dun antigo portelo fortemente clausurado con táboas vellas e asegurado cuns rexos pontóns de madeira, comúns na carpintaría colonial. Porén, ningún nivel de persuasión puido facer que o seu caseiro lle permitise investigar algún destes dous espazos fechados.

A medida que o tempo pasaba, a súa obsesión coa parede e o teito foi en aumento, así que comezou a darlles aos estraños ángulos un significado matemático que semellaba fornecer algunhas pistas sobre o seu propósito. A vella Keziah, reflexionou Gilman, debía de ter excelentes razóns para vivir nun cuarto dotado de ángulos tan peculiares, ou non era a través de certos ángulos por onde ela asegurara que saíra das fronteiras do espazo que coñecemos? Aos poucos, o seu interese nos espazos baleiros que había detrás das superficies inclinadas foi decrecendo, xa que agora semellaba que o que importaban eran os ángulos do lado en que el se achaba.

O acceso de febre cerebral e os soños empezaron a comezos de febreiro. Durante certo tempo, ao parecer, os estraños ángulos do cuarto de Gilman estiveran producindo un efecto estraño, case hipnótico, sobre el. A medida que o frío inverno avanzaba, máis tempo pasaba observando máis e máis atentamente a esquina en que a baixante do teito se unía ao ángulo entrante da parede. Neste período, a súa incapacidade para concentrarse nos seus estudos oficiais preocupouno dun xeito considerábel, e a súa aprehensión ante os exames parciais volveuse máis aguda. Mais a súa esaxerada capacidade auditiva era pouco menos molesta. A vida convertérase nunha cacofonía case imposíbel de aturar e tiña a constante e estarrecedora impresión de que había outros sons, quizais procedentes doutras rexións alén da vida, que reverberaban xusto na marxe da audibilidade. E en canto aos sons coñecidos, o peor de todos era o das ratas entre os tabiques. A miúdo o seu rabuñar coas poutas non semellaba só furtivo, senón

máis ben deliberado. Cando procedía do outro lado da parece inclinada do norte, viña mesturado cunha especie de chascar seco, e cando procedía do espazo que había sobre o teito inclinado, clausurado desde había un século, Gilman sempre se engruñaba como se estivese agardando que algún horror descoñecido só estivese a agardar polo momento oportuno para descender e acabar con el.

Os seus soños ían completamente alén do límite da cordura e pensou que debían de ser o resultado da conxunción dos seus estudos de matemáticas e de folclore. Levaba demasiado tempo pensando nas vagas rexións que segundo as súas fórmulas debían de existir alén das tres dimensións que nós coñecemos, e na posibilidade de que a vella Keziah Mason, guiada por algunha clase de influencia exterior, encontrara de verdade a porta até as devanditas rexións. Os amarelados rexistros da rexión que contiñan o seu testemuño e o dos seus acusadores, suxerían cousas que ían alén de toda experiencia humana, e as descricións do pequeno obxecto peludo que lle servía como ser familiar eran extremadamente realistas malia os seus detalles imposíbeis de crer.

Aquel obxecto, que non era máis grande que unha rata de bo tamaño e que a xente da vila bautizara caprichosamente como Jenkin o Marrón, semellaba ser o froito dun notábel caso de alucinación colectiva, xa que en 1692 non menos de once persoas aseguraran que o viran. Tamén os recentes rumores tiñan un abraiante e desconcertante nivel de coherencia. Contábase que tiña pelo longo e forma de rata, mais posuía dentes afiados e un rostro barbado malvadamente humano, e que mesmo as súas poutas eran como pequenas mans humanas. Levaba e traía mensaxes entre Keziah e o diaño, e fora criado co sangue da bruxa, o cal chuchaba como un vampiro. A súa voz era algunha especie de risa odiosa e sabía falar todos os idiomas. De todas as estrañas monstruosidades dos soños de Gilman, nada o enchía de maior pánico e repugnancia que este diminuto e blasfemo híbrido, cuxa imaxe tomaba forma nas súas visións dun xeito moito máis odioso que nada que a súa mente esperta puidese deducir dos antigos rexistros ou dos modernos rumores.

Os soños de Gilman consistían polo xeral en caídas a través e abismos infinitos no medio dunha inexplicábel penumbra de cores e sons confusos. Eran abismos cuxa materia, propiedades gravitacionais e relación coa súa propia entidade, non podía nin comezar a explicar sequera. Non camiñaba nin gabeaba, non voaba nin nadaba, non se arrastraba nin gatuñaba, senón que sempre experimentaba un xeito de moverse en parte voluntario e en parte non. Non podía xulgar ben cal era a súa condición, xa que a visión dos seus brazos, pernas e torso semellaba acharse sempre truncada debido a un estraño desarranxo da perspectiva, mais sentía que o seu estado físico e facultades estaban dalgún xeito marabillosamente transmutadas e proxectadas de xeito oblicuo, malia non carecer dunha certa relación grotesca coas súas proporcións e propiedades normais.

Os abismos non estaban en absoluto baleiros, senón que estaban inzados de masas angulosas imposíbeis de describir, feitas dunha substancia de cor estraña, algunhas das cales semellaban orgánicas e outras non. Algúns dos obxectos orgánicos espertaban algunha clase de vagos recordos no máis fondo da súa mente, aínda que non se podía facer unha idea consciente de que era o que lle parecían ou suxerían. Nos soños posteriores comezou a distinguir categorías separadas nas que os obxectos orgánicos semellaban dividirse e o que semellaba implicar unha radical diferenciación de especies baseada no seu patrón de conduta e motivación básica. Destas categorías, unha delas parecíalle que incluía os obxectos lixeiramente menos ilóxicos e irrelevantes en canto ao seu movemento, que os membros das outras categorías.

Todos os obxectos, orgánicos e inorgánicos, ían completamente alén de toda descrición e mesmo de toda comprensión posíbel. Gilman ás veces comparaba a materia inorgánica con prismas, labirintos, cúmulos de cubos e planos e edificios ciclópeos; e as cousas orgánicas aparecíanselle variadas como grupos de burbullas, polbos, cempés, deuses hindús viventes, e intricados arabescos con algunha clase de vida ofidia. Todo canto vía era inexplicabelmente ameazante e horríbel, e sempre que lle parecía que unha das entidades orgánicas o descubrira, sentía un agudo e terríbel calafrío que polo xeral o facía espertar. Sobre o xeito en que se movían as entidades orgánicas, non podía dicir máis que sobre como se movía el. Unha vez observou un misterio maior, a tendencia de certas entidades a aparecer de súpeto no espazo baleiro, ou a desaparecer totalmente coa mesma rapidez. A renxente e zoante confusión de sons que varrían os abismos estaba máis alá de toda análise en canto a ton, timbre ou ritmo, mais semellaba manter certa sincronía cos vagos cambios visuais en todos os obxectos indefinidos, tanto os orgánicos como inorgánicos. Gilman sempre tiña un constante sentimento de ameaza que podía chegar até un grao de intensidade insoportábel durante algunha daquelas escuras e inevitábeis flutuacións.

Mais non era nestes vórtices de completa alleidade onde vía a Jenkin o Marrón. Aquel pequeno terror estaba reservado para certos soños máis lixeiros e vívidos que o asaltaban xusto antes de caer na fase máis profunda do soño. Podía estar deitado na escuridade, loitando por se manter esperto cando un lixeiro resplandor semellaba iluminar o cuarto centenario, amosando nunha néboa violeta a converxencia dos planos angulosos que levaban tempo traéndoo de cabeza. O horror aparecería emerxendo desde o furado de ratas da esquina e avanzaría cara a el,

polo chan de táboas anchas e curvadas, cun xesto de maligna expectación no seu pequeno e barbado rostro humano, mais, por fortuna, o soño sempre se esvaía antes de que a aparición se aproximase demasiado como para fregar o fociño contra el. Tiña os dentes longos como o demo, afiados e caninos. Gilman intentaba atoar o furado de ratas todos os días, pero unha noite tras outra os verdadeiros habitantes dos tabiques roían o obstáculo, daba igual con que o fixese. Dunha vez fixo que o caseiro cravase unha lata sobre o orificio, mais á noite seguinte as ratas abriran un novo furado e ao facelo empuxaran ou arrastraran un curioso anaquiño de óso.

Gilman non lle contou ao médico nada sobre a súa febre, xa que sabía que non podería aprobar os exames se ingresaba na enfermaría da universidade, pois precisaba de cada intre para estudar. Así e todo, suspendeu en Cálculo Diferencial e en Psicoloxía Xeral Avanzada, aínda que non sen a esperanza de recuperalas antes de que rematase o curso.

Foi en marzo cando naquel seu soño preliminar, máis livián, entrou un novo elemento, e a figura de pesadelo de Jenkin o Marrón comezou a estar acompañada por un borrancho nebuloso que aos poucos se foi parecendo máis e máis a unha vella chepuda. Este engadido preocupouno máis do que se podería dicir, aínda que finalmente decidiu que se parecía bastante a unha vella que vira un par de veces de casualidade nun canellón escuro próximo aos peiraos abandonados. Nesas ocasións, a malvada, sarcástica e aparentemente inmotivada mirada da muller case o fixera estremecer, especialmente a primeira vez, cando unha rata de enorme tamaño saíu disparada da boca dunha calexa próxima e lle fixera pensar irracionalmente en Jenkin o Marrón. Agora, reflexionaba, aqueles medos nerviosos se estaban a reflectir nos seus soños desordenados. Non podía negar que a influencia da vella casa era determinante, mais ficaba aínda algo nel do seu mórbido interese que o retiña alí. Argumentaba que a febre era a única responsábel das súas fantasías nocturnas e que cando aquela enfermidade remitise xa se vería libre das monstruosas visións. Aquelas visións, no entanto, eran dun realismo e unha viveza en extremo convincentes, e sempre que espertaba, ficaba nel unha vaga sensación de que ocorreran moitas máis cousas das que podía lembrar. Estaba terribelmente seguro de que nos seus soños esquecidos falara con Jenkin o Marrón e coa anciá, e que o estiveran a tentar convencer de iren xuntos a algures canda unha terceira persoa de maior poder.

Contra o final de marzo comezou a aplicarse nas matemáticas, aínda que os seus demais estudos o aburrían de cada vez máis. Comezou a desenvolver un talento intuitivo para resolver ecuacións riemanianas e abraiou o profesor Upham co seu nivel de comprensión dos problemas tetradimensionais entre outras cuestións que ignoraba o resto da clase. Unha tarde produciuse un debate sobre a posíbel existencia de curvas caprichosas no espazo e sobre os piares teóricos para aproximarse ou mesmo crear un contacto entre a nosa parte do cosmos e outras rexións diferentes, tan distantes como os mesmos baleiros transgalácticos, ou mesmo tan fabulosamente remotas como as unidades cósmicas concibíbeis alén do continuo espazo-tempo einsteniano. A soltura de Gilman no tema encheu de abraio a todo o mundo, aínda que algúns dos seus exemplos produciron un aumento dos rumores sobre o seu carácter excéntrico, nervioso e solitario. O que fixo que os estudantes abaneasen a cabeza foi a sobriedade coa que anunciou a súa teoría de que un ser humano podería, sempre que tivese un coñecemento da matemática superior á capacidade actual, saltar de xeito deliberado da terra até calquera outro corpo celeste que se atopase sobre un dos infinitos puntos do patrón cósmico.

Un paso como ese, dicía, requiriría só dúas fases: a primeira sería a saída da esfera tridimensional que coñecemos e a segunda sería un camiño de volta á esfera tridimensional desde outro punto, que se cadra podería estar infinitamente remoto. Conseguilo sen perder a vida era en moitos casos concibíbel. Calquera ser procedente de calquera parte do espazo tridimensional podería probabelmente sobrevivir na cuarta dimensión e a súa supervivencia á segunda fase dependería de que lugar estraño do espazo tridimensional escollería para a súa volta. Os habitantes de certos planetas, se callar, serían quen de vivir noutros, mesmo en planetas pertencentes a outras galaxias, ou a fases dimensionais semellantes de outros continuos espazo-temporais, malia que, abofé, tiña que haber un enorme número de planetas mutuamente inhabitábeis, mesmo en corpos celestes ou zonas do espazo matematicamente xustapostas.

Mesmo tamén era posíbel que os habitantes dun plano dimensional dado puidesen sobrevivir á entrada en moitos planos de dimensións adicionais e indefinidamente multiplicadas, estivesen ou non dentro do continuo espazo-tempo dado, sendo tamén posíbel o contrario. Isto xa pertencía ao terreo da especulación, malia que un podía estar máis ou menos certo de que o tipo de mutación que implicaba o paso dun plano dimensional ao inmediatamente superior quizais non destruíse a integridade biolóxica tal e como a entendemos. Gilman non podía concretar cales eran os motivos que o levaban a facer esta última afirmación, mais a súa falta de concreción aquí víase claramente compensada pola súa claridade noutros puntos complexos. O profesor Upham gustou especialmente de como demostrou a relación entre a matemática profunda e certas manifestacións da sabedoría máxica transmitidas ao longo das eras desde unha antigüidade imposíbel de abranguer, fose esta humana ou

prehumana, cuxo coñecemento do cosmos e as súas leis era maior que o noso.

Arredor do primeiro de abril, Gilman estaba especialmente preocupado porque a súa febre non remitía. Tamén estaba preocupado polo que lle comentaran algúns dos seus compañeiros de vivenda sobre o seu somnambulismo. Semellaba que a miúdo se ausentaba da súa cama e o home que vivía no cuarto de abaixo confirmara que ouvira renxer o chan do seu estudio a certas horas da noite. O paisano tamén comentara que ouvira os pasos duns pés calzados pola noite, mais Gilman estaba certo de que se equivocaba nesta cuestión, xa que tanto os seus zapatos como o resto da súa indumentaria sempre estaban no seu sitio pola mañá. Un podía chegar a ter toda clase de ilusións acústicas naquel mórbido e vello edificio, pois o propio Gilman, mesmo durante o día, estaba certo de que había outros ruídos ademais do camiñar das ratas, que procedían dos escuros baleiros que había tras da parede e o teito inclinados. Os seus ouvidos patoloxicamente sensíbeis comezaron a captar esvaídas pegadas no faiado que había sobre el, que levaba fechado desde tempos inmemoriais, e ás veces aquelas ilusións eran realistas até o punto da agonía.

Porén, era consciente de que se volvera somnámbulo, xa que dúas noites a súa cama apareceu baleira, aínda que a súa roupa seguía no sitio. Nunha das ocasións confirmárao Frank Elwood, un estudante cuxa pobreza o obrigara a alugar un cuarto naquela casa escangallada e impopular. Elwood estivera estudando a altas horas e fora canda Gilman na procura de axuda para resolver unha ecuación diferencial, cando se atopou con que o mozo non estaba no seu cuarto. Fora un pouco descarado pola súa parte abrir a porta logo de petar e non atopar resposta, mais precisaba a axuda desesperadamente e pensara que o inquilino non se molestaría porque o espertasen. Porén, noutra ocasión parecida, Gilman estaba aló, e cando descubriu o ocorrido preguntouse que puidera estar facendo por aí, paseando descalzo e vestido só co pixama. Decidiu investigar a cuestión se volvía ter novas sobre o seu somnambulismo e pensou en esparexer fariña polo chan do corredor para ver a onde conducían os seus pasos. A porta era a única saída posíbel, xa que non se podía saír pola xanela, por mor do estreita que era.

A medida que abril avanzaba, o ouvido de Gilman, agudizado pola febre, foi molestado polos constantes rezos dun supersticioso reparador de teares que se chamaba Joe Mazurewicz e que tiña alugado un cuarto na planta baixa. Mazurewicz xa lle contara longas e extravagantes historias sobre o fantasma de Keziah e sobre aquela criatura peluda e de cabeiros afiados, e dixera que ás veces o molestaban tanto que o único que lle traía acougo era o seu crucifixo de prata, que lle dera para esa finalidade o Pai Iwanicki, da igrexa de Santo Estanislao. Agora estaba rezando porque se aproximaba o Sabbat das Bruxas. A véspera do primeiro de maio era a noite de Walpurxis, cando a máis escura malignidade do inferno pisaba a terra e todos os escravos de Satán se reunían para practicar os seus rituais. Sempre era unha mala tempada na cidade de Arkham, aínda que os señoritos de Miskatonic Avenue, High Street e Saltonstall Street pretendesen non saber nada sobre o asunto. Cometeríanse maldades e probabelmente desaparecerían un ou dous nenos. Joe coñecía ben estes feitos, xa que no seu país de orixe a súa avoa ouvira historias da boca da súa avoa. O mellor que se podía facer ese día era pregar a Deus e rezar o rosario. Durante tres meses, nin Keziah nin Jenkin o Marrón apareceran preto do cuarto de Joe, nin do de Paul Choynski, nin en ningún outro, e iso non significaba nada bo cando era o que adoitaban facer, algo debía de estar ocorrendo.

Gilman apareceu pola consulta do médico o día dezaseis dese mes e sorprendeuse ao descubrir que a súa febre non era tan alta como temera. O doutor fíxolle un bo interrogatorio e aconselloulle que fose visitar un neurólogo. Así e todo, Gilman alegrouse de non ir á consulta do doutor do colexio maior, que era aínda máis inquisitivo. O vello Waldron, que xa lle restrinxira a actividade antes, seguro que o mandaba descansar, algo imposíbel agora que estaba tan preto de acadar grandes resultados nas súas ecuacións. Estaba extremadamente preto da fronteira entre o noso universo e a cuarta dimensión, e quen podería dicir canto máis lonxe podería chegar?

Pero mesmo cando o asaltaban estes pensamentos, estrañouse pola fonte daquela estraña confianza que o embargaba. Procedería todo aquel perigoso sentimento de inminencia das fórmulas coas que cubría follas e follas día tras día? As suaves, esvaradías e imaxinarias pegadas sobre o faiado clausurado que había sobre el púñano nervioso. E agora tamén notaba un sentimento crecente de que alguén o intentaba persuadir constantemente para que fixese algo terríbel que non debía facer. E que dicir do somnambulismo? Onde ía ás veces pola noite? E que era esa leve suxestión de son que de cando en vez lle parecía distinguir no medio da confusión de sons imposíbeis de identificar mesmo no medio do día e completamente esperto? Aquel ritmo non se parecía a nada terrestre, agás á cadencia dun dos inmencionábeis cánticos do Sabbat. Ás veces temía que era o mesmo vago renxer e bruar que asolagaban aqueles abismos de soño completamente estraños.

Alén diso, os seus soños estaban a volverse atroces. Na fase preliminar máis liviá, a malvada anciá deixara de ser difusa para ser completamente distinguíbel, e Gilman estivo seguro de que era aquela que o asustara nos peiraos. A súa chepa, nariz longo e queixo engurrado eran inconfundíbeis, e as súas vestimentas informes e marróns eran as que el lembraba. A expresión do seu rostro era de terríbel malevolencia e exultación, e ao espertar,

podía lembrar aquela voz rouca que o persuadía e ameazaba. Debía coñecer o Home Negro e ir con eles até o trono de Azathoth, que estaba situado no centro do caos definitivo. Iso fora o que lle dixera. El debía asinar no libro de Azathoth co seu propio sangue e tomar un novo nome secreto agora que os seus estudos particulares foran tan lonxe. O único que evitara que fose con ela, Jenkin o Marrón e o outro tipo até o trono do Caos, onde o resoar de finas frautas é enlouquecedor, foi o feito de que vira antes o nome de Azathoth no *Necronomicon* e sabía que se trataba dunha maldade primixenia demasiado horríbel para ser descrita.

A anciá sempre aparecía do nada preto da esquina onde se unían os dous ángulos da parede. Semellaba cristalizarse nun punto algo máis próximo ao teito que ao chan, e todas as noites estaba un pouco máis preto e era máis claramente distinguíbel antes de cambiar o soño. Jenkin o Marrón tamén estaba un pouco máis próximo que a vez anterior e os seus cabeiros amarelados brillaban cunha fosforescencia violeta que non era deste mundo. O seu odioso riso penetraba máis e máis na cabeza de Gilman, quen podía lembrar pola mañá como pronunciara as palabras «Azathoth» e «Nyarlathotep».

Nos seus soños máis profundos todo era tamén máis claro e Gilman podía sentir que os abismos en penumbra que o rodeaban eran os da cuarta dimensión. Aquelas entidades orgánicas cuxos movementos semellaban incongruentes e inmotivados eran probabelmente proxeccións das formas de vida do noso propio planeta, incluíndo os seres humanos. O que eran os outros no seu propio plano ou planos dimensionais non quería nin intentar pensalo. Dúas das criaturas móbeis menos incongruentes (un conxunto bastante grande de burbullas esféricas oblongas e un poliedro de moito menor tamaño, cores descoñecidas e superficie cambiante) semellaron fixarse nel e seguilo aboiando mentres se movía entre titánicos prismas, labirintos, conxuntos de cubos e planos e semiedificios. E todo o tempo aquel vago renxer e bruar íase volvendo máis e máis forte, como se se estivese a aproximar algún monstruoso clímax dunha intensidade dificilmente soportábel.

Durante a noite do 19 para o 20 de abril ocorreu un novo suceso. Gilman estábase a mover dun xeito medio involuntario polos abismos en penumbra con aquela masa de burbullas e o pequeno poliedro flotando canda el, cando se decatou dos ángulos peculiarmente regulares que formaban os bordes dun conxunto de prismas xigantesco que había nas proximidades. Nun segundo xa non se achaba no abismo, senón en pé, tremendo sobre unha aba rochosa bañada por unha intensa e difusa luz verde. Estaba descalzo e en pixama, e cando intentou andar descubriu que apenas podía erguer os pés do chan. Un bulebule de vapor ocultábao todo, agás o abrupto terreo que tiña inmediatamente arredor, e Gilman estremeceuse ao pensar nos sons que poderían xurdir dese vapor.

Despois ollou dúas figuras que ascendían laboriosamente cara a el, a anciá e a pequena criatura peluda. A bruxa púxose de xeonllos e cruzou os brazos dun xeito singular, mentres que Jenkin o Marrón sinalaba certa dirección cunha das súas poutas dianteiras horribelmente antropoide, que levantaba con evidente dificultade. Animado por un impulso que non era del, Gilman avanzou nunha dirección determinada polo ángulo que formaban os brazos da muller, seguindo a dirección exacta que indicaba a pouta da pequena monstruosidade, e antes de que dese tres pasos xa estaba de volta nos abismos en penumbra. As formas xeométricas rodeábano e caeu no abismo vertixinosa e interminabelmente. Á fin ergueuse na súa cama no ático de ángulos imposíbeis daquela vella casa enmeigada.

Non se achaba nada ben, así que non asistiu ás súas clases. Algunha atracción descoñecida estaba guiando os seus ollos nalgunha dirección aparentemente irrelevante, xa que non podía deixar de ollar para certo punto baleiro no chan. A medida que o día avanzaba, o foco dos seus ollos cambiou a posición, e pola tarde dominara o impulso de mirar o baleiro. A iso das dúas da tarde saíu xantar e a medida que percorría as estreitas calexas da cidade, descubriu que os seus pasos o levaban sempre contra o sueste. Só cun enorme esforzo conseguiu deterse nunha cafetaría de Church Street, e logo da comida sentiu que o descoñecido impulso era aínda máis forte.

Definitivamente, debería consultalo cun neurólogo, pois se cadra había unha conexión co seu somnambulismo, mais entrementres cando menos debería intentar romper aquel estraño feitizo por si mesmo. Sen dúbida aínda era quen de afastarse daquel impulso, así que con gran resolución enfilou na dirección contraria e dirixiuse deliberadamente contra o norte por Garrison Street. Cando chegou á ponte do Miskatonic xa o percorría unha suor fría e agarrouse á varanda de ferro mentres ollaba río arriba a illa de mala sona cuxas liñas regulares de antigas pedras se erguían ominosas baixo o sol do serán.

Despois deu un respigo, pois distinguiu claramente unha figura sobre aquela illa desolada e unha segunda ollada foi abondo para comprobar que en efecto era a estraña anciá cuxo aspecto sinistro o influíra tan terribelmente nos seus soños. A herba alta que había preto dela estábase a mover tamén, como se houbese outra criatura viva arrastrándose polo chan. Cando a anciá comezou a virar para encaralo, Gilman fuxiu correndo da ponte para se resgardar no labirinto de ruelas do barrio do río. Co distante que se achaba a illa, aínda así puido sentir a monstruosa e invencíbel maldade que emanaba da sardónica mirada daquela chepuda e vella figura vestida

de marrón.

O impulso que o levaba ao sueste aínda persistía, e só cunha tremenda forza de vontade puido Gilman arrastrarse até a vella casa e subir as escaleiras. Pasou varias horas sentado en silencio e inerte, dirixindo gradualmente a súa ollada ao oeste. A iso das seis da mañá o seu ouvido agudizado puido captar os rezos de Joe Mazurewicz, dúas plantas máis abaixo, e no medio da desesperación colleu o sombreiro e saíu ás rúas tinxidas do ouro do atardecer, deixando que aquel impulso que agora o levaba directamente ao sur o arrastrase onde quixer. Unha hora máis tarde a escuridade atopouno nos prados que hai alén de Hangman Brook, coas radiantes estrelas da primavera brillando sobre el. A necesidade de camiñar foise tornando aos poucos nunha necesidade de flotar misticamente no espazo, e de súpeto descubriu de onde viña aquel impulso.

Estaba no ceo, nun punto definido entre as estrelas que estaba a chamar por el. Aparentemente era algún punto entre as constelacións de Hydra e Argo Navis, e soubo que estivera sendo empurrado contra aló desde o momento en que se erguera antes do amañecer. Pola mañá estivera xusto debaixo del e agora quedaba ao sur, mais desprazándose ao oeste. Cal era o significado desta novidade? Estaba a se volver louco? Cando duraría aquilo? Afianzando a súa resolución unha vez máis, Gilman deu volta e dirixiuse á sinistra e antiga casa.

Mazurewicz estivera a agardar por el na porta e semellaba a un tempo ansioso e reticente por murmurarlle algunha nova superstición. Era sobre a luz de bruxa. Joe estivera fóra de festa na véspera (era o día dos Patriotas en Massachuetts) e volvera despois a media noite. Ao ollar para a casa desde o exterior pensara nun primeiro momento que a xanela de Gilman estaba escura, mais despois vira un esvaído resplandor violeta que viña do interior. Quixera avisar ao mozo daquel resplandor, xa que todo o mundo en Arkham sabía que se trataba da luz de bruxa de Keziah, que se acendía preto de Jenkin o Marrón e do mesmo fantasma da meiga. Non o mencionara antes, mais agora tiña que contarllo porque significaba que Keziah e o seu familiar de cabeiros longos andaban a espreitar o mozo. Ás veces el, Paul Choynski e mais Dombrowski, o caseiro, pensaran que viran aquela luz saír das fendas do faiado clausurado que había sobre o cuarto do rapaz, mais todos acordaran non falar do asunto. No entanto, o mellor sería que o mozo collese outro cuarto e conseguise un crucifixo dun bo cura como o Pai Iwanicki.

A medida que o home contaba a súa historia, Gilman sentiu como un pánico sen nome lle apertaba a gorxa. Sabía que Joe tiña que estar medio cheo cando volvera á casa a noite anterior, mais a simple mención dunha luz violeta na xanela do ático era abondo como para infundirlle pánico. Era un resplandor semellante ao que sempre aparecía arredor da anciá e a pequena criatura peluda naqueles soños máis liviáns e vívidos que precedían á súa inmersión nos abismos descoñecidos, así que o feito de que unha segunda persoa esperta puidese ver aquela luz onírica estaba impiamente fóra de todo o cabal. Mais de onde sacara aquela idea aquel fulano? Falaría a tempo que camiñaba arredor da casa somnámbulo? Joe dixéralle que non, mais tiña que comprobalo. Se cadra Frank Elwood podería contarlle algo, aínda que odiaba preguntar.

Febre, pesadelos tolos, somnambulismo, ilusións acústicas, un impulso que o levaba a un punto no ceo, e agora a sospeita de que falaba en soños! Tiña que deixar de estudar, ir ver un neurólogo e preocuparse pola súa saúde. Ao subir ao segundo andar parou diante da porta de Elwood, mais viu que o outro mozo non estaba. Non sen certa relutancia continuou escaleiras arriba até o seu cuarto abufardado e sentou na escuridade. A súa mirada aínda estaba fixa no sur, mais tamén descubriu que estaba atento para ouvir calquera son procedente daquel rocho fechado que había sobre el, medio imaxinando que unha malvada luz violeta baixaba por unha fenda de grosor infinitesimal no teito baixo e inclinado.

Aquela noite, mentres durmía, a luz violeta apareceu ante el con maior intensidade que nunca e a vella bruxa e a pequena criatura peluda, máis preto que o resto das veces, fixéronlle mofa con chíos inhumanos e xestos endiañados. Sentiuse feliz cando se afundiu nos abismos crepusculares e o seu vago bruar, aínda que a persecución á que o sometía aquel conxunto de burbullas iridescentes e o pequeno poliedro calidoscópico era ameazante e irritante. Despois, dous enormes planos dunha substancia de aspecto esvaradío converxeron enriba e debaixo del, resultando nun resplandor de delirante e descoñecida luz estraña, no que as cores amarela, carmín e índigo se mesturaban dun xeito louco e inextricábel.

Achouse medio deitado sobre unha terraza alta cunha balaustrada fantástica que se erguía sobre unha infinita xungla de picos incríbeis, planos balanceados, domos, minaretes, discos horizontais rematados en pináculos e unha infinidade de formas de aínda unha maior loucura, algunhas de pedra, outras de metal, que brillaban estrañamente baixo aquel mesturado e raro resplandor do ceo policromado. Cando ollou para arriba viu tres inmensos discos de chama, cada un dunha cor distinta e dun tamaño diferente, sobre aquel horizonte infinitamente distante e curvado de montañas baixas. Detrás del grupos de terrazas máis altas erguíanse cara a arriba até onde alcanzaba a vista. A cidade estendíase abaixo até os límites do seu campo visual, e agardou que ningún son se erguese desde ela.

O chan do que se ergueu con facilidade era de pedra puída, con liñas finas como veas, imposíbel de identificar. As lousas estaban cortadas en formas con ángulos estraños, como se estivesen baseados nalgunha simetría doutro mundo cuxas leis non se poden comprender. A balaustrada chegaba até o peito e era de factura delicada e fantástica, con pequenas figuras colocadas todo ao longo da varanda a intervalos breves, de deseño grotesco e exquisita factura. Estas, igual que o resto da balaustrada, semellaban estar feitas dalgunha clase de metal brillante cuxa cor non se podería identificar naquel caos de resplandores mesturados, e a súa natureza desafiaba calquera conxectura. Representaban uns obxectos con forma de bocoi, cuns finos brazos horizontais que semellaban saír dun anel central e con nós verticais ou bulbos que se proxectaban desde a cabeza e a base do bocoi. Cada un destes nós era a unión dun sistema de cinco brazos longos, planos e de sección triangular, que estaban situados arredor del como se fosen os brazos dunha estrela de mar en posición horizontal, mais curvados lixeiramente fóra do centro. A base do nó inferior estaba unida á longa varanda, cun só delicado punto de contacto, o que facía que algunhas das figuras estivesen desprendidas e desapareceran. As estatuiñas tiñan arredor de doce centímetros de alto, mentres que os brazos lles conferían un diámetro máximo duns cinco centímetros.

Cando Gilman se ergueu, sentiu que as lousas do chan estaban quentes baixo os seus pés descalzos. Achábase completamente só e o primeiro que fixo foi camiñar até a balaustrada e ollar para aquela infinita e ciclópea cidade que se estendía a case medio quilómetro baixo el. Cando se puxo a escoitar, percibiu como unha rítmica confusión ou un son esvaído e musical de frautas que cubría un amplo rango tonal procedente das estreitas rúas de máis abaixo, e pareceulle albiscar os habitantes do lugar. Aquela vista mantívoo absorto durante un intre, así que cando caeu sobre o chan non se agarrou instintivamente á lustrosa balaustrada. A súa man dereita deu por casualidade nunha das figuras saíntes e agarrouse con forza a ela. Foi demasiada forza, no entanto, para a exótica delicadeza da ourivaría, e a figura estrelada desprendeuse na súa man. Aínda medio abraiado, continuou agarrándoa até que a súa outra man alcanzou o espazo baleiro da varanda.

Mais agora os seus ouvidos sentiron algo detrás del e ollou para atrás no nivel da terraza. Aproximábanse a el aos poucos mais sen aparente furtividade cinco figuras, dúas das cales eran a sinistra anciá e o pequeno animal peludo dos cabeiros longos. As outras tres foron as que o fixeron esvaerse, xa que eran entidades vivas, mais tiñan dous metros e medio de alto, coa mesma forma que as imaxes estreladas da balaustrada, e avanzaban impulsadas por unhas poutas semellantes ás dunha araña que partían dos seus brazos inferiores de estrela de mar.

Gilman ergueuse da cama, cuberto de suor fría e cunha sensación vívida no seu rostro, mans e pés. Saltou ao chan, lavouse e vestiuse cunha présa frenética, como se necesitase saír da casa o antes posíbel. Non sabía onde quería ir, mais sentiu unha vez máis que debía sacrificar as súas clases. Aquel estraño impulso que viña de entre Hydra e Argo Navis desaparecera, mais ocupou o seu lugar outro aínda máis forte. Agora sentiu que debía ir ao norte, infinitamente ao norte. Tiña medo de cruzar a ponte que desde a que se vía a desolada illa do Miskatonic, así que foi pola ponte de Peabody Avenue. Tropezaba a miúdo, xa que os seus ollos e ouvidos estaban fixos nun punto moi concreto do ceo azul baleiro.

Após unha hora máis ou menos volveu recuperar o control de si mesmo e descubriu que estaba xa lonxe da cidade. Ao seu redor estendíase o magro baleiro das brañas salgadas e unha estrada estreita que levaba a Innsmouth, aquela vila antiga e medio deserta que a xente de Arkham curiosamente intentaba evitar sempre. Malia que o impulso que o levaba ao norte non desaparecera, el resistiuse igual que se resistira ao anterior, e finalmente descubriu que podía contrarrestar un co outro. Volveu á cidade, tomou un café nun posto de refrescos e meteuse na biblioteca pública para buscar sen descanso entre as revistas. Atopouse con algúns amigos que lle fixeron notar que semellaba bastante queimado polo sol, mais el non lles contou nada sobre a súa camiñada. Ás tres da tarde tomou algo de almorzo nun restaurante, para notar entrementres que o impulso diminuíra ou ben se dividira. Despois matou o tempo nun cine barato, ollando a insulsa película unha e outra vez, mais sen lle prestar atención ningunha.

A iso das nove da noite tomou rumbo á casa e meteuse no vello predio. Joe Mazurewicz murmuraba rezos inintelixíbeis e Gilman apresurouse a subir ao seu cuarto no ático sen pararse para ver se Elwood estaba ou non no seu. Foi cando acendeu a magra luz eléctrica cando lle veu o susto. De súpeto viu que había algo na mesa que non pertencía a aquel lugar, e unha segunda ollada non deixou lugar a dúbidas. Deitada de lado, pois non podía manterse en pé sen un apoio, estaba a exótica figura estrelada que se desprendera daquela balaustrada fantástica no seu soño monstruoso. Non faltaba un detalle. O seu centro semellante a un bocoi e cruzado por liñas, os finos brazos raiados, os nós en cada cabo, e aqueles brazos de estrela de mar, planos, lixeiramente curvados para fóra, que saían daqueles nós, todo estaba alí. Baixo a luz eléctrica a cor semellaba dunha especie de gris iridescente, veado de verde. Gilman puido ver entre o seu horror e abraio que un dos nós remataba nun corte fanado, que se correspondía co seu antigo punto de unión con aquela varanda soñada.

Só a súa tendencia a caer no máis confuso estupor fixo que non se puxese a berrar en alto. Esta mestura entre soño e realidade era moito máis do que podía aturar. Aínda confuso, agarrou a cousa estrelada e baixou as escaleiras até os apousentos de Dombrowski, o caseiro. Os rezos murmurados do supersticioso reparador de teares aínda podían ouvirse a través dos balorecidos cuartos, mais Gilman non se preocupou por eles nese momento. O caseiro estaba e saudouno con compracencia. Non, el non vira aquela cousa antes e non sabía ren sobre ela. Mais a súa muller dixera que atopara un simpático trebello de estaño nunha das camas cando fora facer os cuartos pola tarde, e se cadra falaba dese. Dombrowski chamou por ela, quen entrou deseguido. Abofé, ese era o artello. Atopárao na cama do mozo, no lado máis próximo á parede. Parecéralle ben raro, mais abofé que o rapaz tiña moreas de cousas raras no seu cuarto, como libros, e pinturas e símbolos estraños pintados en papeis. Ela non sabía nada sobre aquela cousa.

Daquela Gilman subiu escaleiras arriba, outra vez confuso, convencido de que ou ben seguía a durmir ou de que o seu somnambulismo chegara a uns extremos incríbeis que o levaban a perpetrar roubos en lugares descoñecidos. Onde conseguira aquel chisme misterioso? Non lembraba velo en ningún museo de Arkham. Debía de pertencer a algunha parte, sen dúbida, e a súa visión ao roubalo debera de ser a causa daquela estraña imaxe no soño do terrazo coa balaustrada. Ao día seguinte faría algunhas preguntas discretas e se cadra iría ver o neurólogo.

Entrementres intentaría manter á raia o seu somnambulismo. Cando subiu as escaleiras aproveitou para deitar polo corredor que levaba ao seu cuarto unha pouca fariña que lle emprestara o caseiro, após recoñecer sinceramente para que a precisaba. De camiño parou na porta de Elwood, mais atopouse con que non viña luz do interior do cuarto. Cando entrou no seu colocou a cousa estrelada sobre a mesa e deitouse nun estado de completo cansazo mental e físico, e non parou nin para se desvestir. Pensou ouvir un lixeiro son de rañar e patear que viña do ático clausurado que había sobre o teito inclinado, mais estaba demasiado desequilibrado como para pararse a pensalo. Aquel misterioso impulso que o levaba a ir ao norte estaba a se volver forte máis unha vez, aínda que agora semellaba proceder dun lugar máis baixo no firmamento.

Na trémula luz violeta do soño, a anciá e a criatura peluda e de cabeiros longos apareceron outra volta con maior claridade aínda que a vez anterior. Agora, de feito, alcanzaron a tocalo e el puido sentir as gadoupas murchas da bruxa que o apertaban. Foi arrastrado fóra da cama ao espazo vacío e durante un intre puido ouvir un bruar rítmico e ver a amorfidade crepuscular dos vagos abismos que se erguían ao ser redor. Mais o momento foi moi breve, pois de súpeto atopouse nun espazo magro, sen xanelas, pequeno, con bastas columnas e taboleiros que ían do chan até un punto que había xusto sobre a súa cabeza, e un curioso chan inclinado baixo os pés. A ras daquel chan había uns andeis baixos ateigados de libros que amosaban todo o rango de antigüidade e nivel de descomposición, e no centro había unha mesa e un tallo, ambos os dous aparentemente suxeitos ao chan. Pequenos obxectos de forma e natureza descoñecidas aliñábanse na parte superior dos estantes, e baixo a escintilante luz violeta, Gilman pensou que vira unha parte da figura estrelada que o deixara tan terribelmente asustado. Á esquerda, o chan desaparecía abruptamente, deixando un espazo negro triangular, polo que nuns segundos subira a odiosa pequena criatura peluda, cos seus cabeiros amarelos o seu rostro humano barbado.

A bruxa de risa horrorosa seguía apertándoo, e do outro lado da mesa había unha figura en pé que Gilman non vira antes. Era un home alto e enxoito, coa pel completamente negra, mais carente de todo trazo negroide, e carente tamén de cabelo ou barba. O único que levaba posto era un manto informe dalgunha tea negra pesada. Os seus pés eran imposíbeis de ver a causa da mesa e o banco, mais debía de ir calzado, pois cada vez que se movía facía ruído. O home non falou nin amosou expresión ningunha no seu rostro de faccións pequenas e regulares. Só se limitou a sinalar un libro de tamaño prodixioso que se achaba aberto sobre a mesa, mentres que a bruxa lle puña a Gilman unha enorme pena de ave gris na man dereita. Todo o cubría un manto de medo estarrecedor e o clímax chegou cando a criatura peluda comezou a corricar desde a roupa do soñador até os seus ombros e despois polo seu brazo esquerdo abaixo, para trabarlle finalmente o pulso xusto debaixo do puño da camisa. Cando o sangue comezou a saír da súa ferida, Gilman caeu esvaído.

Espertou a mañá do día vinte e dous con dor no pulso esquerdo e viu que no puño da camisa tiña sangue seco. As súas lembranzas eran moi confusas, mais a escena co home negro no espazo descoñecido permanecía ben viva. As ratas deberan de trabarlle mentres durmía, dándolle o clímax final a aquel soño arrepiante. Ao abrir a porta viu que a fariña que deitara polo corredor estaba impoluta, agás polas grandes pegadas do paisano que se aloxaba no outro lado do ático. Logo non andara somnámbulo esta vez. Mais algo tiña que facer con aquelas ratas. Había falar co caseiro sobre elas. Máis unha vez intentou fechar o furado que había na base da parede inclinada, metendo a presión unha candea que semellaba ter o tamaño axeitado. Os seus ouvidos resoaban dun xeito terríbel, como se fosen os ecos residuais dalgún ruído espantoso dos seus soños.

Mentres se bañaba e mudaba a roupa, intentou lembrar que fora o que soñara logo da escena no espazo

iluminado de cor violeta, mais na súa mente non cristalizou nada concreto. Aquela escena seguramente se correspondía co ático selado de arriba, que comezara a abordar a súa imaxinación dun xeito tan violento, mais o de despois era vago e neboento. Había certas suxestións dos esvaídos abismos crepusculares e doutros abismos aínda máis vastos e máis negros que se encontraban alén destes, uns abismos carentes de toda suxestión fixa. Levárano alí o cúmulo de burbullas e o pequeno poliedro que sempre andaban detrás del. Porén, etes, igual que el mesmo, transformáranse en retallos de néboa neste vacío ulterior de negrura definitiva. Algo máis se movera con eles, un farrapo de maior tamaño que de cando en vez se condensaba en aproximacións á forma carentes de nome. Gilman pensou que o seu avance non fora en liña recta, senón máis ben seguindo algunhas curvas estrañas e espirais dalgún vórtice etéreo que obedecía a leis descoñecidas para a física e as matemáticas de calquera cosmos concibíbel. De cando en vez aparecía un trazo xigantesco de sombras, como un monstruoso pulso semiacústico, acompañado do monótono chifrar dunha frauta invisíbel, mais iso era todo. Gilman decidiu que tomara aquel último concepto do que lera no *Necronomicon* sobre a entidade sen mente Azathoth, que goberna todo o tempo e o espazo desde o seu trono negro no centro do Caos.

Após lavar ben o sangue do pulso, Gilman descubriu que a ferida fora moi leve e abraiouse do lugar en que se achaban as dúas pequenas picadas. Lembrou que non había sangue na roupa de cama onde estivera a durmir, o que era ben estraño á vista da cantidade que tiña sobre a pel e no puño da camisa. Andara acaso somnámbulo polo cuarto e cando a rata lle trabara sentara nalgunha cadeira ou ficara quieto nalgunha postura menos racional aínda? Buscou por todas as esquinas pingas ou manchas marróns, mais non achou nin a primeira. Pensou en que o mellor que podía facer era esparexer fariña por dentro do cuarto, igual que o fixera por fóra, aínda que após todo o que pasara non precisaba moitas máis probas do seu somnambulismo. Sabía que camiñaba en soños e o importante agora era deixar de facelo. Tiña que falar con Frank Elwood para que lle axudase. Aquela mañá a forza do espazo que o atraía semellaba máis suave, aínda que a substituíra outra sensación aínda máis difícil de explicar. Tratábase dun impulso vago e insistente de fuxir da súa presente situación, mais carecía de toda pista sobre cara a onde fuxir. Cando colleu a estraña imaxe estrelada da mesa, pensou que o vello impulso que o levaba ao norte se volvía máis forte, mais así e todo seguía estando completamente dominado por aquela nova e máis abraiante urxencia.

Colleu a imaxe estrelada e baixou ao cuarto de Elwood, intentando non facer caso dos rezos do reparador de teares que chegaban do cuarto de abaixo. Elwood estaba na casa, grazas ao ceo, mais a piques de marchar. Tiñan un breve intre para conversar antes de que o mozo saíse tomar o almorzo para ir despois á Universidade, así que Gilman contoulle apresuradamente os seus soños e medos máis recentes. O seu anfitrión foi moi comprensivo e estivo de acordo en que algo había que facer. Ficou abraiado polo aspecto descoidado do seu hóspede e fíxolle notar o estraño aspecto de queimado polo sol que tiña e que outros xa lle comentaran a semana anterior.

Así e todo, non había moito que puidese dicir. Non vira a Gilman en todas as súas saídas somnámbulas e non tiña nin idea do que faría. No entanto, ouvira o tipo franco-canadiense que vivía xisto debaixo do cuarto de Gilman falar con Mazurewicz unha tarde. Estiveran comentando o moito que temían a chegada da noite de Walpurxis, para a que non faltaban máis que uns días, e intercambiaran uns comentarios cheos de mágoa sobre o pobre condenado mozo que vivía arriba. Desrochers, o paisano que vivía debaixo do cuarto de Gilman, falara de ruído de pasos pola noite, calzados e descalzos, e dunha luz violeta que vira unha noite cando se deslizara temoroso escaleiras arriba para asexar polo fecho da porta de Gilman. Non debera mirar, contoulle a Mazurewicz, após albiscar aquela luz polas regañas da porta. Contara que escoitara unha conversa, e cando comezara a describila, a súa voz tornárase nun murmurio inaudíbel.

Elwood non podía imaxinarse o que provocara que estas supersticiosas criaturas se puxesen a pregar, mais supuxo que as súas imaxinacións se viran alimentadas por unha banda polo feito de Gilman camiñase e falase durmido a altas horas, e por outra banda pola proximidade da tradicionalmente temida véspera de maio. Estaba claro que Gilman falaba en soños e era obvio que o tema da luz violeta saíra dos asexos de Desrochers polo furado da chave. Esta xente sinxela imaxinaba axiña que vira algunha cousa estraña da que ouvira falar. O mellor plan de acción que podían ter era que Gilman se mudase ao cuarto de Elwood e evitase durmir só. Elwod podería, no caso de estar a pé, espertalo se este comezans a falar ou a camiñar no medio do seu soño. Tamén debía ir ver o especialista axiña. Entrementres levarían a imaxe estrelada a varios museos e a certos profesores para intentar identificala, coa escusa de que a atoparan tirada no lixo. Dombrowski tamén se encargaría de pórlles veleno a aquelas ratas das paredes.

Algo máis animado pola compaña de Elwood, Gilman asistiu aquel día ás clases. As estrañas forzas aínda turraban del, mais foi quen de as evitar cun éxito considerábel. Durante unha hora libre ensinoulle a estraña imaxe a un feixe de profesores, que se interesaron en gran medida, aínda que ningún deles puido botar ningunha luz sobre a súa natureza ou orixe. Aquela noite durmiu nun colchón que Elwood lle pedira ao caseiro e por primeira

vez en semanas viuse completamente libre de soños inquietantes. Mais a febre aínda persistía e os rezos do reparador de teares púñano moi nervioso.

Durante os seguintes días, Gilman gozou dunha case perfecta inmunidade a toda clase de manifestacións mórbidas. Segundo dixo Elwood, non amosou trazas de falar nin erguerse no medio do soño e, entrementres, o caseiro encargárase de colocar veleno para ratas en todas as partes. O único asunto molesto eran as conversas entre os supersticiosos estranxeiros, cuxa imaxinación estaba enormemente excitada. Mazurewicz non deixaba de intentar que o mozo se axenciase un crucifixo e finalmente obrigoulle a aceptar un que lle asegurara que estaba bendicido polo pai Iwanicki. Desrochers tamén tiña algo que dicir de cando en vez. De feito, insistía en que no agora baleiro cuarto que había sobre o seu soaran pasos cautelosos as dúas primeiras noites nas que Gilman non durmira alí. Paul Choynski pensaba que ouvía sons nos corredores e nas escaleiras pola noite, e aseguraba que alguén intentara abrir a súa porta suavemente, mentres que a señora Dombrowski xuraba que vira a Jenkin o Marrón por primeira vez desde Todos os Santos. Mais todas aquelas novas ben pouco podían significar e Gilman deixou colgado o crucifixo de metal barato nun colgadoiro do armario do seu anfitrión.

Durante tres días Gilman e mais Elwood percorreron os museos da zona nun esforzo por identificar a estraña imaxe estrelada, mais sempre sen éxito. Porén, en todas as partes espertaba un grande interese, xa que a tremenda estrañeza daquela cousa supuña un enorme desafío para a curiosidade científica. Separaron un dos brazos raiados para ll facer unha análise química. O profesor Ellery atopou platino, ferro e telurio naquela estraña aliaxe, mais estaban mesturados con cando menos outros tres elementos dun altísimo peso atómico que a química era completamente incapaz de clasificar. Non só non foron quen de identificalos con ningún elemento coñecido, senón que nin sequera puideron situalos nos espazos vacantes reservados para os elementos probábeis do sistema periódico. O misterio segue sen resolver a día de hoxe, aínda que a imaxe pódese ver exposta no museo da Universidade de Miskatonic.

A mañá do vinte e sete de abril un novo furado de rato apareceu no cuarto onde Gilman estaba aloxado, mais Dombrowski selouno durante o día. O veleno non estaba a ter moito efecto, xa que o son de rañar e corricar polas paredes non diminuíra practicamente nada.

Elwood ía chegar tarde esa noite e Gilman agardou por el. Non quería durmir só nun cuarto, especialmente desde que lle parecera albiscar no luscofusco da tardiña aquela vella repelente cuxa imaxe se transferira dun xeito tan horrendo aos seus soños. Preguntouse quen sería e que faría na boca daquel estreito canellón a carón dunha morea de lixo. A bruxa semellara fixarse nel e miralo con malicia, aínda que se cadra só fora a súa imaxinación.

Ao día seguinte ambos os dous mozos sentíanse cansos e sabían que durmirían como troncos cando chegase a noite. Á tardiña estiveron discutindo sobre os seus estudos matemáticos, o que fixo que Gilman se acendese por completo e se cadra por desgraza, e especularon sobre a relación coa antiga maxia e o folclore, o que semellaba misteriosamente probábel. Falaron sobre a vella Keziah Mason e Elwood estivo de acordo en que Gilman tiña bos argumentos para pensar que ela acabara por deducir estraña e significativa información. Os cultos secretos aos que estas bruxas pertencían a miúdo gardaban e preservaban sorprendentes segredos de idades remotas e esquecidas, e non era de ningún xeito imposíbel que Keziah acabase por dominar a arte de atravesar portais dimensionais. A tradición fai fincapé na inutilidade das barreiras físicas para deter as bruxas, e quen pode dicir o que ocultan realmente as vellas historias sobre vasoiras voadoras no medio da noite?

O feito de que un estudante na actualidade non puidese adquirir semellantes poderes do simple estudo matemático, estaba aínda por ver. O éxito, engadira Gilman, podía levalo a situacións perigosas e impensábeis, pois quen podía presupor cales eran as condicións dunha dimensión adxacente pero inaccesíbel por medios normais. Por outra banda, as posibilidades figuradas eran enormes. Se cadra o tempo non existía en determinados círculos do espazo e o feito de entrar e ficar nun deses círculos, podería significar conservar a vida e a xuventude indefinidamente, sen sufrir xamais cambios metabólicos nin deterioro, agás polas pequenas cantidades soportadas ao visitar o plano de orixe ou outros semellantes. Un podería, por exemplo, pasar a unha dimensión sen tempo e saír a algún período remoto da historia da terra tan novo como antes.

Se alguén o intentara algunha vez, era difícil de conxecturar con certo grao de autoridade. As antigas lendas son difusas e ambiguas, e en tempos históricos todos os intentos de cruzar fronteiras prohibidas semellaban estar complicados por estrañas e terríbeis alianzas con seres e mensaxeiros do exterior. Estaba a figura inmemorial do representante ou mensaxeiro dos poderes ocultos e terríbeis, o Home Negro do culto das bruxas, e o «Nyarlathotep» do *Necronomicon*. Tamén estaba o problema dos mensaxeiros menores ou intermediarios, semianimais e estraños híbridos que as lendas pintan como familiares das bruxas. Cando Gilman e Elwood se retiraron, demasiado somnolentos para continuar coa conversa, ouviron a Joe Mazurewicz entrar na casa medio bébedo e comezar a rezar cunha intensidade desesperada.

Aquela noite Gilman volveu ver a luz violeta. No seu soño ouviu un son como de rabuñar e roer dentro dos tabiques, e notou como se alguén estivese intentando abrir a porta con torpeza. Despois viu a anciá e a pequena criatura peluda avanzar cara a el sobre o chan cuberto de moqueta. O rostro da bruxa estaba aceso cunha exultación inhumana e aquela pequena morbidez de dentes amarelos ollaba para el con xesto de chanza, mentres sinalaba para a o vulto durminte que era Elwood, no outro colchón. Un medo que inducía á parálise eliminou todos os intentos de berrar. Igual que outra vez antes, a terríbel bruxa agarrou a Gilman polos ombros e sacouno da cama para levalo ao espazo baleiro. Outra volta, a infinidade dos abismos renxentes apareceu ao seu redor, mais no que lle pareceu só un segundo estivo nunha escura, balorenta e descoñecida rúa de fétidos cheiros, entre as paredes podrecidas dunhas casas antigas que se erguían a cada lado.

Adiante estaba o home de negro cuberto coa túnica que vira naquel espazo anguloso do outro soño, mentres que a unha distancia menor estaba a anciá que lle dicía con imperiosos acenos que se achegase. Jenkin o Marrón estábase a fregar compracido nas pernas do home negro, que a profundidade da lama ocultaban bastante. Había unha porta á súa dereita que se abría á escuridade, á que a bruxa e o home negro sinalaban. A arrepiante bruxa dirixiuse para alí arrastrando a Gilman polas mangas do pixama. Dentro había unhas escaleiras de cheiro horrendo que renxía ominosamente, e sobre a que a anciá semellaba irradiar unha esvaída luz violeta, e ao final un descanso cunha porta. A bruxa manipulou o fecho e abriuna, acenándolle a Gilman que agardase e desaparecendo no interior da negra abertura.

Os hipersensíbeis ouvidos do mozo percibiron un terríbel choro apagado e logo dun intre a meiga saíu do cuarto portando un vulto pequeno e informe que lle entregou ao durminte para que o levase. A visión daquel vulto e a expresión do seu rostro romperon o feitizo. Aínda excesivamente confuso para berrar, botou a correr polas ruidosas escaleiras abaixo até o lamazal de fóra e só se detivo cando bateu contra o home negro, que o estaba a agardar. Mentres perdía a consciencia puido ouvir o esvaído e burlón riso daquela anormalidade semellante a unha rata con cabeiros longos.

A mañá do día vinte e cinco, Gilman ergueuse invadido polo terror. En canto abriu os ollos soubo que algo ía terribelmente mal, xa que estaba de volta no seu cuarto abufardado de parede e o teito inclinados, deitado agora sobre a cama sen facer. A gorxa doíalle e non sabía por que, e cando loitou por sentar na cama viu cun medo crecente que os seus pés e os baixos do pixama estaban marróns de lama. Naquel momento os seus recordos eran desesperantemente borrosos, mais sabía que como mínimo andara somnámbulo. Elwood caera demasiado profundamente durmido como para poder detelo. Sobre o chan había unha confusión de pegadas de lama, mais por estraño que parecese, non chegaban até a porta. Canto máis miraba para elas, máis peculiares lle parecían, xa que alén das que podía recoñecer como propias había outras máis pequenas, case unhas marcas redondas, como as que farían as patas dunha cadeira grande ou unha mesa, agás porque a maioría delas estaban divididas en dous. Tamén había unhas estrañas pegadas de rata que saían dun novo furado e volvían a el. Un terríbel abraio e un medo de loucura asaltaron a Gilman cando abriu a porta e descubriu que no exterior non había pegadas. Canto máis lembraba o seu horrendo soño, máis estarrecido se sentía e ao seu desespero engadíaselle o feito de ouvir a Joe Mazurewicz salmodiando dúas plantas máis abaixo.

Baixou até o cuarto de Elwood e espertou o seu anfitrión, que aínda durmía, e despois comezou a lle contar como aparecera, mais Elwood non se podía facer unha idea de como puidera acontecer todo. Cousas como onde estivera Gilman, como conseguira volver ao seu cuarto sen deixar pegadas no corredor e como chegaran a mesturarse coas súas pegadas lamacentas aquelas que semellaban feitas por un moble dentro do seu cuarto, estaban completamente fóra de toda conxectura posíbel. Despois estaban aquelas marcas escuras e lívidas no seu pescozo, como se o intentasen esganar. Colocou as mans sobre as marcas mais descubriu que non coincidían nin por aproximación. Cando estaban a falar, Desrochers entrou para dicir que ouvira un terríbel balbordo arriba nas últimas horas da madrugada. Non, ninguén pasara polas escaleiras após a media noite, mais xusto antes desa hora ouvira uns pasos liviáns no ático e unhas pegadas cautelosas que ían escaleiras abaixo e das que el non gustara nada. Alén diso, engadira, aquela era unha moi mala época do ano para Arkham. Era mellor que o mozo se asegurase de levar sempre o crucifixo que lle dera Joe Mazurewicz. Mesmo durante o día non se estaba seguro, xa que logo do amañecer producíranse uns sons estraños na casa, especialmente o lamento agudo dun neno que fora rapidamente apagado.

Gilman asistiu de xeito mecánico ás clases daquela mañá, mais era completamente incapaz de centrarse nos estudos. Un sentimento de aprehensión e terríbel expectación ameazábao, e parecía como se estivese agardando que lle caese enriba o golpe de graza. Ao mediodía comeu no ximnasio da Universidade e mentres agardaba pola sobremesa colleu un xornal do asento do lado. Mais nunca chegou a comer aquela sobremesa, pois unha nova na portada do xornal fixo que se puxese branco e se lle desorbitasen os ollos, polo que só foi quen de pagar a conta

volver mecanicamente ao cuarto de Elwood.

Houbera un estraño secuestro a noite anterior en Orne's Gangway, e o fillo de dous anos de Anastasia Wolejko, traballadora dunha lavandaría, desaparecera sen deixar rastro. Polo visto a nai levaba temendo o suceso algún tempo, mais os seus medos eran tan sumamente grotescos que ninguén a tomara en serio. Segundo ela, vira a Jenkin o Marrón roldando polo lugar unha e outra vez desde comezos de marzo e soubo polos seus acenos e risos burlóns que o pequeno Ladislas debía de estar marcado para o sacrificio no terríbel Sabbat da noite de Walpurxis. Pedíralle á súa veciña Mary Czanek que durmise no seu cuarto e intentase protexer o meniño, mais non fora quen. Tampouco llo podía contar á policía, xa que nunca crían tales historias. Por aquela época do ano sempre desaparecía algún cativo, desde que ela podía lembrar. E o seu noivo Pete Stowacki tampouco podía ser de axuda xa que quería que o neno desaparecese do medio.

Mais o que fixo que Gilman comezase a suar frío fora o relato dun par de transeúntes que pasaban pola boca da calexa xusto despois da media noite. Admitiron que estaban bébedos, pero ambos os dous xuraron que viran tres persoas ridiculamente vestidas entrar furtivamente polo portal da casa. Segundo contaran, eran un tipo enorme con túnica negra, unha pequena anciá cuberta de farrapos e un mozo branco en pixama. A anciá arrastraba o mozo, mentres que arredor dos pés do de negro había unha enorme rata fregándose e envorcallándose na lama.

Gilman ficou toda a tarde sentado, presa do seu estupor, e Elwood, que lera os xornais e se formara terríbeis conxecturas polo que contaban, atopouno así cando volveu á casa. Desta volta ninguén podía dubidar de que algo terribelmente serio estaba a ocorrer ao seu redor. Estaba a cristalizar unha monstruosa e impensábel relación entre os fantasmas do pesadelo e a realidade do mundo tanxíbel, e só unha inigualábel vixilancia podería evitar que se producisen máis sucesos terríbeis. Gilman debería ir ver un especialista máis tarde ou máis cedo, pero non nese momento, cando todos os xornais estaban a falar do asunto do secuestro.

O que ocorrera en realidade era escuro até o extremo da loucura, e polo momento Gilman e Elwood intercambiaron entre murmurios teorías da clase máis impensábel. Conseguiría Gilman un éxito maior do que supuña nos seus estudos sobre o espazo e as súas dimensións? Sairía en realidade da nosa esfera até lugares imposíbeis de saber e de imaxinar? Onde estivera (se é que estivera en algures) naquelas noites de endiañada alienación? O bruar dos abismos en penumbra, a aba verde, a terraza abrasadora, os impulsos das estrelas, o vórtice da negrura definitiva, o home negro, a calexa escura e as escaleiras, a vella bruxa co seu peludo e dentado horror, o conxunto de burbullas e o pequeno poliedro, as estrañas queimaduras do sol, a ferida no pulso, a figuriña inexplicábel, os pés cheos de lama, as marcas na gorxa, os contos e os medos dos supersticiosos estranxeiros, que significaba todo iso? Até que punto se podían aplicar as leis da cordura neste caso?

Ningún dos dous durmiu aquela noite, así que ao día seguinte non asistiron ás aulas e descansaron. Era o trinta de abril e co anoitecer chegaría o infernal momento do Sabbat que todos os estranxeiros e as xentes supersticiosas temían. Mazurewicz chegou á casa ás seis da tarde e dixo que a xente no muíño estaba a murmurar que os ritos do Sabat se celebrarían no val escuro que había detrás de Meadow Hill, onde se ergue unha antiga pedra branca nun lugar estrañamente desprovisto de vexetación. Algúns deles mesmo chamaran á policía e lle dixeran que fosen buscar aló o fillo desaparecido de Wolejko, mais non creron que se puidese facer ren. Joe insistiu en que o pobre mozo debería levar o crucifixo coa súa cadea niquelada, así que Gilman púxoo e meteuno por dentro da camisa para contentar o paisano.

A altas horas da noite, ambos os dous mozos estaban adormentados nas súas cadeiras, arrolados polos rezos do reparador de teares que viñan do piso de abaixo. Gilman escoitaba mentres cabeceaba e o seu ouvido agudizado dun xeito preternatural semellaba estar intentando captar algún murmurio sutil e terríbel alén dos ruídos da vella casa. Impíos recordos dalgunhas cousas do *Necronomicon* o o *Libro Negro* viñeron á súa mente, e viuse a si mesmo bambeándose ao son dos execrábeis ritmos que se contaba que pertencían ás máis escuras cerimonias so Sabat, e que se orixinaran fóra do tempo e o espazo que comprendemos.

De súpeto descubriu o que estaba a intentar escoitar, era o infernal canto dos cultistas no distante val negro. Como sabía tanto sobre aquilo? Como sabía cal era o momento en que Nahab e mais o seu acólito aparecerían traendo o xerro rebordante ao que seguirían o galo negro e a cabra negra? Viu que Elwood ficara durmido e intentou chamar por el para espertalo. Porén, algo lle fechou a gorxa. Non era dono de si mesmo. Asinara despois de todo o libro do Home Negro?

Despois, o seu febril e anormal ouvido captou unhas notas distantes que traía o vento. Viñan dunha gran distancia, quilómetros de outeiros, campos e rúas, mais non por iso deixou de recoñecelas. Os lumes debían de estar acesos e os danzantes debían de estar comezando. Como podía resistirse a ir? Que fora aquilo que o atrapara? As matemáticas, o folclore, a casa, a vella Keziah, Jenkin o Marrón... E agora viu que había un novo furado de ratas na parede máis próxima ao seu colchón. Sobre os cantos distantes e os rezos próximos de Joe Mazurewicz soou

outro son, un rabuñar forte e determinado que viña de entre as paredes. Só esperaba que a luz eléctrica non marchase. Despois viu aquel pequeno rostro barbado con cabeiros saír polo furado, aquel pequeno rostro maldito que finalmente descubriu que tiña unha semellanza abraiante e burlona co da vella Keziah, e ouviu un esvaído son que viña da porta.

Os bruantes abismos en penumbra apareceron ante el de súpeto e sentiuse desesperado canda a informe masa de burbullas. Diante del corría o pequeno poliedro calidoscópico e en todo aquel baleiro renxente semellaba estarse a producir unha aceleración e unha subida do vago patrón tonal, que semellaba anunciar algún clímax irresistíbel e insoportábel. Parecía que sabía o que estaba a ocorrer, o monstruoso estoupido do ritmo de Walpurxis, en cuxo timbre cósmico se concentraban todos os entes primixenios do máis distante espazo-tempo que xacen alén das esferas da materia e que ás veces se abren paso en forma de medidas reverberacións que penetran lixeiramente cada capa da realidade e que teñen un significado terríbel en todos os mundos durante certos períodos malditos.

Mais todo se esvaeu nun segundo. Estaba outra vez naquel espazo anguloso e iluminado con luz violeta, co chan inclinado, os andeis baixos cheos de libros antigos, o tallo e a mesa, os estraños obxectos e o baleiro triangular a un lado. Sobre a mesa xacía unha pequena figura branca, un meniño espido e inconsciente, mentres que do outro lado estaba a monstruosa anciá cun coitelo brillante e de tamaño grotesco na man dereita, e un cunco de metal pálido de estrañas proporcións cuberto con raros deseños gravados e asas na outra man. Entoaba algunha clase de ritual rouco nunha lingua que Gilman non era quen de entender, mais que semellaba como algo que se citaba no *Necronomicon*.

A medida que a escena se foi volvendo máis clara, viu que a anciá se inclinaba para diante e estendía o cunco baleiro sobre a mesa, e Gilman, incapaz de conter os seus propios actos, inclinouse e colleuno con ambas as dúas mans, para descubrir que era considerabelmente livián. Naquel mesmo intre, a aborrecíbel figura de Jenkin o Marrón apareceu saída do furado triangular que había á súa dereita. A bruxa fixo a Gilman moverse de xeito que suxeitase o cunco nunha posición concreta, mentres que ela erguía o enorme e grotesco coitelo sobre a pequena e pálida vítima, tan alto como llo permitía o seu brazo dereito. A criatura peluda e dentada comezou a murmurar a continuación un ritual descoñecido, mentres que a vella croaba repugnantes respostas. Gilman sentiu unha punzada de noxo insoportábel dentro da súa parálise mental e emocional, e o cunco de metal livián tremeulle nas mans. Un segundo despois o movemento descendente do coitelo rompeu por completo o feitizo, así que deixou caer o cunco que resoou como o tanxido dunha campá mentres que as súas mans se botaban para adiante freneticamente para evitar aquel feito monstruoso.

Nun instante chegou até o bordo do chan inclinado, rodeando o cabo da mesa e tirou o coitelo das poutas da anciá, guindándoo polo estreito furado triangular. Noutro instante, porén, cambiaron as tornas, pois aquelas gadoupas asasinas fecháronse con forza sobre o seu pescozo, mentres que o rostro engurrado se convertera nunha máscara de furia incontrolada. Sentiu a cadea do crucifixo barato que lle rozaba o pescozo e no medio daquel perigo preguntouse como lle afectaría a aquela criatura malvada a visión do obxecto. A súa forza era completamente sobrehumana, mais mentres continuaba o seu estrangulamento, Gilman conseguiu remexer na súa camisa para sacar a figura metálica, arrincándoa da cadea e deixándoa solta.

Ao ver o símbolo, a bruxa semellou dar a volta presa do pánico, e o seu agarre relaxouse tempo dabondo para lle dar a Gilman a oportunidade de se zafar del por completo. Tirou aquelas poutas de aceiro do seu pescozo e a piques estivo de guindar a bruxa polo bordo do furado se esas gadoupas non o chegasen a agarrar outra vez con forza anovada. Desta volta decidiu responder coa mesma medicina e buscou o pescozo da criatura coas mans. Antes de que ela puidese ver o que estaba a facer, Gilman envolvera a cadea do crucifixo polo pescozo dela, e un intre despois apertaba o suficiente como para quitarlle o alento. Mentres ela daba o último estertor, sentiu que algo lle trababa na perna, e viu que Jenkin o Marrón viñera na axuda da vella. Cunha patada salvaxe mandou aquela aberración polo bordo do furado e ouviu o seu chío nalgún lugar moito máis abaixo.

Non sabía se matara a vella bruxa, mais deixou que o seu corpo ficase no chan, no mesmo lugar onde caera. Despois, cando deu a volta para marchar, viu algo que case acaba co resto de cordura que lle quedaba. Jenkin o Marrón, que tiña fortes músculos e catro pequenas mans dunha destreza endiañada, estivera ocupado mentres a bruxa intentaba esganar a Gilman, así que os seus esforzos foran en balde. O que el fixera para evitar que o coitelo atravesase o peito da vítima, os cabeiros amarelos daquela peluda blasfemia fixérano nun pulso, así que o cunco, sobre o chan, estaba cheo a carón do pequeno corpo sen vida.

No seu soño-delirio, Gilman ouviu o diabólico canto de ritmo cósmico do Sabbat, que viña dunha distancia infinita, e soubo que o Home Negro debía de estar aló. Os seus recordos confusos mesturáronse cos seus estudos de matemáticas e creu que o seu subconsciente coñecía os ángulos que precisaba para guialo de volta ao mundo

normal, só e sen axuda por primeira vez. Estaba certo de que se achaba no faiado que había sobre o seu cuarto e que levaba fechado desde tempos inmemoriais, mais tiña certas dúbidas de se podería fuxir algunha vez a través do chan inclinado ou da parede curva. Alén diso, unha fuxida do rocho soñado non o levaría simplemente á casa soñada, unha proxección anormal do lugar real ao que el quería volver? Estaba completamente confuso en canto a que era soño e que era realidade en todas estas experiencias.

O camiño a través dos vagos abismos podería ser estarrecedor, xa que o ritmo de Walpurxis debía de estar resoando agora e de calquera xeito tería que ouvir aquel velado pulso cósmico ao que lle tiña un pánico mortal. Mesmo agora podía percibir unha baixa e monstruosa sacudida cuxo tempo sospeitaba demasiado ben. Durante o Sabbat sempre se facía máis forte e resoaba de mundo en mundo para convocar os iniciados para os ritos sen nome. A metade dos cantos do Sabbat estaban baseados neste vago pulso que ningún ouvido terreal podería soportar na súa plenitude espacial. Gilman preguntouse tamén se podería confiar nos seus instintos para volver ao lugar correcto do espazo. Como podía estar seguro de que non acabaría naquela aba iluminada de verde dun planeta distante, na terraza que se estendía sobre a cidade de monstros con tentáculos dalgún lugar alén da galaxia ou nalgún vórtice negro daquel último baleiro do caos onde reina o demo-sultán sen mente Azathoth?

Xusto antes de lanzarse ao vacío, a luz violeta apagouse e el ficou na máis completa escuridade. A bruxa, a vella Keziah, Nahab, iso debía de significar a súa morte. E mesturado co canto distante do Sabbat e os chíos de Jenkin o Marrón no abismo de debaixo, pensou ouvir outro laído distante e máis estraño aínda procedente das profundidades descoñecidas. Joe Mazurewicz, os seus rezos contra o Caos que se Arrastra estaban a se volver agora un berro de triunfo inexplicábel. Mundos de sardónica realidade que invadían vórtices de soños febrís. Iá! Shub-Niggurath! O castrón cun milleiro de crías...

Atoparon a Gilman no chan do seu cuarto abufardado de estraños ángulos bastante antes do amañecer, xa que o seu berro terríbel fixera acudir a un tempo a Desrochers, Choynski, Dombrowski e Mazurewicz, e mesmo sacara a Elwood do seu profundo soño sobre a cadeira. Estaba vivo e cos ollos abertos e alerta, mais semellaba inconsciente. No seu pescozo había marcas dunhas mans asasinas, e na súa perna dereita tiña unha terríbel trabada de rata. As súas roupas estaban esnaquizadas e o crucifixo que lle dera Joe desaparecera, ante o que Elwood sentiu un arrepío, temoroso mesmo de especular sobre que camiños tería tomado desta vez o somnambulismo do seu amigo. Mazurewicz parecía medio confundido porque segundo el recibira un sinal en resposta ás súas pregarias, e persignouse freneticamente cando ouviu os chíos dunha rata detrás da parede inclinada.

Cando o durminte foi colocado sobre o colchón no cuarto de Elwood, foron na procura do Doutor Malkowski, un practicante local que non había contar a ninguén nada que resultase embarazoso. Este meteulle a Gilman dúas inxeccións hipodérmicas que o fixeron relaxase dun xeito semellante ao sono normal. Durante o día, o paciente foi recuperando a consciencia a intres, nos que lle foi murmurando a Elwood anacos do seu último soño. Foi un proceso doloroso e desde o mesmo comezo foi descubrindo novos e desconcertantes feitos.

Gilman, cuxos ouvidos adquiriran unha anormal sensibilidade, estaba agora xordo como unha tapia. O doutor Malkowski, que fora convocado outra vez ás présas, contoulle a Elwood que ambos os dous martelos do ouvido estaban fracturados, como se recibisen o impacto dunha onda sonora dunha intensidade superior a toda concepción e aguante humanos. O como se puidera producir un son semellante nas últimas horas sen que ninguén no val do Miskatonic espertase, era algo que honestamente superaba o médico.

Elwood escribía a súa parte da conversa nun papel, de xeito que puideron manter unha boa comunicación. Ningún dos dous sabía que facer con todo aquel asunto caótico e decidiron que o mellor sería pensar o mínimo posíbel nel. Ambos os dous, no entanto, debían abandonar aquela vella e maldita casa en canto puidesen. Os xornais da tarde falaban dunha redada policial contra uns estraños cultistas nun val que había alén de Meadow Hill, xusto antes do abrente, e mencionaron que a pedra branca era un obxecto de culto desde había séculos. Non detiveran a ningún, mais entre os fuxitivos viran que había un enorme home de negro. Noutra columna aseguraban que non había nin rastro de Ladislas Wolejko, o neno desaparecido.

Mais o derradeiro horror chegou aquela noite. Elwood non o esquecería nunca e viuse obrigado a afastarse dos seus estudos durante o resto do curso, xa que sufriu unha crise nerviosa. Durante toda a tarde tivo a sensación de que había ratas detrás da parede, mais non lle fixo moito caso ao asunto. Despois, após retirárense a descansar Gilman e mais el, comezaron os atroces berros. Elwood deu un chouto, acendeu as luces e correu cara ao colchón do seu hóspede. O ocupante estaba emitindo uns sons de natureza completamente inhumana, como se estivese a ser sometido a un tormento alén de calquera descrición posíbel. Estábase a retorcer debaixo das sabas e unha enorme mancha comezaba a aparecer nelas.

Elwood apenas se atrevía a tocalo, mais aos poucos os berros e os tremores foron desaparecendo. Nese momento xa estaban congregados canda a porta Dombrowski, Choynski, Desrochers, Mazurewicz e o inquilino

do piso de arriba, e o caseiro mandou a súa muller a que telefonase o Doutor Malkowski. Todo o mundo deu un berro cando unha figura enorme e semellante a unha rata saíu de súpeto de debaixo das mantas ensanguentadas e correu polo chan até un novo furado da parede. Cando chegou o doutor e comezou a retirar aquelas horríbeis sabas, Walter Gillman xa estaba morto.

Sería unha barbaridade facer nada que non fose suxerir que fora iso o que matara a Walter Gilman. Literalmente cavaran un túnel a través do seu corpo e algo coméralle o corazón. Dombrowski, desesperado polo fracaso dos seus esforzos en envelenar as ratas, deixou de pensar nos cartos por unha vez e nunha semana mudouse xunto con todos os seus inquilinos a unha casa humilde pero menos vetusta de Walnut Street. O máis difícil nun primeiro momento foi manter calado a Joe Mazurewicz, xa que o supersticioso reparador de teares nunca estaba sobrio e sempre andaba a zanfonar e a murmurar sobre terríbeis criaturas espectrais.

Parece ser que naquela última noite terríbel, Joe detivérase a observar aquelas pegadas vermellas da rata que levaban do colchón de Gilman até o furado próximo. As que había sobre a moqueta eran bastante informes, mais había un anaco de chan sen cubrir entre o bordo da moqueta e o rodapé. Aló foi onde Mazurewicz descubriu algo monstruoso (ou iso pensou), xa que ningún outro puido darlle a razón a pesar da innegábel estrañeza das pegadas. Abofé que as pegadas do chan eran moi distintas ás que normalmente fai unha rata, aínda que nin Choynski nin Desrochers quixeron admitir que eran semellantes ás pegadas de catro pequenas mans humanas.

A casa non se volveu alugar. En canto Dombrowski a deixou, o predio comezou a cubrirse cun manto final de desolación, xa que a xente a evitaba en parte pola súa antiga reputación e en parte polo fedor que desprendía ultimamente. Se cadra o veleno que botara o antigo caseiro funcionara despois de todo, pois non pasou moito tempo tras a súa marcha, cando o lugar se converteu nun pesadelo para a veciñanza. Os funcionarios de Sanidade detectaron que o cheiro viña dos espazos fechados que había sobre o teito e detrás da parede oriental do cuarto abufardado e estiveron de acordo en que a cantidade de ratas mortas debía de ser enorme. Porén, decidiron que non era cousa súa abrir aqueles espazos e desinfectalos, xa que o fedor desaparecería axiña e a veciñanza estaba afeita a esa clase de cousas. Así e todo, difundíronse vagas historias na zona sobre cheiros inexplicábeis no ático da casa da bruxa que se producían xusto antes da véspera de maio e de Todos os Santos. Os veciños acabaron por aceptar aquela rutina, mais o fedor era un punto negativo a maiores para o lugar. Finalmente o inspector de Vivenda declarou a casa inhabitábel.

Os soños de Gilman e as circunstancias que os acompañaron nunca se explicaron. Elwood, cuxas ideas sobre todo o sucedido ás veces resultaban unha loucura, volveu á Universidade o seguinte outono e graduouse en xuño. Descubriu que na cidade os murmurios sobre aparecidos foran a menos e que, quitando algunhas historias sobre risos fantasmais na casa abandonada, que duraron tanto como o propio edificio, non se falou de novas aparicións da vella Keziah nin de Jenkin o Marrón desde a morte de Gilman. Foi unha sorte para Elwood non atoparse en Arkham ao ano seguinte, cando certos acontecementos anovaron de súpeto os murmurios sobre os horrores pasados. Abofé que soubo deles máis tarde e sufriu indicíbeis tormentos de negra e fantástica especulación, mais iso non era tan malo como estar fisicamente preto e ver as cousas directamente.

En marzo de 1931, un temporal arrincou o tellado e a gran cheminea da agora baleira Casa da Bruxa, así que todo un caos de tixolos rotos, tellas denegridas e cubertas de brión, e anacos de taboleiros e trabes podres caeron no interior e atravesaron o piso. Toda a zona do ático estaba cuberta de entullo, mais ninguén se preocupou en tocarlle até que tocou desmantelar a decrépita estrutura. O último paso deuse no seguinte mes de decembro e foi cando o vello cuarto de Gilman tivo que ser limpado e recollido por un grupo de traballadores reticentes e aprehensivos que deron comezo aos murmurios.

Entre o lixo que caera a través do teito abufardado había certas cousas que fixeron que os obreiros parasen de traballar e chamasen a policía. Máis tarde a policía chamou polo xuíz e por algúns profesores da Universidade. Había ósos, terribelmente rotos e estalados, mais claramente recoñecíbeis como humanos, cuxa manifesta modernidade entraba en conflito co período remoto en que o único lugar polo que puideran subir aló (aquel teito inclinado) fora clausurado supostamente a todo acceso humano. O forense determinou que algúns deles pertencían a un meniño, mentres que algúns outros, que foron encontrados entre uns retallos podres de tea marrón, pertencían a unha muller de avanzada idade, considerabelmente pequena e chepuda. Unha coidadosa análise do entullo tamén revelou multitude de pequenos ósos de ratas que ficaran atrapadas durante a destrución do tellado e outros ósos de rata máis antigos, caracterizados por uns pequenos cabeiros, levantaron unha gran controversia científica.

Outros dos obxectos que se atoparon foron os fragmentos dispersos de moitos libros e papeis, mesturados cun po amarelado produto da total desintegración doutros libros e pregos aínda máis antigos. Todo isto, sen excepción, tiña que ver aparentemente con maxia negra na súa forma máis avanzada e horríbel, e a data tan

recente de determinados obxectos é aínda un misterio igual de irresoluto que o dos ósos humanos modernos. Un misterio aínda maior supón a completa homoxeneidade dunha escritura arcaica que se atopou nunha ampla variedade de papeis, cuxo estado de conservación e marcas de auga suxire unhas diferenzas de idade de entre cento cincuenta e douscentos anos, cando menos. Para algúns, así e todo, o maior misterio foi a variedade de obxectos tremendamente inexplicábeis que se atoparon esparexidos entre o entullo e en diversos estados de conservación. Obxectos cuxas formas, materiais, feitura e propósito, desafían toda conxectura. Unha destas cousas, que espertou un enorme interese entre os profesores da Universidade de Miskatonic, é unha monstruosidade en moi mal estado que se parecía claramente á estraña figura que Gilman doara ao museo da Universidade, agás polo seu tamaño e porque estaba fabricada dalgunha clase de peculiar pedra de cor azulada no canto de metal, e porque posuía un pedestal de estraños ángulos cuberto por xeroglíficos indescifrábeis.

Os arqueólogos e os antropólogos aínda están intentando explicar os estraños deseños cicelados na superficie dun cunco esmagado dalgún metal livián, cuxa cara interior aínda conservaba unhas ominosas manchas marróns cando fora atopado. Os estranxeiros e as avoas crédulas séntense igual de abraiadas ante o achado dun moderno crucifixo niquelado cunha cadea rota que apareceu mesturado co lixo e que foi identificado por Joe Mazurewicz como aquel que lle dera a Gilman moitos anos atrás. Algúns pensan que as ratas subiron o crucifixo ao ático selado, mentres que outros pensan que debía de estar xa no chan do vello cuarto de Gilman cando se producira o afundimento do teito. Mais outros, Joe incluído, aínda teñen teorías demasiado loucas e fantásticas para lles dar crédito.

Cando tiraron a parede inclinada do cuarto de Gilman, descubriron que o espazo triangular que había entre a parede interior e o muro norte da casa contiña moito menos entullo que o cuarto, aínda que había unha capa estarrecedora de materiais máis antigos, que paralizou os obreiros de horror. Basicamente, o chan era un auténtico osario de ósos de meniños, algúns bastante modernos, mais outros que se remontaban a períodos tan remotos que o oco estaba case cheo de todo. Sobre aquela profunda capa de ósos descansaba un coitelo de gran tamaño, evidente antigüidade, grotesca decoración e exótico deseño, sobre o que se acumulaba o entullo.

No medio deste entullo, atrapado entre un taboleiro caído e unha amalgama de tixolos e cemento procedentes da cheminea arruinada, había algo que estaba destinado a causar aínda maior abraio, medo velado e comentarios claramente supersticiosos en Arkham, que calquera outra cousa que se descubriu naquel enmeigado e maldito predio.

O obxecto era un esqueleto parcialmente roto dunha enorme rata, cuxas anormalidades estruturais aínda son tema de debate e fonte dunha singular reticencia entre os membros do departamento de anatomía comparativa da Universidade de Miskatonic. Moi pouca cousa saíu á luz sobre o esqueleto, mais os obreiros que o atoparon murmuran con abraio sobre o pelo longo e marrón que apareceu con el.

Os ósos das pequenas poutas, segundo se murmura por aí, tiñan características prénsiles, máis típicas dun mono diminuto que dunha rata, mentres que a pequena caveira cos seus tremendos cabeiros amarelos era sen dúbida o máis anormal de todo, pois desde certos ángulos mesmo semellaba unha parodia monstruosamente degradada dunha caveira humana. Os obreiros persignáronse de medo cando atoparon aquela blasfemia, pero máis tarde acenderon candeas para dar grazas na igrexa de Santo Estanislao, xa que aquela risa aguda e fantasmal que coñecían non se volvería ouvir nunca máis.



Título orixinal:
The Doom that Came to Sarnath, *The Nameless City*, *The Hound*, *The Festival*, *The Call of Cthulhu*, *The Dreams in the Witch House*.

Licenza do texto orixinal:
Dominio Público
Licenza da tradución:
CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:
Tomás González Ahola
Revisión:
Helena Bermúdez Sabel
Deseño de cuberta:
Denís Fernández Cabrera
Maquetación:
Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2010
1ª edición en ebook: 2020

Edita:
Urco Editora
R/do Avío 11, baixo
15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.

Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA *BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT*:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico
2. O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade
3. Nas montañas da loucura
4. A sombra sobre Innsmouth e O que asexa na escuridade
5. A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo
6. Fungos de Yuggoth. Poemas impíos
7. Contos do Ciclo do Soño
8. A procura soñada de Kadath a Descoñecida
9. O terror sobrenatural na literatura
10. Alén do muro do soño e outros contos macabros
11. Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes
12. As ratas nas paredes e outras historias de medo
13. A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais
14. O caso de Charles Dexter Ward
15. De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica

